

vilalba

A polémica volve á Pravia co cambio de dirección proposto por Vilalba Aberta. **Pax. 2**

as pontes

Destina 38.000 euros a axudas escolares e 180.000 para as asociacións. **Pax. 7**

friol

Único concello da provincia que aposta pola memoria do rural cun programa cultural. **Pax. 8**

guitiriz

Remata o proceso de restauración dos frescos da igrexa dos Vilares. **Pax. 12**

castro de rei

A capitalidade estará de festa desde o 14 e Castro Ribeiras de Lea en agosto. **Pax. 15**

A comarca prepara as citas de interese estival



feira da cantería.

Convocada para o día 16 na carballeira de Parga

festival de pardiñas.

Desenvolverase a fin de semana do 4 ao 6 de agosto

rumboia viva.

Estréase en Abadín o 29 deste mes este festival cultural

Configúranse as corporacións nos concellos

Entrevistamos a dous novos alcaldes, a de Rábade e o da Pastoriza, ambos do PP. **Pax. 16 e 21**

Constituído o Goberno provincial

José Tomé presidirá a Deputación, logo da toma de posesión dos novos membros da Corporación. **Pax. 25**

Escola de Bordelle



Este lugar emblemático de Vilalba festexou o seu centenario. **Pax. 5**

Carrilanas en Abadín



Regresa o 16 de xullo, tras tres anos ausente, a tradicional baixada. **Pax. 17**

Friol B



O equipo feminino completa unha gran tempada co ascenso a Primeira. **Pax. 26**

Novos sinais chegan ás vidas dos condutores

A Dirección Xeral de Tráfico introduce sinalización nova e actualiza e elimina outra. **Pax. 28-29**

¡Rebaixas!

Mesma calidade con prezos especiais.

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilalba
982 51 01 00

Av. Galicia, 91, As Pontes
981 451 504

981 451 504 / 982 51 01 00



A polémica volve á Pravia co cambio de dirección



O anuncio do cambio de dirección da rúa da Pravia tal e como anunciara durante a campaña non quedou sen polémica. O novo tenente de alcalde afirmou en campaña que unha das primeiras medidas que tomaría sería a de encargar un estudo técnico con vistas a mudar a dirección desta vía.

Esta decisión, que está pendente do estudo, non atopou no PP un grado de acordo. "Vilalba Aberta corríxe aos seus socios de goberno anunciando o cambio de sentido na circulación dos vehículos pola rúa da Pravia en dirección Lugo; cando o PSOE no pasado mandato defendeu a unidireccionalidade, pero en sentido Mondoñedo, que é no que está agora", apuntan os populares.

O BNG asegura que "será en base a algún informe técnico que avale a medida. O BNG descoñece esta circunstancia, mais, de ser así se nalgún momento teñen a ben compartilo con nós, estudáremolo e daremos a nosa opinión".

O BNG consultou cos técnicos da empresa que deseñou o actual

Plan de mobilidade "e argumentaron que o sentido de tránsito na Rúa da Pravia é o máis acaído globalmente porque ten como obxectivo principal reducir o volume de vehículos no centro da vila, circunstancia que en boa lóxica debería terse en conta".

Así mesmo afirman que "o goberno do PSOE e Vilalba Aberta ataca á historia e á cultura de Vilalba" coas obras que están a acometer na alameda e que supoñen "un adeus á súa emblemática fachada, cos recoñecibles bolardos que suman máis de 60 anos formando parte do casco urbano vilalbés".

PARROQUIAS. Modesto Renda anunciou que a primeira medida que tomará como responsable de obras no rural será escoitar á veciñanza de cada parroquia para que decidan eles as súas prioridades. "O meu xeito de traballar no rural será reunirme coa veciñanza "parroquia a parroquia", expoñer o diñeiro co que se conta no Concello e que sexan os veciños/as os decidan as prioridades".

Veleiro foi investida alcaldesa logo dun acordo con Vilalba Aberta

Os socialistas de Vilalba, Vilalba Aberta e o BNG, acordaron investir a Elba Veleiro como alcaldesa para o mandato 2023-2027, logo de asinar un pacto con Vilalba Aberta para gobernar o Concello nos vindeiros 4 anos.

Deste xeito cómprese o mandato dos vilalbeses e vilalbesas das pasadas eleccións municipais que maioritariamente apostaron para que sexan as forzas progresistas da esquerda ás que gobernen o Concello de Vilalba.

Neste proceso de acordo estivo sempre presente o BNG, aínda que declinou entrar no Goberno Municipal, comprometeuse a apoiar a investidura de Elba Veleiro. O documento de acordo foi asinado polo secretario xeral da Agrupación Socialista de Vilalba, Eduardo Vidal Baamonde e a presidenta de Vilalba Aberta, Mónica González Fernández. Nel recóllense os principios xerais de actuación, as medidas de aplicación transversal das distintas áreas de goberno, así como as medidas de acción programática a curto e medio prazo.

FUNCIÓNS. As áreas de goberno dos concelleiros de PSdeG-PSOE estarán presididas pola alcaldesa María Elba Veleiro Fernández, que tamén levará Deportes e Promoción da Saúde. Marta María Rouco Seoane será a encargada de Economía e Facenda, Servizos Sociais e Igualdade. Ademais, Eduardo Vidal Baamonde levará Servizos Públicos Municipais, Réxime Interno e Seguridade Cidadá. Paula Vigo Lamas ocupárase de



Feiras e Mercados, Educación, Infancia e Xuventude e Luis Fernández Álvarez de Infraestruturas Urbanas, Medio Ambiente e Espazos Naturais. Modesto Renda Santiso levará Urbanismo, Mobilidade, Infraestruturas Rurais e Desenvolvemento Industrial. Ademais Tamara Rodríguez López ocupárase de Cultura e María Xosé Fernández Pardo de Comercio, Turismo e Promoción da Lingua. Os tenentes de alcalde serán, por orde, Modesto Renda Santiso, Marta Rouco Seoane, Eduardo Vidal Baamonde, Tamara Rodríguez López e Luis Fernández Álvarez.

XUNTA DE GOBERNO. A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández, constituíu e presidiu xa a primeira Xunta de Goberno Local do novo mandato municipal, na que estableceu o carácter

semanal desta reunión.

A Xunta de Goberno Local está composta por Elba Veleiro Fernández, Modesto Renda Santiso, Marta Rouco Seoane, Eduardo Vidal Baamonde, Luis Fernández Álvarez e Tamara Rodríguez López.

"Comezamos un novo mandato, cunha acción de goberno dirixida a continuar implantando o modelo de concello que desexamos para Vilalba, no que os servizos e as infraestruturas públicas serán prioritarios", explica Veleiro.

Na primeira reunión aprobouse a relación fiscal do prezo público pola prestación do servizo de comedor na Escola de Educación Infantil; da propia Escola Infantil Municipal (mes de xuño), e do servizo de Madrugadores (mes de xuño). Tamén se aprobaron facturas de gasto corrente.

REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés



EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO



Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
ryramosloures

Rematan as obras de asfaltado en vías de Árbol e Corvelle

O Concello de Vilalba recepciónou varias obras rematadas para a rexección de vías nas parroquias de Árbol e Corvelle.

En concreto, os traballos realizáronse nas vías municipais que dan acceso aos núcleos de Moscarán, Grandaveila e O Fondal, na parroquia de Árbol, e no vial que acceso a Campelos, na parroquia de Corvelle.

Estes vías de acceso ós barrios e núcleos de poboación das parroquias teñen unha importancia fundamental para a circulación de vehículos lixeiros, pesados e maquinaria de todo tipo en dirección ás vivendas, explotacións agrogandeiras e parcelas agrícolas ou forestais.

DESBROCE. Comezaron as tarefas



de desbroce nas vías. Para realizar os traballos, o concello adxudicou recentemente mediante un procedemento armonizado o contrato do servizo desbroce das vías de titularidade municipal. A primeira fase será executada ao longo de 500 qui-

lómetros nas principais vías de comunicación do concello. No outono, haberá unha segunda fase na que se desbrozarán ata un máximo de 900 quilómetros, na que xa a anchura de desbroce será de 2.5 metros a partir dos bordes das calzadas.

Publicadas ordenanzas de xestión de axudas e do comedor da EEI

Veñen de facerse públicas dúas novas ordenanzas. Unha delas é a reguladora de subvencións e axudas. O Concello de Vilalba publicou a ordenanza sobre axudas para responder adecuadamente ás necesidades que a tramitación das subvencións das Administracións públicas esixe actualmente nos aspectos de transparencia, control financeiro e réxime sancionador, segundo explicou o Concello.

A Ordenanza Xeral de Subvencións contempla as actividades de tipo social, cultural, deportivas e outras, cuxas convocatorias son as máis frecuentes no ámbito municipal,

precisamente polo seu carácter complementario dos servizos públicos.

Por outra banda, tamén se fixo público o regulamento do comedor da Escola Infantil de Vilalba. Esta normativa ten por obxecto establecer as normas de organización e funcionamento deste servizo público básico, ademais de ser "un servizo educativo, complementario, compensatorio e social que constitúe un instrumento imprescindible para contribuír á conciliación da vida laboral, familiar e persoal das familias", como din desde o Concello.

Estrean en outubro 'Iribarne', a obra baseada na vida de Manuel Fraga

Iribarne, a nova creación escénica de Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira, directores da plataforma ButacaZero, xa ten data e lugar de estreo. O Centro Dramático Nacional (CDN) acollerá o xoves 12 de outubro a estrea absoluta da peza, que se mantendrá no cartel do Teatro María Guerrero ata o 12 de novembro, para iniciar en xaneiro de 2024 a súa xira pola xeografía galega e o resto de España. *Iribarne* naceu como un proxecto de investigación escénica ao redor da vida e do percorrido político de Manuel Fraga Iribarne coa intención de entender non só a súa figura, se non descubrir as implicacións que tivo e segue tendo.

Convoca as axudas para a compra de material escolar en infantil

O Concello de Vilalba anuncia as bases das axudas para adquirir material escolar dirixidas ás familias con nenos/as en Educación Infantil, entre os 3 e os 6 anos, no curso escolar 2023-2024.

"As axudas destinaranse á adquisición de libros e material escolar para o alumnado matriculado nos centros públicos do municipio, unhas axudas importantes coas que o Concello de Vilalba colabora cunha franxa de idade que non ten acceso ás subvencións doutros organismos públicos",

explica Marta Rouco, concelleira de Servizos Sociais.

O prazo para presentar as solicitudes, no Rexistro do Concello, é ata o 19 de xullo.

Para a concesión das axudas, establécense dous grupos en función das rendas das familias solicitantes, de acordo aos baremos incluídos na convocatoria. Deste modo, haberá un grupo de renda ao que se lle concederá unha axuda de ata 100 euros, mentres que noutro grupo a axuda será de máximo 75 euros.

O SLG advirte sobre a transformación de parcelas de rústicas a urbanas no Catastro

A sede electrónica do catastro publicou un edicto de regularización catastral que afectaría a sete concellos da provincia de Lugo, mediante o cal as persoas con propiedades situadas nos municipios de A Pastoriza, Baralla, Cervantes, Folgoso do Courel, Láncara, Trabada e Vilalba pasarán a pagar un IBI urbano por fincas que até o de agora eran consideradas como rústicas. Este proceso simplificado de valoración colectiva implica tamén a aplicación retroactiva deste IBI urbano, polo que as persoas titulares das fincas terían que abonar os últimos catro anos.

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) vén de

dirixirse ao concello de Vilalba para trasladarlle que foron realizadas consultas ao respecto con traballadores/as municipais a fin de coñecer as implicacións desta modificación, así como para solicitar onde poder consultar a listaxe de persoas afectadas, comunicándose que polo momento o Concello non ten acceso a estes datos.

Unha vez que se teña o listado, solicitan que a equipa técnica municipal informe ás afectadas das implicacións desta modificación, das alegacións que poden presentar unha vez lles sexa comunicada, así como das actualizacións e informacións que precisen sobre este procedemento.

<p>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES MECANIZADOS</p> 	<p>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p> 	<p>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</p> <p>JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS BZ TIMKEN bezarros S.A.</p>	<p>Y PARA TU JARDÍN...</p> <p>ZEPPELIN ANOVA DUCATI</p> 	<p>RYS SESACAR</p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

O BNG presentou o seu proxecto, no que aposta pola peonalización

O BNG de Vilalba presentou ante a veciñanza o seu plan de traballo para esta lexislatura, na que recuperaron un dos asentos da Corporación, da que levaban ausentes dúas lexislaturas e que ocupará Tino Alvite.

Segundo explicaron un dos primeiros obxectivos do partido é conseguir un acordo coas demais formacións políticas para a creación dunha plataforma plural na que teñan tamén presenza representantes da sociedade civil.

Anunciaron tamén que na primeira sesión plenaria, o BNG presentará unha moción coa solicitude da inmediata peonalización da Praza da igrexa, “paso imprescindible para elaboración dun plano de revitalización e de habitabilidade do casco histórico e da adquisición do solar que alberga o actual aparcadoiro das Pedreiras, na zona de Tras do Poxigo, para a futura construción

dun edificio con altura máxima ao nivel da Praza da igrexa que soporte un parque cun miradoiro con vistas á Madalena”.

O partido asegurou que ten autonomía e criterio propios e que non vai ser chave, nin xuíz ou mediador da política local, “non fomos elixidos para desenvolver esa función”. Presentaron tamén unha serie de puntos sobre os que van traballar e que sería a economía circular, sustentabilidade ecolóxica, soberanía alimentar e enerxética, dinamización do sector agrario, agrupamento voluntario de predios, aproveitamento do monte, turismo ecolóxico, recuperación do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía, actualización do PXOM, estudo e publicación da RPT, infraestruturas necesarias, dotación de terreo industrial, apoio para a modernización do comercio local, ou reversión de servizos públicos, entre outros.

Sandra Vázquez, nova secretaria Xeral de Igualdade na Xunta

Sandra López Rodríguez foi elixida por unanimidade entre os concelleiros populares da corporación local de Vilalba como nova portavoz do Grupo Municipal Popular que vén de constituírse formalmente trala toma de posesión dos concelleiros electos. López accede á portavocía tralo nomeamento por parte do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, da cabeza de lista da candidatura do PP en Vilalba, Sandra Vázquez, como nova Secretaria Xeral de Igualdade. Vázquez asegura que “o meu compromiso con Vilalba segue intacto. Agora traballarei por Vilalba e o resto de Galicia dende o Goberno galego”. Nese sentido, trasladou o seu agradecemento ao presidente Alfonso Rueda e á conselleira Elena Rivo. O PP de Vilalba cre firmemente que Sandra López, coñecedora do funcionamento dun Concello, desenvolverá un gran traballo á fronte do Grupo Municipal Popular. Co seu nomeamento, os populares continúan dando pasos á hora de achegar caras novas á vida política vilalbesa e de outorgar peso político ás mulleres e



ao rural da man desta moza da parroquia de Belesar de 34 anos de idade, mestra de Educación Primaria e funcionaria da Administración Local. Os demais concelleiros populares, que tamén compaxinarán as súas ocupacións profesionais co labor de representantes dos vilalbeses na Corporación municipal, serán vicevoceiros. O Partido Popular agradecerá a todos a súa vontade de traballo por Vilalba e os vilalbeses e, concretamente, sobre a voceira subliñan a súa boa disposición para asumir esta responsabilidade tendo en conta que “implica unha gran responsabilidade e dedicación”.

O Grupo Municipal Popular no seu conxunto desenvolverá o seu labor “tendo sempre en conta o mellor para Vilalba e os vilalbeses”. Nese sentido, Sandra López avanza que “desenvolveremos unha oposición útil e construtiva. Seguiremos mantendo unha escoita permanente coa sociedade, cos representantes dos distintos colectivos veciñais, sociais, empresariais, culturais ou deportivos e poñendo voz na Corporación municipal ás demandas ou necesidades do conxunto de Vilalba”. E, por outra banda, “seguiremos moi de preto a actividade do goberno bipartito, estudaremos as súas propostas e tamén seremos críticos con aquelas decisións que consideremos prexudiciais para os nosos veciños e veciñas”.

PISCINAS. “Vilalba queda, por quinto ano consecutivo, sen poder facer uso das piscinas municipais, compromiso do anterior goberno local socialista encabezado por Elba Veleiro”, indican desde o Partido Popular. “As obras das mesmas parece o conto de nunca acabar, mentres veciños/as e visitantes teñen que acudir cada verán a outros concellos para poder desfrutar deste tipo de instalacións que contribúen, en gran medida, á dinamización social e económica de calquera vila”, insisten.

Licitadas dez prazas de atención ao Alzhéimer no centro de día

A Xunta ten en contratación un total de 25 prazas de atención terapéutica en alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas nos concellos de A Coruña e Vilalba para este ano e os dous seguintes: 2024 e 2025. O orzamento deste contrato ascende a case 767.000 euros polos tres exercicios —preto de 462.000 euros no caso de A Coruña e algo máis de 305.000 euros no caso de Vilalba— e as entidades que xestionan centros

de día de alzhéimer nestes dous municipios teñen de prazo ata o día 14 do vindeiro mes de xullo para presentar as súas ofertas. Destas 25 prazas de atención en centro de día, 15 son para a Coruña e as 10 restantes para Vilalba. Ademais, o contrato inclúe 33 prazas para o servizo de transporte adaptado aos centros: 20 están contempladas no lote de A Coruña e as 13 restantes no de Lugo.



PRIMEIRO ACTO. A nova secretaria xeral da Igualdade, Sandra Vázquez, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou as tres empresas beneficiarias do programa Emega en Vilalba, a secretaria xeral sinalou que as mulleres emprendedoras poden cursar as súas solicitudes ata o próximo 7 de agosto. Na imaxe, visitando o centro Novalux.

SE TANTO A QUERÍAS, XA TES A FIBRA QUE MERECEAS

adamo
Fibra · Móbil · Fixo · TV

OFERTA
VECINOS
LUGO
NON A DEIXES
ESCAPAR!



Fibra
1.000 Mb
Móbil
50 GB

28€/mes
Durante 12 meses
44€/mes
192 € DE AFORRO!



ENGADE
adamo TV
TV POR 50
3€/mes
+100
canais

Chama gratis ao 900 651 679 ou configura o teu paquete en adamo.es

Oferta válida para novos clientes que non contrataban Adamo nin utilizaban 3 meses e que contrataban entre 01/06/2023 e o 23/08/2023, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST+ Móbil ilimitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só paga os 28€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e taxa de IVA incluídos. Promoción suxeita a permanencia dos servizos de Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que a oferta suxeita a cancelación do servizo e se debe de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Límites adicionais limitados a un máximo de 4 por cliente.

Revivindo o pasado recente

A Escola de Bordelle celebrou o centenario da súa inauguración

A escola de Bordelle celebrou o centenario da súa inauguración nunha xuntanza á que acudiron máis dun centenar de persoas. Esta xornada tan especial coincidiu coa reunión de socios que realizan todos os anos dende a Asociación Cultural Casa Escola de Bordelle e onde ademais dunha comida os participantes puideron desfrutar de xogos tradicionais, música en directo e un pequeno agasallo conmemorativo a cada asistente. Algúns dos participantes acudiron á celebración vestidos de época e malia a treboada e a saraiba foi unha xornada chea de ledicia.

A escola foi unha centro de ensino veciñal, construída polos veciños do barrio de Bordelle ao longo dos anos e que pechou as súas portas como centro educativo a comezos dos anos oitenta. Sen embargo hai 14 anos un grupo de veciños decidiron dar comezo á Asociación Cultural Escola de Bordelle que nace como unha asociación cultural e veciñal co principal obxectivo de recuperar o edificio da escola, que nese momento estaba abandonado.

Recuperar este espazo e reunir aos veciños eran os obxectivos deste grupo de persoas que deron vida á asociación e que a día de hoxe realizan cursos de manualidades, cursos de micoloxía ou ximnasia de mantemento. Tamén celebra o día das Letras Galegas cunha andaina, a noite de San Xoán, e o magosto e realizan unha excursión anual por terras galegas. Ademais, segundo informa o seu presidente, Óscar Mouteira “un par de días á semana un grupo de veciños reúnen no local para realizar diferentes xogos e charlar un rato”.

Unido á rehabilitación e recuperación da antiga escola esta asociación, da que forman parte 170 socios, ta-



mén ten como obxectivo principal manter e difundir o patrimonio do barrio de Bordelle como a Medoña do Estelo ou o acubillo da Pena Grande.

No 2018 grazas ao traballo desta asociación unido ao traballo do Mupav e en colaboración coa Asociación de Amigos do Museo de Vilalba inaugurouse un panel da Ruta do Patrimonio de Bordelle. Este panel inclúe diversos elementos do patrimonio natural e cultural desta zona entre os que destacan o acubillo Paleolítico de Pena Grande, a Medoña do Estelo, a Pena do Voitre, ou a Capela de Santiago.

Así mesmo, esta asociación tamén busca representar aos veciños en

todo o que necesiten diante das institucións e de cara ao futuro buscan “rematar de restaurar tanto o interior como o exterior da escola e seguir a mellorar o local” para que o podan seguir disfrutando todos os veciños.

Tamén teñen en mente realizar un “Centro de Interpretación do acubillo da Pena Grande e así ter algún proxecto e espazo para os restos prehistóricos onde poder dispoñer dalgunha copia das pezas orixinais que hai no museo da prehistoria de vilalba” e por suposto “continuar a realizar as actividades para todos os veciños, para que podamos estar xuntos e a escola poda seguir sendo un lugar de encontro e reunión”.

Presentan o novo sistema de intelixencia artificial para a oficina de emprego



A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, visitou a oficina de emprego para presentar os sistemas que este departamento está a implantar no Servizo Público de Emprego de Galicia. A Administración autonómica está a acometer un ambicioso proceso de modernización que, entre outras vantaxes, está a permitir casar oferta con demanda laboral, dando resposta ás necesidades de persoal traballador do tecido produtivo, e ofrecer, a través dun novo programa, unha atención personalizada aos colecti-

vos con maiores dificultades.

A titular de Promoción do Emprego, dunha banda, destacou as vantaxes da nova ferramenta tecnolóxica EMI (Emprego Intelixente), baseada na intelixencia artificial, que permitirá axustar en tempo real as demandas de man de obra do tecido produtivo aos perfís das persoas demandantes rexistradas polo servizo público. Este sistema, que se está a implantar con carácter piloto en tres oficinas (Cambados, Pontevedra e Ordes), estenderase ao resto de oficinas de emprego da comunidade autónoma.

Abre o proceso de ampliación do polígono

O DOG anunciou a aprobación inicial da modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento no parque empresarial Sete Pontes.

Esta modificación foi aprobada inicialmente polo pleno municipal de Vilalba o pasado 30 de marzo e trátase dun trámite previo imprescindible para a ampliación do polígono.

A modificación puntual sométese a información pública polo prazo de dous meses.

Durante o período de información pública quedará o expediente ao dispor de calquera que queira examinalo, para os efectos de que se presenten as alegacións que se consideren pertinentes.



CONCELLO DE CASTRO DE REI

FESTAS EN CASTRO RIBEIRAS DE LEA
4 - 5 - 6 - 7 DE AGOSTO

Venres 4
Gran Churracada veciñal
Verbena con Macrodiscomóvil HERMO

Sábado 5
Verbena con ALABAMA SHOW e GRUPO BEATRIZ

Domingo 6
Verbena con STEREO e CINEMA

Luns 7
Verbena con STATUS e COMBO DOMINICANO



FESTAS EN CASTRO DE REI
14 - 15 - 16 DE XULLO

Venres 14
CHURRASCADA POPULAR GRATIS

Sábado 15
Verbena con MERENGUE e GRUPO BEATRIZ

Domingo 16
Verbena con STEREO

HUME entrega os seus premios e convoca unha nova edición do concurso

A Asociación de Estudos Históricos das Pontes fixo entrega dos premios HUME na súa sétima edición do Certame de Investigación.

O pontés Miguel Ledo Roca e o luscense Enrique Tort Vázquez foron os gañadores este ano do VII Premio por dous traballos de divulgación da historia local.

O xurado acordou outorgar o primeiro premio, cunha dotación económica de 2.000 euros e a publicación da obra na próxima revista Hume, ao traballo La Pardo. Nel se fai unha recompilación da historia do colexio Nebrija Pardo Bazán, e que vai acompañado dun libro con fotografías.

Ademais, a asociación de Estudos Históricos e Sociais volveu convocar unha nova edición con prazo de presentación ata o 1 de decembro.

Configurado o goberno, con Valentín González Formoso á fronte

O Concello das Pontes aprobou en sesión plenaria, o funcionamento e a composición da nova organización municipal para os vindeiros catro anos.

Así, o pleno municipal fixou a periodicidade das sesións ordinarias, que se celebrarán cada dous meses, o primeiro mércores de cada mes impar, ás 09:30 horas.

No tocante ao reparto de áreas de goberno, contarase con catro grandes áreas. Antonio Alonso Román será o concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos; Ana Pena Purriños será a concelleira-delegada da Área de Industria, Emprego, Segu-

ridade e Atención Cidadá mentres que Elena López Seco será a responsable da concellería de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica e pola súa banda, Tania Pardo Cabarcos será a concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación,

Lorena Tenreiro Blanco asumirá a concellería de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías, dependente da concellería de Axenda Urbana e Roberto Rivera Rego será o responsable da área de Obras, Infraestruturas, Medio Ambiente e Medio Rural, dependente da concellería de Planificación Urbana

Tamén se nomearon aos tenentes



de alcalde, que serán, por orde, Antonio Alonso Román, Ana María Pena Purriños, Elena López Seco e Tania Pardo Cabarcos, así como a composición da xunta de goberno local, das comisións informativas e nomeáronse aos representantes do Concello das Pontes nos diferentes órganos colexiados.

Durante a sesión tamén se designaron aos voceiros dos diferentes grupos políticos. Así, polo PSOE repite

Lorena Tenreiro, polo BNG tamén repite Carmela Franco e María Dopico será a voceira do PP.

Asemade, tamén recibía luz verde a asignación económica que percibirán os membros do grupo de goberno. Serán tres dedicacións exclusivas; unha 47 460,11euros, outra de 38 271,49 euros e unha de 36 026,58 euros así como tres dedicacións parciais de 35. 595,80 euros cada unha.

Mellora na avenida da Habana

Comezou unha nova fase das obras de reposición de servizos e pavimentos na Avenida da Habana, no tramo comprendido entre os números 76 e 99, á empresa Ambientum Tratamiento Global del Medio Ambiente.

O proxecto permitirá mellorar os servizos de iluminación e saneamento e por outro lado a reposición dos pavimentos das beirarrúas e viario, configurando unha vía a nivel coa beirarrúa, dotando de total accesibilidade en todo o tramo a executar.

Así, crearase unha nova rede de recollida de augas pluviais separativa, nas dúas marxes do viario e proxéctase igualmente o cambio do



alumeado público, coa instalación de novos puntos de iluminación con tecnoloxía LED, sobre novos báculos dobres de 7 metros de altura.

As obras completaranse coa execución de novas beirarrúas, a dotación de mobiliario urbano e a reposición da sinalización horizontal e vertical.

Un programa interxeracional de voluntariado de talento

Vén de poñerse en marcha un programa de voluntariado de talento interxeracional que ten como obxectivo crear espazos de convivencia que permitan a aprendizaxe bidireccional entre as persoas maiores de 55 anos e as menores de 35 anos.

A través desta iniciativa, posta en marcha polo departamento de Benestar Social, búscase promover iniciativas solidarias dirixidas á veciñanza de maior idade, especialmente a aquela que se pode atopar unha situación de soidade non desexada para crear vínculos afectivos e sociais que beneficien as persoas par-

ticipantes no programa.

O proxecto, que consta de cinco fases, arrancou no mes de xuño cunha rolda de contactos co tecido asociativo da vila para analizar a realidade do voluntariado sénior e xuvenil nas Pontes e coñecer o interese da poboación en participar como voluntarios ou voluntarias para desenvolver iniciativas solidarias.

As persoas interesadas en formar parte deste programa poden solicitar máis información e inscribirse no número 981 90 59 77 ou enviar un correo electrónica a nuria.freire@servalos.org.

CONSTRUCCIÓN

Servicio de camións grúa para transporte de materiais e áridos para particulares e empresas.

Retroexcavadora de una tonelada para trabajos de difícil acceso e interiores de casas.

- DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN
- FONTANERÍA
- ELECTRICIDAD
- COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA
- MOVIMIENTO DE TIERRA
- REFORMAS INTEGRALES
- RETRO Y MINI EXCAVADORAS
- ALBAÑILERÍA
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS



Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional



AVDA. GALICIA 11 - VILALBA
Tfmo.: 633 305 451 / 982 162 919
info@intergallego.com

MULTITIENDA

Nueva multitienda en Vilalba, donde encontrará inciensos de la India, cartas de tarot, péndulos de cuarzo, gemas, aceites para dolores, regalos, aromaterapia, bisutería desde 1€, jabones artesanales, bombitas de baño, champú sólido, bolsos, productos espirituales, velas con oraciones, talismanes, amuletos, pulseras y colgantes protectores, spray auricos, fregasuelos espirituales etc.

Distribuidor oficial y exclusivo en Vilaiba de CBD

Horario de lunes a viernes de 9:30 a 13:30 y de 16:30 a 20:30h.

Sábados de 9:30 a 13:30h.

Domingos de feria de 10 a 14h.

A planta de Ence foi declarada proxecto estratéxico industrial

A Xunta de Galicia declarou Proxecto Industrial Estratéxico (PE) a iniciativa que Ence – Enerxía e Celulosa estuda poñer en marcha nas Pontes: unha bioplanta para a produción de fibra branqueada recuperada e biomateriais.

A compañía presentou, o pasado mes de abril, a solicitude formal ante a administración autonómica para que a primeira fase deste proxecto declarácese PÉ; solicitude que agora foi aprobada. A primeira fase desta bioplanta para a produción de fibra branqueada recuperada e biomateriais cumpre con todos os requisitos do artigo 78 do Decreto Legislativo 1/2015 para ser

declarada Proxecto Industrial Estratéxico.

A declaración xustifícase pola importancia deste proxecto pioneiro en materia de industria, emprego e desenvolvemento da bioeconomía. Neste sentido hai que lembrar que a primeira fase deste proxecto supón a posta en marcha dunha planta de reciclaxe de papel e cartón, dando unha nova vida a estes materiais, de forma plenamente aliñada coa economía circular.

A bioplanta constitúe unha iniciativa empresarial que alcanza, nesta primeira fase, un volume de investimento de 125M€, a creación de 120 postos de traballo directo.



Os mantecados buscan entrar no rexistro de Artesanía Alimentaria

A concelleira de Promoción Económica, Elena López, xunto a Xoán Miguel Concheiro, representante do Departamento de Protección de Calidade Diferenciada, da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), mantiveron un encontro cos produtores e produtoras de mantecados nas Pontes para darlles a coñecer o trámite e procesos precisos para inscribir este produto local no rexistro de Artesanía Alimentaria así como os pasos necesarios para que cada unha das empresas produ-

toras se poida inscribir no rexistro de persoas artesás.

Este encontro é froito do traballo posto en marcha polo Concello no ano 2021, e no que participaron a Panadería Viúda de Domingo López, a Panadería Hermanos Díaz, a Pastelería Artesana Mari e Artesanía Pontesa do Mantecado, co obxectivo de lograr o selo de Artesanía Alimentaria para os mantecados das Pontes. A inscrición dos mantecados neste rexistro garantirá que a produción dos mesmos é artesanal.

As Pontes destina 38.000 euros a axudas escolares e 180.000 a asociacións

O Concello das Pontes destinará 38.000 euros ao programa municipal de axudas para a escolarización, dirixidas a atender os gastos orixinalos polo inicio do curso escolar 2023-2024.

Estas achegas están destinadas a atender os gastos de adquisición de libros e material escolar ou informático do alumnado de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Ciclos Formativos do municipio e alumnado do Conservatorio de Música Profesional das Pontes.

No caso do alumnado de Educación Infantil, de 0 a 3 anos, a axuda poderá alcanzar os 30 euros. Para Educación Infantil, de 3 a 6 anos, a contía elévase a 100 euros, ao igual que para Educación Primaria e Secundaria. Os ciclos Formativos e o Bacharelato subvencionaranse con ata 140 euros e o alumnado matriculado en FP básica recibirá axudas de 80 euros mentres que o alumnado do Conservatorio de Música Profesional das Pontes recibirá 40 euros no caso de cursar grao elemental e 60 euros se cursa o grao profesional.

O prazo para solicitar estas axudas remata o día 19 de xullo. Doutra banda, para todo aquel alumnado que por obrigação teña que formalizar

a matrícula en setembro, abrirase un prazo extraordinario do 18 ao 29 de setembro de 2023.

ASOCIACIÓNS. Por outra banda, destinará 180.000 euros ás achegas destinadas ás entidades sociais do municipio no ano 2023, un 6% máis que o ano anterior.

Estas subvencións están dirixidas ás entidades sociais, sen ánimo de lucro, inscritas no rexistro de asociacións de Galicia, no rexistro de Asociacións do Concello das Pontes e que desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial do concello ou sobre temas de interese para o municipio das Pontes.

A través destas achegas as entidades solicitantes poderán cubrir os gastos derivados das actividades que leven a cabo durante o ano 2023. Así, serán subvencionables os gastos derivados da organización e realización das actividades; o material fungible non inventariable relacionado directamente con ditas actividades, seguros de responsabilidade civil e accidentes, retribucións a persoal técnico, os gastos correspondentes a colaboradores colaboren impartindo algunha actividade, curso, etc, de forma esporádica, etc.



IGUALDADE. A Rede pola Igualdade das Pontes, espazo concibido para a reflexión e debate cidadá en materia de igualdade creada a finais do ano 2022, segue avanzando e consolidándose mediante a realización de novas actividades. Nesta ocasión, tras ser acordado no último dos encontros celebrados, realizouse unha xornada participativa con finalidade formativa denominada “Tecendo a rede pontesa en prol da igualdade”.

EN BREVE

MAIORES. Dende o Concello das Pontes están a realizar un estudo sobre as necesidades das persoas maiores, para o que programaron dous encontros participativos. Estes encontros realizaranse o xoves 20 de xullo na Casa da Cultura Doutor Dopeso dirixidos a persoas maiores: un deles ás 11:00h e o outro ás 16:00h. Para participar, hai que inscribirse a través deste enlace. Tamén pódese enviar un correo electrónico a maiores.aspontes@gmail.com ou chamarnos ao teléfono 604.025.160.

VELA. Xa está aberto o prazo de inscrición para participar nos campamentos de vela organizados pola Deputación da Coruña. Esta iniciativa está dirixida aos nenos e nenas, empadroados no Concello das Pontes, nados entre o 1 de xaneiro de 2005 e o 31 de decembro de 2014, ambos inclusive, sendo imprescindible que saiban nadar. As solicitudes deben recollerse antes do 19 de xullo. A formación desenvolverase entre o 31 de xullo eo 4 de agosto, en horario de mañá e tarde.

INGLÉS. Está aberto o prazo para inscribirse nos campamentos de inglés que organiza o Concello durante os meses estivais, nos que xa participaron máis de dúas centenas de rapaces e rapazas da vila. Haberá 3 quendas de 30 prazas por quenda, e serán dende o 26 de xullo ata o 5 de setembro, en horario de 9:30 a 14:00 h., a primeira quenda vai do 26 de xullo ata o 8 de agosto, a segunda queda do 9 ao 23 de agosto e a terceira quenda do 24 de agosto ao 5 de setembro. Haberá 10 prazas, por queda para 1º e 2º de primaria, 10 prazas para 3º e 4º de primaria e outras 10 prazas, por queda, para 5º e 6º de primaria.

CLUB FLUVIAL. O Club de Vela Fluvial As Pontes iniciou os Campamentos de Vela 2023 no lago das Pontes dirixidos a nenos a partir de 7 anos que teñen como requisito saber nadar. Mantense o formato de campamentos semanais de 20 horas (4 horas diarias), de lunes a viernes. Aderradeira semana será a que vai dende o 28 de agosto ate o 1 de setembro. Para os non socios cada semana de curso terá un prezo de 75 euros.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”



APROVECHA LA OPORTUNIDAD
SOLO HASTA FIN DE EXISTENCIAS

+ 3.000 m² AZULEJOS
PORCELÁNICOS 6€ +IVA

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

pol



RESIDENCIA. Usuarios e persoal do Centro de Atención a Miores (CAM) de Pol celebraron o cuarto aniversario da residencia. Entre as actividades organizadas, os residentes fixeron un bingo musical, talleres culinarios, unha cata sorpresa e unha formación de macetas coas familias. Gozaron da música e do baile coas Mulleres Rurais cunha saída á carballeira.

O Partido Popular solicita a gravación dos plenos

O voceira do PP de Pol, Nicole Grueira, solicita ao alcalde que “comece a gravar as sesións plenas facéndoas públicas” como exercicio de transparencia. Deste xeito, “os veciños e veciñas poderán ver a realidade: o autoritarismo do rexedor socialista”.

Grueira, que asistiu como concelleira ao primeiro pleno do mandato, sinalou que “a experiencia non foi boa: encontreime cunha situación moi peculiar”. A popular indica que o alcalde “impediu que intervirá deixándome sen posibilidade de explicarme. Esta falta non era necesaria”.

“Estamos en pleno século XXI, pero con accións coma estas parece que nos quedamos nos séculos pasados, onde prevalecía o autoritarismo”, manifesta. “Non se lle pode cortar a palabra a un concelleiro que, nos plenos, representa aos veciños e veciñas de Pol”.

Pol recibe de novo o servizo Coidados porta a porta

Pol recibirá os días 14, 17, 18 e 19 de xullo a visita da unidade móbil de Coidados porta a porta, a iniciativa financiada a través dos Fondos Europeos Next Generation para achegar aos maiores de 55 anos as consultas de audiología, podología e estimulación da memoria. O servizo estará situado na praza de Galicia de Mosteiro entre as 9.00 e as 20.00 horas. Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unha banda, un servizo de podología. Faise unha consulta básica de podología; unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de durezas, calos e helomas.

As persoas interesadas poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal.

Friol, único concello da provincia que aposta pola memoria do rural

O vindeiro 18 de xullo chega a Friol o proxecto Cántame un mundo. Un percorrido no que catro narradoras orais galegas xiran polas vilas e aldeas de oito concellos para escoitar e recoller as historias de vida acontecidas nas rúas, camiños, prazas e lugares memorables de cada poboación. Unha iniciativa que nace coa intención, segundo explicou a equipa de Cántame un mundo, de “preservar e gardar para o futuro unha parte do patrimonio inmaterial da nosa cultura, é dicir, aquelas historias transmitidas oralmente de xeración en xeración”.

En Friol, único concello da provincia que participa no proxecto, a xira comeza o 18 de xullo, ás 12.30, no salón de actos do Concello cunha sesión de Contacontos, foro e recollida de historias ca rapazada do lugar. Pola tarde, ás 17.30 terá lugar o Obradoiro Contamos o noso mundo, no Local Colaborativo, para compartir historias de Friol. As narradoras avisan: “Traede fotos antigas que teñades; do cine, da sala de festas, vosas de pequenos e pequenas, todo o que queirades”.

Campamentos de verán

O Concello de Friol opta por celebrar unha nova edición dos campamentos de verán, onde haberá unha gran parte da programación dedicada ao deporte con atletismo, teatro, movemento rítmico, deporte, piscina e xogos cooperativos.

A inscrición pode realizarse nas oficinas do Concello de Friol, ou tamén a través do correo electrónico info@concellodefriol.es. As prazas



Ao día seguinte, o 19 de xullo, ás 11h no centro de día de Friol, terá lugar o Contacontos, foro e recollida de historias cas persoas maiores, unha das actividades máis importantes para garantir a pervivencia de historias, lendas e mitos da zona.

Coa idea de poñer en común a información das actividades anteriores e seguir recollendo historias, o 20 de xullo, ás 19.30h no paseo fluvial, na baixada pola Casa do Grande de Friol, realizarase o Encontro da palabra para toda a veciñanza. Alí, nun ambiente festivo con petiscos, música e contos, segundo nos din as narradoras “recuperarase o espazo

público para a xente e creárase o diálogo entre as vellas e as novas tecnoloxías, se traedes as vosas fotografías antigas en papel ou no móbil”.

Para pechar a xira en Friol, o sábado 22 de xullo, ás 11.30h, realizarase o Roteiro da memoria, unha pequena andaina con saída da Praza Andón Cebreiro de Friol que teatralizará resumidamente algunhas das historias máis relevantes de Friol, percorrendo os lugares nos que sucederon aquelas historias.

Durante os meses de xuño, xullo e agosto, a equipa de Cántame un mundo, integrado polas narradoras Alba de Vales, Carmen Domech, Olga Abad e Raquel Queizás, promoverá máis de 40 actividades e encontros entre as protagonistas deste proxecto, a veciñanza de cada un dos 8 concellos participantes: A Baña, Boborás, Dodro, Friol, Rois, San Cristovo de Cea, Touro e Vilarmajor, todas elas localidades de menos de cinco mil habitantes. A xira realízase en zonas pouco poboadas, onde pervive unha cultura enraizada ca natureza, as tradicións e cos coñecementos ancestrais.



cubriranse por orde de inscrición, e terán preferencia os veciños e veciñas de Friol.

Esta actividade, que xa comezou, rematará o 31 de agosto. Realizarase en horario de mañá, dende as 10.00 ata as 14.00 horas para os participantes con idades entre os 4 e os 14 anos.

O prezo do campamento será de 60 euros ao mes para os veciños e de

40 para os irmáns. Para os de fóra o prezo sobe a 125 euros e 85 para irmáns.



constru fer

Saneamentos, construción
y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf.: 982 511 200

MATERIAIS
DE CONSTRUCIÓN Y SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Plusquartz, Brique y Jante CARLOS

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

Santos reparte responsabilidades entre o seu equipo no Goberno

O pleno aprobou o nomeamento das funcións dos concelleiros que forman parte do Equipo de Goberno e traballarán no Concello de Friol durante o presente mandato.

O equipo de Goberno está formado por concelleiros que xa traballaron nos últimos catro anos como son Ángeles Buján, que repite como delegada da Alcaldía, e con máis peso no goberno, nomeándoa tamén delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Turismo e Sanidade, Santos eleva a Enrique Barreiro a Tenente de Alcalde, así como tamén exercerá como delegado de Emerxencias, Servizos Rurais, Traballo e Novas Tecnoloxías; Julio Cortiña López que repite como Delegado de Obras, Feiras e Mercados; Nuria Vázquez será a delegada de Economía e Facenda; como nova incorporación Felipe Barata que comeza a traballar no novo equipo de goberno exercerá como delegado de Deportes, Participación Cidadá e Mobilidade; Juan Carlos Casal que pasa a ser delegado de Urbanismo, Vivenda e Patrimonio. Pilar López que exercerá como delegada



de Educación, Infancia e Igualdade; Juan Varela será o novo delegado de Medio Rural e de Medio Ambiente e Nerea Campo Fariñas encargárase de ser delegada de Xuventude, Festas e Atención Cidadá.

Por tanto, o rexedor practicamente mantén o mesmo organigrama que tiña na anterior lexislatura, aumentando as novas delegacións, como son as de participación Cidadá e Mobilidade, tamén continúa coa delegación da Alcaldía que a ostentará Ángeles Buján que xunto con Enrique Barreiro coa primeira tenen-

cia de alcaldía convértense en dous piares fortes e importantes do novo Goberno de Santos.

O alcalde asegurou que “este equipo de Goberno é a mellor garantía de futuro para Friol, un grupo que traballará arreo e intensamente para cumprir os obxectivos que temos marcados na folia de ruta, para que Friol mellore e avance en todos os sectores que temos implantados, e sobre todo que os veciños e veciñas poidan desfrutar dunha mellor calidade de vida e para seguir dando a coñecer ao municipio no exterior”.

A rapa das bestas terá lugar o 30 de xullo

A comunidade do monte veciñal de Carballo convida a todo o mundo a participar e gozar da súa tradicional Rapa das Bestas, que se celebrará o 30 de xullo.

A festa adoita comezar coa subida das bestas ao curro a primeira hora da mañá. Para elo, xente a pé, cabaleiros e amazonas saíran na súa busca polo monte, para posteriormente conducilas ao curro. Separando os poldros, dará comezo o gran espec-

táculo da pelexa corpo a corpo entre aloitadores e bestas, na que prima o bo trato aos animais e na que se aproveita a ocasión para realizar os axeitados tratamentos sanitarios. Rematará co recoñecemento aos aloitadores e cabaleiros que participaron.

A tarde resérvase para as carreiras de galope, a intrépida xincana e a beleza técnica das carreiras de andadura que darán fin a xornada.



FESTA DO MAIOR. Un ano máis, o pavillón de Friol acolleu a celebración do Día do Maior cun xantar no que participaron centos de veciños, que puideron desfrutar dun menú galego en plenas festas patronais.

XXVIII FEIRA DA CANTERÍA, CALLOS E ARTESANÍA

16 de Xullo 2023 PARGA

8:30h- Apertura XXV Certame Canteria

10h- Apertura Mostra Artesanía e exposición Galiña Piñeira (AGALPI)

11h- Actuacións:

- Grupos Municipais (Banda de Música, Grupo de Gaitas, UNED senior)
- Na Casa Zoqueiro

13:30h- Peche Certame Cantería e Pregón



14h- Fallo do xurado e entrega de premios

16h- Campeonato Galego Andadura Federada 2023

- Cabalos Xovenes
- Menos de 150 serrada
- Menos de 150 chapeada
- Mais de 150 serrada
- SUB 16
- Mais de 150 chapeada



Organiza:

concello de
CUITIRIZ

FEIRA DE
PARGA
ASOCIACIÓN DE
VECIVOS DO CAMPO
DA FEIRA DE PARGA

Colabora:

DEPUTACIÓN DE LUGO

Comunidade do Monte Veciñal
de Vila Cuitiriz
do Concello de Parga

AGALPI
Asociación Galega para
a Promoción da
Artesanía e do Patrimonio
Cultural

“O programa das festas pénsase para todo o mundo”

Falamos con José Manuel Rus e Uxía Rodríguez Crecente, ramistas das festas de Muimenta



Que significado teñen as festas de Muimenta para os veciños?

É un momento para xuntarse coa familia e amigos, unha desculpa máis para celebrar e desfrutar cos seres queridos.

Como é e en que consiste o traballo do ramista?

A parte de xuntarse para programar e ver o que se vai a facer consiste en buscar a financiación. Nós fixémoslo a través da lotería de Nadal e lotería de Reis. Tamén recuperamos un debuxo das festas do ano 1992 para facer camisetas, suadoiros e bolsas que estivemos vendendo.

Trabállase durante todo o ano?

Pois comezamos coa lotería de Nadal, e despois cas camisetas e os suadoiros. O momento forte é a finais de maio que é cando pedimos polas casas pero a realización do programa e os concertos están dende maio do 2022 así que para a contratación si que traballamos a un ano vista.

Que é o que máis gusta e a parte principal da festa?

A sesión vermú, onde se xunta toda

a xente coas súas mellores galas.

Foi fácil volver ao costume das festas trala pandemia?

Si, xa se celebraron o ano pasado, polo tanto nós xa collemos o relevo.

Como se escolle aos ramistas das festas?

Pois están sorteados desde o ano 1995, dividiuse a parroquia en catro cuartos e cada ano é un veciño de cada cuarto.

Como se subvencionan?

Ademais da colaboración dos veciños contamos coa colaboración do Concello, da area de Cultura de Deputación e da Xunta de Galicia.

Como é de fácil a recadación?

Non hai queixa, vaise levando ben. Ademais este ano por primeira vez se non estaban os veciños deixamos unha carta cun número de conta e sorprendentemente houbo xente que ingresou, tivo bastante aceptación. Ademais como novidade este ano publicaremos todas as contas, para que a xente saiba como se financian as festas e de onde saen os cartos e tamén onde se gastan.

Gran éxito do concurso de tortillas de Muimenta, con 53 aspirantes

Gran éxito de público e participación no concurso de tortillas co que se abriron as festas patronais en Muimenta. Houbo 53 para o concurso e algunha máis que quedou fóra pero que tamén estivo na mesa presidencial.

A tortilla máis orixinal foi para o dúo formado por Enzo e Alma mentres que a máis sabrosa correspondeu a Roi Rodríguez. Tamén houbo premio para Xulia Díaz Prieto, a participante de menor idade, con 2 anos. e para Dominica Comendeiro, de 88, por ser a máis experimentada.

A que fixo Lucía García foi a máis grande, con 33 centímetros de diámetro, e a que fixo Marina Plana foi a máis pequena, con tan só 5 milímetros.



A Escola Infantil engade unha unidade máis e instala unha cociña

O Concello vén e facer públicas as listas de admitidos na Escola Infantil Municipal do Concello de Cospeito. Estas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello e no da propia Escola Infantil.

Como novidade o curso escolar 2023/24, que se inicia en setembro, contará cunha unidade máis na escola o que fixo posible a ampliación de prazas. Esta medida tomouse, como indicou o alcalde, “trala ampla demanda rexistrada este ano”. Por outra banda, o Concello de Cospeito explicou que fixo un investimento importante na escola o



que lle permitiu dotar de mobiliario de cociña á escola. Deste modo o Concello anunciou que neste curso substituirase o servizo de catering polo servizo de cociña propia e

contará con persoal de cociña que preparará a diario os menús na escola para os nenos con produtos adquiridos no comercio de proximidade.

RENTA CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de: AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS - TURISMOS

¡Non esperes para facer a viaxe dos teus sonhos!

722 376 219 - 664 797 776

Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

ACEPTAMOS VALES DE COMPRA DE LAS AYUDAS PARA LIBROS Y MATERIAL ESCOLAR

RESERVA YA PARA EL PRÓXIMO CURSO TUS LIBROS DE TEXTO Y CUADERNOS

LIBRERÍA CAMPUS

C/ Orense, nº 82, Bajo.
27004 Lugo
Tel.: 604 001 116
libreríagalicia@librosmil.es

Ronda Mercedes 45-47 LUGO
Telf.: 982 284 705
libreriacampus@librosmil.es



Centros
Integrados
Formación Profesional

**Nova oferta
23/24**

AS MERCEDES



**OFERTA
ORDINARIA**



**OFERTA
ADULTOS**



**CURSO
ESPECIALIZACIÓN**



**FP
DUAL**

Se tes experiencia laboral, pero ningún título que a avale, podes obter un certificado oficial que valide a túa competencia profesional en toda España.



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL



Unión Europea
NextGenerationEU



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



FORMACIÓN
PROFESIONAL

+INFO

cifpasmercedes.org/oferta-formativa

Parga acolle o domingo 16 a Feira da Cantería

O Concello de Guitiriz organiza o domingo 16 de xullo, xunto coa asociación da Feira de Parga, a edición número XXVIII da Feira de Cantería, Callos e Artesanía, que terá lugar na Carballeira de Parga. A xornada dará comezo ás 08:30 horas coa chegada dos canteiros e a elección de pedras co lanzamento de Bombas e apertura do XXV Certame de Cantería, para posteriormente, ás 10:00h, realizará a apertura da mostra de artesanía.

Ás 11.00 horas terá lugar a actuación dos grupos municipais de música, como a Banda de Música, Grupo de Gaitas, e a UNED Sénior. Tamén haberá actuación do grupo Na Casa Zoqueiro.

Ás 14:00 horas realizarase o peche do certame de Cantería coa entrega de premios

Pola tarde está previsto o Campionato Galego de Andadura Fe-



derada 2023, con premios para as categorías cabalos xóvenes, menos e máis de 150 serrada e chapeada e sub 16.

Durante a xornada tamén haberá venda de callos.

A presentación completa do evento terá lugar o próximo xoves, 13 de xullo.

Remata o proceso de restauración dos frescos da igrexa dos Vilares

A igrexa de San Vicens dos Vilares xa ten rematados os traballos que se levaron a cabo nas pinturas murais a través dunha achega de case 70.000€ por parte da Xunta.

O resultado foi presentado á veciñanza cunha xornada de portas abertas coa participación dos profesionais da empresa CREA Restauración, responsable de obra impulsada pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

O proxecto pretende garantir a conservación dos murais do segundo terzo do século XVI mediante a limpeza da superficie para devolverlle ao conxunto a uniformidade perdida. Para iso as tarefas inclúron controlis biolóxicos, protección de policromías, eliminación de



morteiros e a consolidación dos estratos murais.

A actuación engadiu tamén a eliminación de cales e a restauración da policromía mediante traballos

de fixación, limpeza e reintegración. Por último instalouse unha nova iluminación ornamental que responde ás necesidades deste conxunto.

A veciñanza denuncia o peche do centro médico en agosto

A asociación veciñal #Parganonsedivide lamenta que volvan quedar sen atención sanitaria durante o mes de agosto, o mes de maior actividade. Dende a asociación #Parganonsedivide esixen da Xerencia da Área integrada de Lugo- Mariña que dea marcha atrás no peche do Consultorio de Parga durante todo o mes de agosto e cualifican a medida coma "unha nova tomadura de pelo á cidadanía de Parga sen xustificación algunha que nos deixa sen atención sanitaria durante o mes de agosto, no que aumenta a poboación e a actividade e, polo tanto a demanda de atención."

Dende a plataforma lamentan que os usuarios e usuarias do Centro Médico se informaran "por unha

nota colgada na porta por parte dos traballadores que non ofrece ningunha explicación, mentres os responsables desta situación: A Xerencia do Sergas e os seus responsables políticos do PP agochan decisións políticas de recortes sanitario coma meras incidencias administrativas e de persoal. A dotación de persoal sanitario para reforzar períodos de maior intensidade ou cubrir baixas e vacacións depende directamente de decisións políticas, adoptadas nos despachos do Sergas e da Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza, e, podemos comprobar estes anos como estas decisións ían encamiñadas a unha redución sistemática que non se corrixiu ao rematar esta a pandemia".

Pardiñas prepárase para a súa cita de agosto

Xermolos prepárase para celebrar a partir do día 4 de agosto o Festival de Pardiñas, que chega á XLIV edición.

Co programa aínda sen presentar xa se sabe que Sabela Núñez Singala pregoará o 6 de agosto esta cita coa música.

Novamente haberá cantos de taberna, concertos, carreira popular, Mostra de Artesanía e de instrumentos, entre outras moitas sorpresas.

No apartado musical xa se coñecen algúns dos artistas presentes como Caamaño&Ameixeiras ou Calle Mambo.

Aproveitarase a ocasión para entregar os premios do XLIV Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, un concurso vinculado ao Festival de Pardiñas. Neste concurso participaron nas especialidades de contos, debuxo, poesía, teatro,



documentais, fotografía, cómic, murais, graffiti, vídeo-creación, improvisación oral, regueifas e rap.

Os premios van ser entregados o domingo, ás 7 da tarde no Campo da Feira. Toda esa xornada vai haber actividades coma música, obradoiros, graffiti, xogos, etc.

'El último de Arganeo' e 'Donde irán' gañan o Festival de Cine de Roca

A asociación Xermolos e a veciñanza de Roca remataron unha nova edición do concurso de curtametraxes do Festival de cine de música de Roca. No día grande da celebración, déronse a coñecer os gañadores do concurso. Na categoría galega gañou *El último de Arganeo* e na internacional, *Donde irán*.

A galega é unha peza de David Vázquez Vázquez e *Donde irán*, de 2020 é de Egoi Suso Rius, con procedencia de España e Senegal.

Este ano preséntanse catro curtas na categoría de galegas, *A barqueira do Miño*, *Antes de que se poña o sol* e *A marquesiña* ademais da gañadora.

Nas curtas internacionais houbo outros cinco aspirantes: *Fortísimo*, *En tu vestido*, *Versos para rumiantes*, *Lobo* e *Pintar unha Guitarra*. A primeira é francesa e a segunda de Cuba, o resto do territorio español.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com



USC. Rematou o programa de seminarios de verán *Poética da paisaxe* que organizaron conxuntamente o Concello e a USC e que tivo lugar na Casa Habanera. As actividades contaron coa participación de 45 alumnos e alumnas. Un paseo polo bosque do Balneario foi o último acto da sesión, no que estiveron acompañados por Marisol Morandeira, alcaldesa.



BALNEARIO. Numerosas autoridades, entre elas o presidente da Xunta, asistiron ao acto de inauguración do Iberik Gran Balneario de Guitiriz. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira destacou o “desenvolvemento económico” que suporá este proxecto para o municipio.

O pleno aprobou a nova composición do goberno tralas eleccións de maio

No pleno extraordinario do Concello de Guitiriz presentouse e aprobouse a nova estrutura do goberno local e a organización que rexerá o funcionamento municipal de cara ao novo mandato.

Así, a alcaldesa, Marisol Morandeira, asumirá a área de Presidencia; a primeira tenente de alcaldesa, Paula Campo Barral, a área de Coordinación de Goberno, Réxime Interior e Medio Ambiente, o segundo tenente de alcaldesa, Iván Morado Corral, a área de Xuventude e Deportes; o terceiro tenente de alcaldesa, Carlos Buján López, a área de Medio Rural e Coordinación de Obras e Servizos nas parroquias; a concelleira Pilar Vázquez Ares a área de Promoción e Dinamización Económica (turismo, consumo, hostalería e comercio); ao concelleiro Ramón Rivas Villares a área de Cultura, Igualdade, Diversidade e Emprego; e á concelleira Sofía Sánchez Miragaya, a área de Integración, Promoción e Servi-

zos Sociais.

En canto ao réxime de dedicacións, aprobouse unha dedicación exclusiva para a alcaldesa e cinco dedicacións parciais para: a concelleira de Coordinación de Goberno, Réxime Interior e Medio Ambiente, o concelleiro de Xuventude e Deportes, o concelleiro de Medio Rural e Coordinación de Obras e Servizos nas parroquias, a concelleira de Promoción e Dinamización Económica e o concelleiro de Cultura, Igualdade, Diversidade e Emprego.

Tamén se aprobaron as retribucións dos membros da corporación por asistencia a órganos colexiados, quedando da seguinte forma: asistencia a Plenos, 90 euros; asistencia a Xuntas de Goberno Local, 150 euros; asistencia a comisións informativas, 60 euros.

Ademais, acordouse que se celebren as sesións ordinarias do Pleno da Corporación cada dous meses, o último xoves dos meses impares ás 19.30 horas.

Guitiriz arranca co seu programa de compostaxe comunitaria



O Concello de Guitiriz dá comezo ao seu programa de compostaxe comunitaria coa instalación de tres puntos onde a veciñanza pode levar os residuos orgánicos ou biorresiduos xerados nas súas vivendas e negocios.

As illas de compostaxe para a realización desta iniciativa comunitaria estarán no casco urbano de Guitiriz, unha na rúa Tralouteiro e outra fronte ao cuartel da Garda Civil, e en Parga, na avenida da Paz.

As persoas interesadas en participar neste proxecto recibirán, de forma gratuíta, un recipiente de 10 litros para o depósito dos biorresiduos, conxuntamente con un manual de compostaxe doméstica, poñéndose en contacto co servizo de Medio Ambiente no teléfono 982 370109.

concellodefriol.es

Un Paseo por el
Corazón Verde
de Galicia

CONCELLO DE
FRIOL

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

Margarita Ledo gaña o premio Luís Porteiro Garea, que recae por primeira vez nunha muller

A profesora emérita da USC Margarita Ledo Andiñón converteuse na primeira muller en gañar o premio Luís Porteiro Garea á promoción e uso do galego na Universidade de Santiago de Compostela. O xurado composto polo vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación, Gumersindo Feijoo; as profesoras Marta López Alonso, Rosa Crujeiras Casais e Rita Gradaílle Pernas, en representacións das comisións de normalización lingüística de Lugo, Santiago de Compostela e Claustro Universitario, respectivamente; e mais o responsable do Servizo de Normalización Lingüística da USC, Manuel Núñez Singala, decidiu outorgar o galardón por unanimidade á que fora catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade polo seu compromiso "incuestionable coa lingua galega" e que "atravesa de parte a parte a súa traxectoria vital e profesional". A entrega do premio terá lugar o vindeiro 29 de setembro nun acto institucio-



nal que se desenvolverá no Paraninfo da USC.

"Como decana puxo en marcha unha Facultade de Ciencias da Comunicación que liderou dende os seus inicios ata a actualidade o primeiro posto en canto a horas de docencia en lingua galega, unha presenza que se mantén ano a ano por riba do noventa por cento", subliñou o xurado. Ademais, Margarita Ledo ten dirixido máis dunha ducia de teses de doutoramento, a inmensa maioría delas en lingua galega e moitas relacionadas con cuestións relativas á cultura e lingua de Galicia.

O SLG pide axudas para afectados das treboadas



Os episodios de fortes treboadas con choiva e aparato eléctrico afectaron de xeito directo á produción de alimentos, presentándose casos de graves perdas ao longo de todo o territorio e impactando en distintos sectores produtivos, segundo explica o Sindicato Labrego Galego. Polo tanto, o colectivo solicita á Consellaría do Medio Rural que proceda a realizar unha valoración de danos nos cultivos e nas granxas, así como a apertura dunha liña específica de axudas, a fin de contar cun estudo de danos e proceder á indemnización ás granxas por estas perdas.

Como explican, na zona de Castro de Rei, por exemplo, as labregas e labregos estiveron padecendo os efectos de practicamente dúas semanas con treboadas e fortes choivas, "contabilizándose importantes perdas no millo que estaba nacente e na herba que estaba lista para ensilar. Estas circunstancias redundaron en perdas para as granxas vinculadas ao aumento de custos de produción".

Consideran imprescindible a creación dun espazo específico de análise, que permita anticiparse ás consecuencias desta alteración meteorolóxica.

Abre o prazo para o programa de voluntariado do Castro de Viladonga

O Diario Oficial de Galicia fixo pública a convocatoria das axudas da Secretaría Xeral da Emigración para a participación no programa de lecer Conecta Voluntariado Galicia, que ofrece 20 prazas para que mozos e mozas galegas residentes no exterior de entre 21 e 30 anos poidan coñecer Galicia a través de actividades que se desenvolverán no campo de voluntariado do Castro de Viladonga, entre o 8 e o 19 de setembro.

Esta iniciativa ten como obxectivo promover os lazos con Galicia a través de actividades de colaboración desinteresada e voluntaria a través de traballos diversos na procura dun maior coñecemento da nosa cultura, da mellora ambiental da nosa contorna e da recuperación do patrimonio cultural. O plan do traballo complementase cun programa con actividades de convivencia. En total, ofértanse 20 prazas, distribuídas entre os diferentes países con maior presenza de colectividade galega. As e os interesados deberán presentar as súas solicitudes a través da sede electrónica da Xunta ou das entidades colaboradoras nos distintos países: as delegacións da Xunta en Bos Aires e Montevideo, a Peña Galega da Casa de España de Río de Xaneiro, a Sociedad Hispano Brasileira de Socorros Mútuos e Beneficencia Rosalía de Castro en Santos, a Asociación Cultural Caballeros de Santiago en Salvador de Baía, a Federación de Sociedades Gallegas na Habana, a Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas e nos rexistros dos consulados de España.

O prazo de presentación de solicitudes remata o próximo 24 de xullo.

Castro de Rei denuncia cortes de subministro eléctrico continuados

O Concello vén de presentar unha denuncia á súa subministradora eléctrica debido aos cortes de luz que se produciron "sen causa aparente" sen que se produciran circunstancias meteorolóxicas adversas.

Segundo denuncian, "as interrupcións de subministración, sen causa aparente, veñen sendo habituais na zona, mesmo en días nos que non se producen circunstancias meteoroló-

xicas adversas, e como consecuencia das mesmas prodúcense prexuízos de diversa consideración, principalmente ás empresas que ven obrigadas a interromper a súa produción, establecementos comerciais, sector hostaleiro, explotacións gandeiras, así como o servizo de abastecemento de auga municipal que funciona con bombes impulsados con electricidade".

A piscina, que abre ata setembro, ten abonos de tempada

A piscina de Castro de Rei abriu o 1 de xullo as súas portas e permanecerá en uso ata o día 3 do mes de setembro.

Como en anos anteriores o seu horario será de luns a domingo de 12.00 a 20.00 horas.

As entradas terán un custe de 2 euros para adultos (a partir de 18 anos); 1,50 para os que teñan

entre 12 e 18, e de 1 euro para o resto. Os menores de 3 anos non pagan.

Establécense tamén abonos de tempada, que terán un prezo de 40, 30 e 20 euros, respectivamente en cada unha das categorías. O abono por familias será de 60 euros, para pais e fillos menores de 15 anos.

Trail das Bestas MURAS

TRAIL DAS BESTAS 2023

MURAS

6ª EDICIÓN 15 XULLO

MARATÓN 2080+ 27K 1260+ 15K+ANDAINA 650+

INSCRICIÓN E INFO:
WWW.TRAILDASBESTAS.COM

MURAS DEPUTACIÓN DE LUGO MARMAR OUTDOOR

As churrascadas abren as festas de Castro de Rei e de Castro Ribeiras de Lea

Castro de Rei xa ten listo o programa das súas patronais, que teñen as súas datas de celebración entre os días 14 e 16 de xullo. As celebracións darán comezo cunha churrascada popular o venres a partir das 21.30 horas na que poderán participar todos os asistentes e á que seguirá a gran verbena, que nesta ocasión corresponderá ao grupo Merengue. O día 15 será o día grande. Non falarán os oficios relixiosos a partir das 13.30 nos que haberá misa solemne. A continuación a sesión vermú estará a cargo do grupo Merengue de novo. Xa pola noite, este mesmo grupo iniciará a sesión da verbena na que o prato forte será tamén a actuación do grupo Beatriz. O 16 continuarán as celebracións, que se abrirán ás 13.30 coa misa á que seguirá a actuación de Stereo, que fará dobre sesión, ao mediodía e á noite coa verbena. Castro Ribeiras de Lea celebrará as súas festas patronais comezando o venres 4 de agosto cunha gran churrascada veciñal, á que están invitados veciños e colaboradores destas festas.

Esa mesma fin de semana tamén son as festas en Ansemar. Novamente a localidade contará con algunhas das orquestras máis destacadas do panorama musical. Abrirá o venres a macrodisco móbil Hermo en sesión verbena para continuar nos seguintes días con Alabama Show (en dobre sesión) e Grupo Beatriz o sábado; Stereo (tamén con dobrete) e Cinema o domingo para rematar o luns con Status (en vermú e verbena) e o Combo Dominicano como peche das celebracións. As festas contarán co seu apartado relixioso con misa o sábado, domingo e luns ás 13.30 horas e o pregón estará ao cargo do periodista Francisco Campos Freire, natural da localidade, que será o domingo ás 14.15 horas, despois da misa. Ademais, dentro da programación festiva destacan os pasacalles que comezaran cos Valuros, o sábado ás 12.30 horas, e a da charanga 555 a partir das 11.30 do domingo. Ademais, na noite domingo, a partir da 1.30 horas haberá unha sesión de fogos de artificios. As festas contarán co seu apartado



específicos para os máis pequenos. O sábado están previstos xogos tradicionais e animación no campo da festa a partir das 18.30 horas e o domingo será a vez dunha gran festa desde las 18.00 ata as 21.00. horas con festa da escuma, inchables, karaoke e mías actividades, a cargo de Total Sport.

O gandeiro Manuel Sandamil, elixido presidente de Conafe



A Confederación de Asociacións de Frisoa Española (Conafe) celebrou a súa Asemblea Xeral na súa sede social de Madrid, durante a que se formalizou a renovación da súa Xunta de Goberno para un período de catro anos e pola que Manuel Sandamil (Fefriga) asumiu o cargo como novo presidente en substitución de Germán de la Vega (AFCA). Manuel Sandamil, propietario da gandería SAT A Vereda, en Castro de Rei, estará acompañado por José Emilio García Suárez (Ascolaf), que seguirá sendo vicepresidente da Confederación; José Antonio Hernández Martín (Fefricale), que

continúa como tesoureiro, e José María Miguel Porras (Africama), como interventor. Súmase como secretario Ángel García Hernández (Afridema), en substitución do propio Sandamil que ostentaba este cargo na anterior Xunta. A nova Xunta de Goberno complétase cos vogais: Antonio García Ruiz (AFA), Jaime Olascoaga Enseñat (AFB), Germán de la Vega Delgado (AFCA), Andrés Planillo Torres (AFNA), Carlos Manuel Sánchez García (Afrifara), Jon Joseba Agirre Galdón (Efrife), Toni García (Fefric), e a directora xerente, Sofía Alday Martínez de Cestafe.



“O obxectivo é intentar mellorar o noso pobo”

Remedios González Cabarcos é a nova alcaldesa de Rábade

Con que obxectivos chega á Alcaldía?

O obxectivo é intentar mellorar o noso pobo, que pensamos que está un pouco abandonado e dende hai uns anos a esta parte non se está traballando nel como se debería.

Rompeu con moitos anos de Goberno do independente Francisco Montes. Cal foi o cambio que se produciu na sociedade de Rábade?

Eu é a terceira vez que me presento e nas dúas anteriores xa gañamos pero non obtivemos a maioría necesaria, agora si a obtivemos, ademais folgadoamente. Entón eu penso que a xente xa se cansou de tanta promesa incumplida e deuse de conta de que Rábade necesitaba un cambio, e decidiu apostar por nós.

Cales son os proxectos máis inmediatos?

O primeiro proxecto, que é algo que nos pide todo o mundo, é limpeza no pobo porque está realmente que dá sensación de abandono do pouco limpo que está. Tamén unha das peticións que máis se repiten é contar con máis iluminación porque a verdade tamén está bastante mal. Como proxecto tamén está mellorar

o que son os servizos básicos, aínda que iso será máis un proxecto a longo prazo, ter auga de calidade e unha rede de saneamento nos sitios que non dispoñen dela. Pero sobre todo mellorar o alumeadado público e elaborar un plan de limpeza e de recollida de residuos acorde co pobo porque está moi abandonado. Outro proxecto que tamén temos en mente e que pensamos que é primordial e moi importante é o de facilitar a conciliación familiar, poder ter un centro de día, mellorar o servizo de axuda a domicilio e logo por suposto o servizo de madrugadores que non existe así como o servizo de permanencia polas tardes cando os nenos saen do colexio, para poder ter un sitio onde estar mentres as familias están traballando. Despois sempre está potenciar o deporte ou dinamismo comercial que hai que darlle un pulo para que saia un pouco cara adiante.

Que necesidades ten Rábade agora mesmo?

A mellora dos servizos básicos, facilitar a conciliación familiar que é totalmente inexistente e, a nivel cultural, crear unha biblioteca municipal

e unha ludoteca, iso é o primordial que fai falta. En canto a infraestruturas temos a necesidade de sacar o tráfico pesado, os camións, que circulan por un par de rúas e ocasionan moitos estragos nas vivendas, e polo tanto é necesario crear un acceso directo ao polígono industrial dende a Nacional VI. E por suposto o arranxo da avenida de Vilalba, que en todos estes anos non se fixo.

Que plan hai para proxectos en marcha como a pasarela do tren, o Cine man, etc?

A pasarela é algo moi importante que tamén levamos no noso programa. Parece que saíu no Boletín Oficial do Estado e que está licitada. Nós imos seguir con este proxecto porque o pobo de Rábade está dividido en dous. A pasarela que hai ata agora é unha pasarela moi antiga que ten máis de cincuenta anos e está moi deteriorada, ademais nunca se arranxou o que fai que sexa incluso perigosa para as persoas maiores e de moi difícil acceso cun carriño de bebe. Polo tanto isto é algo primordial e imos a continuar co proxecto que hai, ao mellor a nós gustábanos máis outro proxecto pero ese é o que hai e imos



a continuar con el. O Cine man é un proxecto que nos imos atopar aí, non sabemos si coa realidade da subvención europea. Evidentemente non o imos a rexeitar, pero para nós, xa antes, non era algo prioritario, víamos que había moitas necesidades anteriores ao que é a compra do inmoble, o arranxo e a compra dunha parcela limítrofe. Agora que está imos intentar darlle unha saída, non sabemos se temos xa eses fondos europeos, ou hai que pedilos, teremos que esperar para saber que pasa.

A nivel industrial cal é o principal plan de traballo?

A nivel industrial o primeiro é comezar a facer o acceso directo ao polígono dende a nacional VI, para que os camións non teñan que pasar polas rúas do pobo. Ademais, un dos nosos obxectivos é intentar realizar a outra fase do polígono industrial porque nesta as parcelas xa están todas vendidas e tamén intentar potencia-

lo un pouco máis.

O de Rábade é un dos polígonos industriais máis antigos da provincia sendo tamén un dos primeiros e ten un gran volume de vehículos e de persoas, entón imos buscar que se inclúa Rábade como concello emprendedor para poder impulsar axudas de emprego e tamén para o emprendemento do comercio local. Así mesmo é importante potenciar o dinamismo comercial do pobo, de todos os negocios autónomos que hai na vila con algunha axuda se é necesario porque hai moitos que pecharon nos últimos tempos, gustaríanos poder axudar para que se volvan crear negocios novos con algunha axuda.

Ten pensado xa o reparto de responsabilidades no novo goberno?

De momento estamos traballando niso, o que si é case seguro é que eu vou estar ao cargo da parte de educación e cultura.

EN BREVE

PISCINAS. Un ano máis as piscinas de Rábade abriron as súas portas para a tempada de verán. O seu horario será de 12 a 20 horas de xeito ininterrompido. Habará acceso gratuito para menores de 6 anos, 1 euro para os usuarios ata 14 anos e 3 para maiores de 14.

PINTURA RÁPIDA. Pechou o concurso de Pintura Rápida con 22 participantes e un primeiro premio para Isabel Seidel. O segundo foi para Benigno Rodríguez Sánchez, o terceiro para Abraham Pinto Mendoza e o cuarto de Óscar Hernán Mínguez.

Adif presenta o proxecto da nova pasarela

Adif construír unha nova pasarela peonil en Rábade e suprimirá o paso a nivel da rúa Xeral Arce, na liña ferroviaria de ancho convencional León-A Coruña. A actuación mellorará a accesibilidade peonil urbana e as condicións de seguridade no ámbito urbano, as circulacións ferroviarias e o tráfico rodado.

A nova plataforma instalarase a 80 m da actual, que será demolida, e conectará a rúa Campo da Feira e a

Praza de España coa estación de Adif de Rábade. Terá estrutura metálica, accesible mediante ascensor e escaleiras, e unha lonxitude de 27,6 m. Ademais, dotarase de nova iluminación. Coa supresión do paso a nivel da rúa Xeral Arce, o tráfico de vehículos e peóns realizarase polo paso a nivel da Avenida de Vilalba. Así mesmo, implica a construción dunha rotonda no lado Sur da vía para facilitar o cambio de sentido de vehículos.







POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA




RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus  

abadín

O colectivo A Rumboia estrea o sábado 29 un festival cultural

A Asociación xuvenil A Rumboia, de Abadín, estrea o día 29 de xullo Rumboia Viva, un festival cultural que nace, con aires de continuidade, na porta da Terra Chá.

Son moitas as actividades que presenta o colectivo para esta primeira cita coa que se quere poñer en valor parte do seu patrimonio natural, como son as queirugas, os grelos ou os penedos.

As celebracións arrancarán ás 16.30 horas cun mercado de artesanía, que estará aberto durante a celebración. Para animar a tarde están previstas dúas actividades, o contacontos de Ángeles Goás, Un saco de contos, e unha cata de viño e degustación de



queixo a cargo de Bodegas Rectoral de Amandi e Lácteos Lorán.

O tempo da música arrancará ás 20.00 horas coas cantadeiras e pandereiteiras Lambe Lambe. O seguinte concerto previsto, ás 21.30 horas é o

de Ataque Escampe, que presentará o seu novo traballo, Cabalgata, xunto as cancións de sempre.

Continuará a festa que ofrecerá o grupo de Muros Lisdexia, antes da actuación de The Rapants, prevista para a 1.00 horas.

Rematarán a noite con dúas actuacións máis, a dos DJ Señora e Peabody.

O colectivo organizador, que está a revitalizar a vida cultural do termo municipal durante todo o ano, conta tamén con realizar algún sorteo nas redes sociais.

A actividade, que é totalmente gratuíta, conta tamén con zona de acampada.

Adamo e o Concello colaboran para a implantación da fibra no termo municipal

O alcalde de Abadín, José María López Rancaño, anunciou que o concello disporá de fibra óptica en tódalas parroquias antes de finais do 2023, "o que supón o acceso a internet dende calquera lugar".

Dende o Concello afirman que cooperan para a instalación coa cesión gratuíta nas vías municipais eo solar para a instalación da centraliña situada ao carón do centro de saúde e o pavillón polideportivo xa construído. O alcalde reconece que isto supón un "antes e un despois" apelando a que "a poboación demanda eses servizos e xa se estaba a facer un esforzo moi importante en canto a servizos públicos e faltaba isto".

A propósito disto, o mércores 12 de xullo o salón de plenos do concello acolleu unha reunión coa operadora de telefonía Adamo na que se informou das fases e datas da instalación de fibra óptica no Concello.

Regresan as carrilanas tras tres anos de ausencia

Abadín acollerá un ano máis o descenso de Carrilanas, unha actividade que foi suspendida os últimos tres anos debido á pandemia de covid e que regresa na súa XIX edición.

A competición oficial terá lugar o domingo 14 de xullo entre as 16.00 e as 20.00 horas con diferentes categorías segundo a velocidade da carrilana.

Será, un ano máis, unha das catro puntuables para a Copa de Galicia, ademais da Copa de España e do Campionato de España, que se atopan lexislados pola Federación de Deportes de Inercia.

O percorrido constará de 3.600 metros desde A Corda ata o centro de Abadín, concretamente ao lado do centro de saúde.

As previsións contan cunha participación de preto dun centenar de carrilanas que se dividen en diferentes categorías: neumática, rodamentos, skeleton, gravity bike, street luge, patinaxe de descenso ou madeira. To-



dos eles poderán probar os seus vehículos a tarde anterior. Hoxe, luns, é o último día para inscribirse.

Haberá trofeos para os primeiros clasificados en cada unha das categorías e agasallos para todos os participantes así como distinción para o deseño máis orixinal, a carrilana mellor feita e a participación local.

Ademais dos adestramentos do sábado á tarde, tamén están previstos uns petiscos e o inicio dos remontes ás 15.30 horas do domingo.

E. S. POLÍGONO
R/ Maciñeira - Esq. Cerdeira, PC30 - Pol. Sete Pontes, 27800 Vilalba
Tfno.: 982 513 683 / 629 847 744

JRoca INMOBILIARIA

ROCA & PRADO ABOGADOS

Calle de Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 112m² 112.000€
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, con orientación oeste, de tres habitacións, sala, dos baños e cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaje y trastero.

Avenida de Galicia, Vilalba
Local | 50m² 51.000€
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un local en planta de calle, totalmente instalado, en el que hay dos despachos, una sala de espera, un archivo y un baño.

Calle Cospeito, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 70m² 82.000€
En Vilalba (Lugo), en el edificio que hace esquina entre la Avda. Tierra Llana y la calle Cospeito ofrecemos en venta un apartamento totalmente amueblado de dos habitaciones, sala, cocina y baño. Dispone de calefacción, garaje, trastero y ascensor.

Basanta Silva, Vilalba
CPiso | 3 Dorm | 2 Baños | 130m² 95.000€
En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, de 3 habitacións, sala amplia, dos baños, cocina y garaje. Dispone de calefacción individual y ascensor. La vivienda tiene orientación sur.

Pravia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 104m² 80.000€
En Vilalba (Lugo), muy centrico, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Se vende con los muebles. Dispone de calefacción de gas ciudad y ascensor. La propiedad también estaría dispuesta a aceptar un alquiler con opción de compra.

Ronda de la Muralla 75, San Roque, As Fontiñas, Lugo
Local | 96m² 180.000€
En Lugo, concretamente en la Ronda de la Muralla, en las proximidades del edificio de la Xunta, se vende local en bruto, con una superficie útil en planta de 48 metros cuadrados; pero tiene altura de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja y piso, con una superficie total en torno a los 100 metros cuadrados. El local tiene salida de humos y todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio. Si le interesa al comprador, también se vende por 4.800 euros más una plaza de garaje pequeña, que está ubicada en la calle Alta, a unos 200 metros del local.

De Muras 2, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 80m² 65.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.

Carizo s/n Santaballa, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 4 Dorm | 1 Baño | 140m² 99.000€
En la parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar de unos 140 metros. En la planta alta hay 4 habitaciones, cocina y un baño. En la planta baja hay un garaje, un trastero y un tendedero y a mayores tiene un bajo cubierta, que de momento está en placa. La casa dispone de agua de traida, calefacción y tiene dos fosas sépticas. Se encuentra a un kilómetro de la autovía Ferrol-Vilalba y está a unos 10 minutos de esta última localidad y a otros tantos de As Pontes.

Puente de Campo 100, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 125m² 72.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo, y Ferrol y 45 minutos de A Coruña y de la costa luense se vende piso de 3 dormitorios y sala, 2 baños, cocina, despensa y terraza. Dispone de ascensor y de trastero.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfno.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

outeiro de rei



O BNG lamenta o cambio do servizo da piscina

O Concello de Outeiro de Rei chegou a un acordo con D10 para o uso da piscina exterior. Por tal motivo, estableceuse un bono familiar a prezo reducido do que poderán beneficiarse todas as persoas empadroadas no mesmo domicilio; o bono poderá utilizarse ata finais de agosto. As persoas usuarias tamén teñen dereito ao uso dos vestiarios sendo o resto de instalacións de uso exclusivo dos socios do club.

O horario da piscina exterior é de

12.00 a 21.00 horas e para os empadroados terá un custe de 30 € bono familiar tempada de verán. Acompañantes de socio son 4.95 €/día – 19.95 €/semana.

“A falta de previsión por parte do Concello de Outeiro e os evidentes problemas económicos veñen a dar outro golpe ao servizo de piscina no verán que moitas xeracións de persoas de Outeiro viñamos disfrutando dende hai anos”, explica o BNG municipal.

A cesteira Idoia Cuesta participará na Bienal de arte de Corea do Sur

A cesteira Idoia Cuesta, a ceramista Marta Armada e a artesá especializada en escultura téxtil Mercedes Vicente, que forman parte da marca Artesanía de Galicia, participarán na décimo terceira edición da Cheongju Craft Biennale, que se celebrará en Corea do Sur do 1 de setembro ao 15 de outubro, como parte da colección de artesanía española, impulsada por EOI Fundarte e na que participan outros 28 artesáns.

A Bienal de Artesanía de Cheongju comezou no ano 1999 como a primeira bienal de artesanía do mundo e hoxe en día está consolidada como un importante evento de artesanía contemporánea, un encontro que atrae a máis de 300.000 visitantes e que permitirá coñecer preto de 3.000 creadores de 60 países diferentes.

Na edición deste ano, España



será o país convidado de honra e contará cun espazo expositivo de 730m2, no que se amosará a colección “Soul+Matter”, comisariada por Rubén Torres. Trátase dunha selección de máis de 150 pezas de 31 artesáns de todo o país, entre os que se atopan as tres representantes de Artesanía de Galicia.

muras

Suspensión cautelar do proxecto de explotación da mina de Silán

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acordou acoller a pretensión da asociación Petón do Lobo de suspender de forma inmediata a execución da resolución da Xunta, do 19 de decembro de 2022, na que aprobou o proxecto de explotación e o plan de restauración da concesión de explotación de recursos da sección C da mina situada no termo municipal de Muras.

A asociación presentou un incidente cautelar na forma ordinaria para solicitar a suspensión, no que incorporou, segundo consta no auto, mapas sobre as zonas protexidas que se localizan a unha curta distancia da explotación da concesión mineira de faldespato. Ademais, o tribunal salienta que o defensor autonómico “achegou ao seu escrito de oposición, no que admite que aínda que o lugar onde se localiza

o proxecto de ampliación da mina que se autorizou non figura dentro de espazos protexidos, a área de actuación das obras si que está moi próxima ao espazo protexido Serra do Xistral, da reserva da biosfera, así como dun humidal”.

“Non se pode pasar por alto que, tras admitir este informe a proximidade da explotación mineira con espazos ecosistémicos sensibles, non é previsible que o proxecto xere efectos significativos”, indica a sección terceira da Sala do Contencioso-administrativo no auto, no que lembra que “ante a mera posibilidade de que se produza un dano irreparable ou de moi difícil ou incerta reparación -aínda adoptando medidas correctoras sobre as zonas protexidas-, debe prevalecer a suspensión da execución da actividade”.

O TSXG confirma a inhabilitación do ex alcalde por irregularidades na contratación de traballadores

A Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirmou a inhabilitación do exalcalde de Muras durante nove anos e medio para todo cargo público con facultades de contratación por cometer un delito continuado de prevaricación administrativa. Do mesmo xeito que na sentenza de primeira instancia, o alto tribunal galego considera probado que entre 2012 e 2015 o acusado, na súa condición de rexedor municipal, subscribiu con diversas persoas contratos laborais de carácter temporal, “prescindindo total e absolutamente de calquera tipo de procedemento que garantise os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade para o acceso á función pública”. Ademais, coincide en que se acreditou que o procedemento era inexistente, “sen publicidade das bases e convocatoria”, e que a contratación era reali-



zada “por el mesmo, segundo o seu libérrimo criterio”.

Os maxistrados, con todo, estimaron en parte o recurso presentado polo condenado, en concreto, no sentido de eximilo da responsabilidade civil, pois consideran que é contrario a Dereito que se faga recaer no acusado a responsabilidade da indemnización que lle corresponde a unha traballadora por fin de contrato ou da relación laboral que mantivo co Concello de Muras desde o 12 de xaneiro de 2006 ao 31 de decembro de 2015.

Adxudicada a humanización do Campo da Feira do Viveiró

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a adxudicación das obras para a humanización do Campo da Feira do Viveir.

Estes traballos foron adxudicados por un importe de 401.089,03€. “Deste orzamento, a Deputación de Lugo achega 371.200€ (o 92,56%), mentres que o Concello asume o 8% restante (29.800€)”, explicou García Porto.

O proxecto para esta zona, pola que transcorren dúas estradas de titularidade da Deputación (a LU-P-3402 e a LU-P-6502), consiste na substitución da rede de saneamento, de pluviais, da rede de enerxía eléctrica, da rede de telecomunicacións e o alumeadado público.

Así, mesmo renovarase o firme da superficie destinada a tráfico rodado e peonil, dando continuidade ao espazo co estendido de formigón igualando ambas zonas. Tamén se plantarán árbores de diferentes especies, como acivros, castiñeiros, carballos, pradairos ou loureiros.

As obras serán realizadas pola empresa Novavial SL e teñen un prazo de execución de 2 meses.

A CIG-Ensinó fala de “discriminación” co colexio local

A diferente atención educativa entre o alumnado dependendo da súa zona de residencia é unha realidade en todas as etapas educativas, coa evidencia dun medio rural claramente prexudicado na oferta educativa. Un estudo elaborado pola CIG-Ensinó detectou que até unha vintena de escolas unitarias están discriminadas ao carecer do profesorado especialista co que si conta o alumnado escolarizado en centros con máis unidades.

Hai 3 escolas da provincia de Lugo que non teñen docentes especialistas de Educación Física nin Música. Son as escolas Antía Cal Vázquez, As Nogais e Eduardo Cela na provincia de Lugo. Existen tamén outros 4 centros (Lousada, Ricardo Gasset, Uxío Novoneira e Samos) non contan con especialista de Música.

gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982516550

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

CHAIREGOS
SERVICIOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

Adxudican as obras de ampliación do saneamento de Begonte

Augas de Galicia encomendou á empresa pública Seaga da execución das obras de ampliación da rede de saneamento do concello de Begonte, na parroquia de Carral, cun investimento 228.706 euros.

As obras dotan de saneamento o denominado Camiño de Saavedra, que atravesa o lugar do Marco, de carácter maiormente residencial e no que abundan as construcións auxiliares destinadas a usos agrícolas e vinculadas ás vivendas.

Executarase unha rede de colectores ata a rede actual, que a conducirá á estación de tratamento de augas residuais de Carral.

Máis en detalle, construírse un colector de 535 metros ao longo do Camiño de Saavedra onde se conectarán 10 acometidas domiciliarias; o segundo colector, de case 80 metros de lonxitude, desenvolverase por camiño público perpendicular, con 2 acometidas domiciliarias; e un terceiro colector, de 62 metros de lonxitude, cuxa acometida quedará preparada para a conexión dunha edificación próxima.



Na intervención, proxéctase tamén a renovación da condución de abastecemento con 10 acometidas domiciliarias. As obras incluírán a reposición da rede viaria existente afectada polas obras.

Os traballos teñen un prazo de execución de 4 meses, polo que se prevé poder telos rematados este mesmo ano.

BÓVEDA. O Concello de Begonte iniciou as obras de ampliación da rede saneamento na parroquia de Bóveda, obras que están financiadas

por Augas de Galicia e teñen un orzamento de 49000 euros.

Os traballos teñen dous meses de prazo para executarse e a empresa adxudicataria é Hmns. Pico Yañez.

Ademais, o Concello segue a traballar na mellora da rede viaria municipal, apostando polo arranxo das mesmas con mestura bituminosa de aglomerado en quente.

En concreto nestes días trabállase na estrada que vai dende a Hermida a Donalbai, a estrada de Baldomar o campo de fútbol de Saavedra, e o núcleo de Baldomar.

O arcebispo de Santiago será o pregoeiro do Nadal

O novo arcebispo de Santiago, Francisco José Prieto Fernández, vai ser o pregoeiro do Nadal de Begonte na súa 52ª edición.

A directiva do Belén de Begonte púxose en contacto con Monseñor Prieto para darlle a benvida ao goberno da Arquidiocese e para convidalo a ser o pregoeiro do Nadal en Begonte, o próximo 2 de decembro, aceptando con agrado o convite, sinalando que tiña noticias do Belén (mesmo referíndose á denominación de Begonte do



Belén), agardando máis adiante ter unha reunión e así ir coñecendo o ambiente que envolve ao Belén electrónico de Begonte.

O Concello organiza viaxes á praia os domingos do verán

O Concello de Begonte recupera a súa actividade Domingos á praia. A actividade consistirá en organizar visitas dun día aos distintos areais das provincias de Lugo e A Coruña con saída ás 10.00 horas fronte á oficina de Abanca e regreso ás 19.30 horas. Para participar é necesario inscribir-

se a semana anterior a cada viaxe, que ten un prezo de 3 euros. Nos seguintes domingos as visitas serán ás praias de Foz, Benquerencia e Ares. En agosto o programa establece a primeira visita o domingo 6 á de Covas, en Viveiro, seguida das de Ria-zor, Cabanas e rematarán en Foz.

xermade

Sotavento continúa coa investigación enerxética

Sotavento aposta pola hibridación eólica-fotovoltaica, un sistema que consiste na xeración de electricidade a partir de dúas ou máis fontes renovables, compartindo un mesmo punto de conexión. Deste xeito unirá á xeración eólica xa existente a unha planta fotovoltaica de 100 kW sen necesidade de aumentar infraestruturas.

Dita instalación cubrirá a demanda eléctrica dos distintos edificios do Parque e verterá os excedentes á rede, evitando a emisión de máis de 37 Toneladas de CO2 anuais e reducindo a dependencia enerxética doutros países.

Este tipo de hibridación eólica-fotovoltaica é unha ferramenta eficaz para subministraren enerxía autóctona, inesgotable e eficiente, aprovei-



tando as infraestruturas de evacuación xa existentes e avanzando na consecución dos obxectivos de redución de emisións e dos prezos da luz no noso país.

Ademais, este sistema híbrido pasará a complementar os recursos didácticos para continuar desenvolvendo os obxectivos do plan de educación enerxética de Sotavento que, iniciado no ano 2002, acumula máis de 292.000 visitantes.

O Concello recolle alegacións contra o parque eólico Santuario

O xoves 22 de xuño publicouse no BOP de Lugo o anuncio do Proxecto Modificado Abril 2023 da instalación do Parque Eólico Santuario. Este parque afecta aos concellos de Xermade, Vilalba e Guitiriz na provincia de Lugo e ás Pontes na provincia da Coruña, este último afectado unicamente pola infraestrutura de evacuación.

Segundo proxecto modificado o parque Eólico Santuario contará con 161 MW de potencia nominal, integrado por vinte e tres aeroxeneradores.

A evacuación da enerxía eléctrica xerada polos aeroxeradores realizarase a través de 12 liñas subterráneas de 33 kV que conectarán o parque eólico coa subestación ele-

vadora SET Santuario 33/220 kV. Ábrese por tanto un prazo para presentar as alegacións e os informes que se consideren oportunos, sendo o último día o 4 de agosto de 2023 (incluído).

Quen o desexe pode consultar a documentación do proxecto en persoa nas dependencias do Concello de Xermade en horario de 09:00 a 14:00 de luns a venres.

Para unha mellor xestión das consultas e dúbidas da veciñanza, e evitar desprazamentos ou esperas innecesarias, o Concello aconsella chamar antes por teléfono para concretar unha cita. Os teléfonos para tal fin son o 982 50 10 01 e o 651 03 50 76.

Unha vaca chea de lixo reivindica o coidado do medio ambiente



Os estudantes do IES Fonmiñá expuxeron diante do concello unha escultura para concienciar sobre a contaminación do medio ambiente, unha actividade de Comunicación de Guerrilla. O alumnado participou nun obradoiro de Comunicación de Guerrilla, no que se lles ofreceu a posibilidade de crear algo para concienciar sobre o impacto da contaminación.

Un grupo de alumnos e alumnas tiveron a idea de crear unha estatua dunha vaca na que inserir lixo recollido nos montes e ríos do concello, e un envase de leite que representase o impacto da contaminación na industria do leite e a gandaría,

ambas moi importantes na zona.

Puxéronse mans á obra e capitaneados por Rocío, activista de Comunicación de Guerrilla, recolleron lixo, co que encheron a vaca, creada pola artista luguesa Ana Cabanes e deseñaron o envase de leite que crearon na imprenta.

“Esta merda é vosa” así reza o cartel que acompaña á escultura. Reivindican a acción cun texto escrito nun gran cartón de leite: “Recolemos todo este lixo na contorna do río e nas cunetas e camiños da Pastoriza. Se queremos que o noso leite sexa o mellor, non podemos contaminar o noso Concello. Sen auga limpa, non hai leite boa”.

Mondoñedo e A Pastoriza piden que a Rapa de Campo do Oso sexa Festa de Interese Galego

Os alcaldes de Mondoñedo, Manuel Otero, e da Pastoriza, Darío Cabaneiro, poñen mans a obra para impulsar a tramitación da declaración da Rapa das Bestas de Campo do Oso, no límite entre os dous municipios, como Festa de Interese Turístico Galego. Otero indica que xa se deu instrucións para a elaboración da documentación necesaria para a citada

solicitude e, polo seu lado, Cabaneiro indica que de inmediato se empezará a traballar neste asunto.

Os dous alcaldes destacan que a declaración de Festa de Interese Turístico Galego pode ter gran relevancia para os dous concellos, dende o punto de vista turístico e, polo tanto, como elemento de dinamización das economías locais.

Campamento infantil ata setembro

O colexio O Salvador celebrará, por medio de Anacos de Lece, un campamento de verán. Este terá lugar entre o 22 de xuño e o 8 de setembro, de 9.00 a 14.00 horas.

Ofrécese a posibilidade de acudir por días soltos, a un prezo de 17 euros, por semana (75), quincena (130), mes (260) e completo a un prezo de 410 euros.

Os interesados en anotarse teñen distintos prazos para anotarse. Para a primeira queda xa finalizou e para a que comeza en xullo o prazo remata o 23 deste mes. Os interesados en asistir en agosto deberán anotarse antes do 24 de xullo e para os de setembro o prazo límite é o 25 de agosto. Para anotarse hai que facelo no teléfono 659 032 194. O participantes gozarán de diferentes actividades deportivas, audiovisuais e de animación, con xogos musicais, alternativos, tradicionais, obradoiros, etc.

A piscina presenta un programa de actividades de verán

A piscina da Pastoriza contará este verán cunha serie de actividades dirixidas a público infantil. Continuarán os cursos de natación pero con outros horarios. Haberá para menores de 3 a 6 anos de luns a venres ás 16.00. Para os pequenos de 7 a 12 anos serán os mesmos días pero ás 16.45 horas. Así mesmo haberá zumba para pequenos os venres ás 18.00 horas.

Xa está aberta tamén a reserva de prazas para os cursos de natación infantil para o período 2023/2024.

Están previstos diversos grupos por idades e niveis, así que todos os cativos poderán aprender a nadar de forma divertida e segura. Darase prioridade aos usuarios actuais.

O prazo para facer a reserva para os usuarios actuais está aberto e rematará o 31 de xullo. Para novos usuarios a reserva iniciarse o día 1 de agosto.

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/atabernavilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA RACIONES
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO REVUELTOS DE BARRIL ALCO POCOS
PASTAS CON SALDOS RAPADAS RAXO PATATAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS SABOREAR TORTILLAS

“Un dos proxectos máis importantes é o centro de día”

Darío Cabaneiro, do PP, é o novo alcalde do Concello da Pastoriza

Con que obxectivos chega á Alcaldía?

Chego co obxectivo principal de cumprir o programa, ver as necesidades que ten a xente, estar en contacto cos veciños e poder axudar en todo o que precisen.

Rompe con moitos anos de Goberno de coalición. Cre que houbo un cambio na sociedade local?

Non, eu creo que a coalición non estaba funcionando e iso repercutía no concello e no día a día da xente e había queixas, iso quizais desencadeou os resultados electorais en onde nós saímos favorecidos.

Cales son os proxectos máis inmediatos?

O máis inmediato que estou facendo é continuar o labor de Elva e Primitivo, que era unha boa labor e fixeron un bo traballo. Un dos proxectos máis importantes é o centro de día, que é moi necesario xa que a xente maior do noso concello estase desprazando a outros límites. Tamén hai que traballar nas estradas e vías que temos que atender, porque A Pastoriza é un concello cunha cantidade de quilómetros enorme de estrada, iso esixe un mantemento pero os presupostos e os medios que temos non van acorde con esa cantidade. Tamén hai outro problema e é que as dimensións e peso das maquinarias actuais non corresponde coa época na que se fixeron esas vías, que estaban pensadas para tractores ou remolques máis pequenos, e témo-las que adaptar aos novos tempos. Outra problemática que temos importante é o tema eólico, no mapa eólico somos a primeira opción para todas as compañías e contamos xa con oito parques en funcionamento e doce en trámite. Ademais hai uns días recibín a información de que hai outros dous proxectos en marcha que repercuten nas zonas entre

Riotorto e A Pastoriza polo que xa sería 14 en trámite. Polo tanto vou falar coas administracións para racionalizar un pouco todo isto porque nos sobrepasa.

Que necesidades ten A Pastoriza agora mesmo?

As necesidades do día a día, o tema de augas é moi importante porque temos unha cabana gandeira tan grande que todo ten que funcionar á perfección entón é un tema no que estamos moi vixiantes para que todo funcione correctamente e non haxa ningún trastorno para os nosos gandeiros, e poidan ter subministro correcto. Agora coa chegada do verán queremos por en marcha unha brigada para os incendios, na actualidade carecemos dunha

motobomba e estamos facendo as xestións para tentar dispoñer dela na campaña deste ano.

Na campaña apostaba polo apoio ao sector agrogandeiro. Cales son os plans de traballo neste ámbito?

Na Pastoriza o problema que máis me sinalaron agricultores e gandeiros é o tema da reconcentración, houbo unha concentración nos anos sesenta pero xa se demanda unha reconcentración nalgunhas parroquias dado que as explotacións son moi grandes e convén seguir reconcentrando a propiedade para facilitar e reducir os custos de explotación. Tamén temos unha parroquia que quedara sen concentrar, Corbelle, que nos gustaría realzar alí unha xa que foi a única que



quedou sen ela.

Ten pensado xa o reparto de responsabilidades no novo goberno?

Non, aínda non, máis ou menos si pero non está nada definitivo. Entre o segundo da lista e máis eu levaremos o forte do concello e despois delegaremos funcións entre os nosos concelleiros na medida que poidan eles tamén compatibilizalo coa súa vida profesional.

Promete ser unha transición tranquila?

Si, si, está sendo totalmente tranquila.

Cal é o sector que máis desenvolvemento ou atención precisa?

Na Pastoriza o sector agrogandeiro, sobre todo o lácteo, aínda que tamén o cárnico, pero no sector lácteo somos líderes en Galicia e polo tanto temos que procurar seguir séndoo e mellorando. No sector forestal temos unha problemática porque quedaron fincas plantadas fóra do PXOM que non foron incluídas, entón temos que tentar dar solución a esa xente. No referente ao tema industrial, que para min é fundamental, creo que no noso concello ten que haber unha transformación polo menos do leite que producimos e que o valor engadido desa transformación quede no noso concello a nivel de postos de traballo. Entón esta será a miña maior preocupación conseguir que

algunha empresa láctea cunha base de cooperativismo se achegue á nosa zona a investir e tentar pola nosa parte facilitarles o traballo para que na Pastoriza podamos ter unha industria que nos permita que o valor engadido da transformación do leite quede no noso concello. Tamén temos un sector industrial da lousa, tamén moi importante, e no que hai a posibilidade de conseguir a implantación dunha nova fábrica con 30 ou 40 novos postos de traballo no noso concello. Estamos moi interesados en apoialos e conseguir estes novos postos de traballo para diversificar un pouco na Pastoriza e non depender tanto do sector do leite.

Gobernar en minoría é complicado. Cal é o principal reto desta situación?

Eu a verdade é que non penso moito nese tema, eu vou gobernar e explicareilles aos demais partidos o que vou facer e levareino a pleno cando sexa o momento. Evidentemente se é positivo para o noso concello eu espero que non me poñan ningunha traba nese aspecto, que eu penso que non porque eles tiveron que gobernar en coalición e saben o difícil que é. Se eles colaboran comigo seguiremos cara adiante e senón eles terán que tomar algunha outra decisión, pero en principio eu sintome tranquilo.

Reunión coa Xunta



O delegado da Xunta, Javier Arias, mantivo a primeira reunión con Darío Cabaneiro, centrada na seguridade viaria e os servizos sociais. A xuntanza contou tamén coa presenza doutros responsables municipais e da Delegación Territorial. Cabaneiro interesouse por asuntos como os apoios do Goberno galego para vías municipais que vertebran parroquias rurais ou a mellora da seguridade viaria nas estradas autonómicas

ao seu paso polo concello.

A este respecto, acometéronse traballos de limpeza e acondicionamento das marxes. Comezaron xa na LU-120 (Vilalba-Paraxes) e continuaron na LU-122 (Paraxes-Lourenzá) para rematar na LU-125 (Bretoña-Lindín).

Na xuntanza tamén se abordaron medidas de reforzo dos servizos sociais, en especial, aqueles dirixidos á infancia e ás persoas maiores.

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

Un verán de festa en festa

As localidades da provincia programan na época estival diferentes citas culturais, históricas e musicais

A MARIÑA

A Mariña cobra especial relevancia durante o verán pola cantidade de festas que se celebran.

Así, nas relacionadas con recreacións históricas destacan a **Festa Normanda de Foz**, que será os días 24, 25, 26 e 27 de agosto, e que rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense; a **Romaxe Vikinga do Vicedo**, que se celebra na praia de Area Grande o sábado 29 de xullo; o **desembarco de Carlos V ou Mercado Renacentista de Viveiro**, na que as rúas da cidade do Landro trasládanse a outra época do 6 ao 9 de xullo; o **Ribadeo Indiano**, do 7 ao 9 de xullo, unha das citas clásicas do verán e que fai homenaxe ás familias emigrantes que tanto deron á terra galega; o **Mercado Medieval de Mondoñedo**, que chega a súa XXXI edición o 11, 12 e 13 de agosto; e o **Mercado Medieval de Alfoz**



que adoita celebrarse a mediados de xullo e que conta con espectáculos, música en vivo, exposicións e moita diversión.

O culto á **Virxe do Carne**, o 16 de xullo, está especialmente arraigado nos pobos da Mariña coma Foz, O Vicedo, Burela, Ribadeo e Viveiro, que celebran vistosas procesións marítimas en homenaxe á patroa.

A comarca tamén conta coas exaltacións gastronómicas como a **Feira do Bonito de Burela** na que é posible degustar este peixe de variadas formas, á vez que se pode visitar no porto o barco-museo. Esta cita é a primeira fin de semana de agosto.

O porto de Celeiro convértese a mediados de xullo no escenario onde se rende homenaxe á raíña das súas capturas coa **Festa da pescada do pincho de Celeiro**. A lonxa acolle a degustación deste peixe capturado de xeito tradicional con anzol.

Na **Festa do Percebe de Rinlo**, que adoita celebrarse a primeiros de agosto malia que depende das mareas, os asistentes poden degustar este exquisito crustáceo a prezos inmejorables.

A primeira fin de semana de agosto, Barreiros rende homenaxe aos seus fillos emigrados que adoitan retornar á súa terra de orixe polo menos durante o verán. Así, no **Festival Internacional do Emigrante**, a alegría está asegurada coa queimada, os petiscos e a música de diferentes agrupacións folclóricas.

Coincidindo co Día da Gaita Galega, o 4 de agosto, o miradoiro de Santa Cruz, no monte de Ove, acolle a **Romaría de Santa Cruz de Ribadeo**, unha tradicional xira animada por grupos de gaitas e ofrendas florais.

As **Festas de San Lourenzo de Foz**, o 10 de agosto, son as festas por excelencia da vila focega, cuxa poboación se multiplica en agosto grazas á afluencia de veraneantes. Están amenizadas por orquestras, pasacalles, e grupos folclóricos, unha feira de mostras e un torneo de fútbol.

O sábado 12 de agosto, San Cibrao enzalza a súa cultura mariñeira recreando a lenda da súa famosa serea

coñecida como **A Maruxaina**. Neste día, a xente do mar porta polas rúas á serea nunha procesión que culmina na praia do Torno, onde se lle realiza un particular xuízo que termina co seu indulto.

A **Queimada Popular de Cervo**, que adoita ser o sábado seguinte á Maruxaina, reúne na vila a milleiros de visitantes xunto cun bruxo vestido de palla encargado de pronunciar o esconxuro e escorrentar os malos espíritos coa máxica beberaxe.

Os últimos días de agosto, a contorna do río Landro, convértese en punto de encontro para milleiros de persoas que durante varios días gozan da **Romaría do Naseiro**. Neste lugar levántase un auténtico poboado con cabanas feitas ex profeso para desfrutar da festa.

Outro tipo de celebracións como son a **Festa dos Chóferes de Alfoz**, á que adoitan acudir centos de vehículos de todo tipo para recibir as bendicións dos párrocos. Esta cita será o 28, 29 e 30 de xullo; os tradicionais festexos do **Conde Santo de Lourenzá**, a última fin de semana de agosto, nas que destacan especialmente dúas tradicións, o pasacalles que todos os días realizan os xigantes e cabezudos, tamén chamados cocos, e a visita ao sepulcro do Conde Santo o domingo despois da misa. A **Mostra Folclórica Internacional de Viveiro** que posiciona a vila como un referente cultural durante a primeira fin de semana de agosto.

Tamén están as celebracións vinculadas á tradición cabalar, e que están declaradas tamén, son a **Rapa das Bestas de Candaoso** de Viveiro, o 2 de xullo, a de **Santo Tomé no Valadouro** a primeira fin de semana de agosto ou a do **Turismo Rural do Vicedo** nos prados do monte de Riobarba a mediados de xullo.

TERRA CHÁ

A primeira do verán é a **Feira de Artesanía de Outeiro de Rei**, que se celebra a primeira fin de semana de xullo e que fai coincidir coas patronais, na honra a Santa Isabel. Concentra

unha media de 90 postos e complétese con outras actividades como unha andaina solidaria, demostracións, exposicións, concursos, obradoiros, e un sen fin de actividades.

Guitiriz conta cunha gran actividade no verán. A cita principal é a **Feira da Cantería, Callos e Artesanía**, que se celebra a mediados de xullo en Parga. Tamén nesta localidade ten lugar outra cita de interese, para abrir agosto, o **Festival de Pardiñas**, que é Festa de Interese Turístico de Galicia. Xa a mediados deste mes, tamén se celebra na localidade dos Vilares a **Romaría Labrega da Chaira**, de exaltación do traballo no campo, na carballeira do Cancelo. Tamén destaca por celebrar a primeiros de xullo o **Festival de Cine de Música na localidade de Roca**, unha iniciativa que segue a medrar.

En **Rábade** as festas patronais son no mes de agosto, a mediados. Non son unhas festas ao uso xa que varias actividades son moi destacadas. As festas dan comezo cun festival folk (**Rabafolc**) e conta no programa coa Eubatuxada, o descenso do río Miño en embarcacións de fabricación caseira; o Subidón dos avós, a tradicional carreira de avós e netos, ou a descarga pirotécnica.

Polas mesmas datas son as festas de **Meira**, nas que unha extensa programación que conta con merendas, carreira e **Xira** campestre, remata coa tradicional **Malla**, que é Festa de Interese Turístico Galego, sempre cara finais do mes de agosto, cunha malla no centro da localidade con exposición de maquinaria antiga incluída. En Meira tamén se recuperou o **San Cristóbal**, que se celebra a mediados de xullo. Malla tamén hai nas mesmas datas en Castro de Rei e en Friol, esta última de recente creación grazas ao colectivo A Castronela. Nas dúas capitalidades as festas patronais son en xullo mentres que en **Castro Ribeiras de Lea** teñen lugar a primeiros de agosto.

En Pol a festa principal é o 24 de agosto, que se celebra a tradicional **Festa do Emigrante**, que ten como eixe principal un xantar de confrater-



nidade.

En Abadín regresa o **Descenso de carrilanas**, que se recupera este ano tralo parón de tres anos pola pandemia ao que se engade o novo **Festival da Rumboia**, organizado pola asociación do mesmo nome.

Na Pastoriza, coa desaparición do Lugnasad, a festa de recreación celta, só queda unha cita no concello para o verán, o **Festival da Chaira**, no mes de xullo. En Begonte tamén o verán destínase ás festas parroquiais e destaca unicamente a **Festa da Empanada**, que se celebra no Club Fluvial despois do 15 de xullo. En Cospeito, queda como eixe da programación estival o **Festival Cultural Pozomouro**, que se celebra en agosto en Muimenta.

En Muras a gran cita deportiva do verán é o **Trail das Bestas**, que ten lugar o 16 de xullo.

As festas que pechan o calendario de verán son as de **Vilalba**, que contan cun programa moi amplo, no que destaca a **Xira**, que conta con dúas partes, a de maiores e a da mocidade. As festas dan comezo a finais de agosto e se alongan ata os primeiros días de setembro.

Na veciña localidade das Pontes, a principal cita serán as **Festas do Carme**, que se celebran xunto á tradicional **Romaxe da Fraga**. Os veciños acoden coas súas comidas á ribeira do río Eume festexando o Día de Santiago Apóstolo.

LUGO

A capital perde protagonismo no verán. Pola contra, na súa comarca destaca a **Festa do Pemento de Mougán**, en Guntín, que se celebra na Carballeira de Meixaboi, na parroquia do mesmo nome. Nela pódese degustar este famoso pemento de forma gratuíta. Ten lugar a primeiros de agosto, antes da **Festa Artesanal de Ferreira de Pallares**.

En Castroverde as festas patronais son coincidindo co Santiago Apóstolo e rematan o mes coa **Feira do Cabalo**. Xa a finais de agosto celébrase tamén a **Feira da Artesanía e a Gastronomía**, con demostracións de oficios.

En Portomarín e O Corgo as festas e grandes citas non son no verán, pero neste último fíxose o último ano unha Feira de Ano en Gomeán, a mediados de agosto, e o Mercado de Oficios, centrado na artesanía a finais de mes.

A ULLOA

En Monterroso, a finais do mes de xullo teñen lugar varias citas festivas na localidade. Comezan co **Concurso de tapas** e celebran tamén a **Festa Retro** e a **Festa da Xuventude**, en fins de semana consecutivos. Sobre a 15 de agosto tamén se celebra en Monterroso a tradicional **Malla**. En Palas de Rei tamén hai **Festa da Xuventude** a mediados de xullo.

A MONTAÑA

A Fonsagrada é unha das localidades onde se celebra o **San Cristóbal**, a festa dos chóferes a principios de xullo. Logo, a mediados de agosto ten lugar o **Mallinrí**, no Val de Piñeira, onde gozar dunha festa dedicada á malla tradicional, na que poderán deleitarse cunha agradable comida campestre.

En Baleira celebrouse o ano pasado a primeira **Degustación da Tenreira Suprema**, que tivo lugar como remate de xullo e que aínda non ten confirmada unha segunda edición.

En Baralla o verán conta con varias celebracións vinculadas á Vía Küning no mes de xullo, como o raid e a carreira. Tamén comezan o verán coa **Festa do Río**, a cargo do colectivo Airiños do Neira. Este mesmo grupo organiza un **Encuentro Cultural** a mediados de mes. Destaca en agosto a celebración do **San Vitorio**, festas que son famosas tamén polas súas verbenas, os bailes rexionais e unha romaría campestre.

O lugar de Piorno do municipio de Cervantes celebra en agosto unha nova edición da **Festa da Pandeira** na que o público disfruta coas actuacións das tocadoras.

Tamén na Montaña está previsto o **Festival Alto Navia**, en Negueira de Muñiz, que terá lugar a final de xullo. O verán en Pedrafita do Cebreiro conta coa **Festa do Peregrino**, polas mesmas datas.

SARRIA

Na comarca sarriá prevese a segunda edición da **Foliada de Láncara**, o 29 de xullo.

Sarria celebra, por outra parte, o seu décimo **DHU Vila de Sarria**, un descenso en bicicletas polas rúas da vila, onde os mellores corredores terán que saltar desde teitos de casas, esquivar obstáculos e chegar á meta no Chanto no menor tempo posible. Cambiando xa de concello, o día 12 de agosto terá lugar, a **Festa da Troita en Láncara**, un evento que se programa todos os anos en datas próximas ao San Roque, ao que se lle dedican as festas patronais da Pobra de San Xiao. Durante esta Festa da Troita, establecementos hostaleiros de Láncara serven quilos de maneira gratuíta. A intención da festa é exaltar o produto tradicional da zona.

Ese mesmo día, o 12 de agosto, terá lugar a **Festa da Xuventude** en Vila-ragunte, Paradela, organizada pola Asociación de Veciños da parroquia. O 13 de agosto, Samos recuperará a súa **Feira de Produtos Artesanais**, que non se celebraba desde antes da pandemia, na que haberá actividades durante todo o día con postos de artesanía, degustación de produtos e actuacións musicais.

Xa o 19 de agosto, Láncara acollerá a **Festa da Xuventude** na praia fluvial da Pobra de San Xiao, como o ano pasado. Esta iniciativa estará, ademais, enmarcada nas **Festas de San**



Roque, que darán comezo uns días antes e que acollerán actuacións musicais, a degustación da Troita de Río Neira, xuntanzas motociclistas ou carreiras de rolos.

RIBEIRA SACRA

O primeiro evento da Ribeira Sacra será a **Feira Tradicional Outroira** en Bóveda, o 14 de xullo. Durante esta festa, veciños e visitantes poderán disfrutar de exhibicións con motosierra, obradoiros de artesanía familiares, xogos tradicionais, degustacións de comida e moita música.

Ese mesmo día e os dous seguintes, é dicir, desde o 14 ata o 16 de xullo, celebrarase a edición **XLIX edición da Subida a Chantada**. Este evento é o Campionato de España de Montaña e faise en memoria de Manuel Varela González.

Un día despois, terá lugar o **Encuentro Nacional de Festas Tradicionais con Lume** en Castelo Taboada, no que se exporá a importancia destas festas do Lume en diferentes localidades de España.

Xa o 22 de xullo, Folgoso do Courel acollerá a súa **Festa da Cultura e a Tradición**, que contará con exposición de xogos tradicionais e postos de artesanía, pero a súa actividade máis importante é a **Baixada de Carrilanas**, na que poderán participar as persoas que queiran.

Con respecto a agosto, o primeiro evento será no concello de Quiroga, celebrará do 3 ao 6 de agosto as súas **Festas do Verán**, que rematarán o día 10 coa **Mostra do Mel**.

O Saviñao acollerá unha nova edición de **Música na Rúa** os días 4, 5 e 6 de agosto; nos cales os veciños e visitantes poderán disfrutar de varias actuacións musicais de grupos de música recoñecidos.

No concello de Monforte, pola súa parte, do vindeiro 4 ao 9 de agosto terá lugar a 23ª edición da **Feira de Artesanía Artelemos**, que contará con moitos e variados postos de artesanía.

O domingo 6 de agosto, ademais, celebrarase o **Filandón de Músicas do Courel** en Folgoso, un evento de interese turístico, que acollerá actuacións de cantores brindeiros, coplas de cego e gaiteros, entre outros.

Un día despois comezarán as **Festas Patronais de Monforte**, que durarán ata o 16 de agosto e contarán co grandes concertos, así como o **Festival Cómico Festivo A Rúa é Vosa**.

Pola súa parte, as **Festas na honra á Virxe dos Miragres** de Taboada durarán tres días, do 11 ao 14 de agosto, e acollerán, entre outras actividades musicais, culturais e turísticas.

En Sober, do venres 12 ao sábado 13, terá lugar a **Feira da Rosca**, na que haberá postos de gastronomía propia, como a rosca de pan, o mel

ou outros produtos da Ribeira Sacra. Ademais, no marco desta iniciativa, desenvolverase o **Túnel do Viño de Amandi**, unha ocasión para saborear o sabor dun viño único, e a **Feira Avícola**.

Xa o xoves 17 comezará en Monforte o **Ciclo Monforte Fusión**, no que durante tres días haberá actuacións musicais con propostas diferentes, como pezas de música lixeira, jazz, tango, bolero, bossa nova, funky, soft rock ou o swing.

O sábado, día 19, terá lugar unha nova edición da **Festa Castrexa Romana Qui-Roma**, en Quiroga, na que haberá diferentes actividades para recordar o pasado romano e castrexo da zona con rutas de cabalos, desfiles, exposición de cetrería e recreación de loitas de gladiadores.

En Chantada, o mes de agosto termina con moitas e diferentes actividades, que terán lugar desde o 23 de agosto, coa **Mostra de teatro Maruxa Villanueva en Chantada**, ata o 29 de agosto, coa **Festa da Empanada**. Concretamente, do 23 ao 27 agosto Chantada acollerá diferentes representacións teatrais no marco da Mostra; mentres que as Festas Patronais comezarán o 25 e acollerán o **Folión de Carros** o 26. Así, rematarán o 29.

O mesmo día, o 27 de agosto, pero en Quiroga, terá lugar a **Feira de Artesanía e Produtos Locais**.

MObelrias

Descubre as novidades na tenda

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Meira presenta un xullo con moita actividade

A Asociación de Comerciantes, Empresarios e Autónomos (Acea) de Meira, en colaboración co Concello, repetirá este ano a Festa dos Coches polo San Cristovo, que terá lugar o 15 de xullo.

O programa da Festa arrincará ás 13.00 horas cun pasacalles a cargo do grupo Lecer e ás 14.00 está previsto que se inicie a bendición de vehículos na praza. Este chegarán en procesión desde o Campo do Plantío, onde están citados a concentrarse ás 13.30 horas.

Unha vez rematada a bendición dos coches terá lugar unha sesión vermú para dar paso a unha churrascada para todos na praza, na que tamén haberá actividades e xogos para os máis pequenos.

A organización lembra que o servizo de churrasco ten un prezo de 10 euros por ración e os participantes na bendición recibirán un desconto de 5 euros.

VISITAS GUIADAS. Este ano cumprense 20 anos da apertura da Oficina de Turismo de Meira, polo que desde este organismo teñen programadas unha serie de visitas guiadas pola vila e arredores, que se celebrarán os martes ás 17:00 horas (salvo o 25 que por ser festivo pásase a visita ao xoves 27). Estas darán comezo mañá, día 11 de xullo.

Ademais, nos meses de xullo e agosto a Oficina de Turismo cambia o seu horario habitual para o de verán, co que estará aberta de martes a sábado de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 19:00 horas. Os domingos e festivos abre de 10:00 a 13:30 horas. Seguirán pechando os luns, salvo o 24 de xullo, que por ser véspera de festivo estará aberto en horario normal e pecharase o mércores 26 (despois do festivo do Santiago).

As visitas guiadas faranse ás 11:30 e ás 17:00 horas. Os domingos e festi-

vos soamente terá lugar a das 11:30 horas. Para a xente de Meira son de balde.

VENRES MUSICAIS. Comezan tamén as actuacións musicais nas prazas de Meira, que correrán a cargo das diversas formacións musicais locais (da ESMU, Banda, Coral Polifónica, e formacións musicais locais) e terán lugar a partir das 20:30 horas. En caso de mal tempo as actuacións trasladaranse á igrexa. Os venres musicais prolongaranse todo o mes de xullo e ata o 4 de agosto e contará o 21 con cantos de taberna e a Festa da Panceta.

Por outra banda, o mércores 19 comeza o ciclo Mércores de Cine na Casa da Cultura, cunha proxección ás 22:00 horas.

O sábado 22 a Banda de Música de Meira celebrará o seu 20 aniversario con unha actuación na Igrexa de Meira ás 20:30 horas, na que participarán as bandas de Foz, Ribadeo e Meira.

CARAVANA FEST. O sábado 29 e o domingo 30 terá lugar unha Concentración de Caravanas na Área de Caravanas e Campa do Plantío, con actividades durante os dous días. O sábado 29 ás 11:00 farase a rutina de sendeirismo Andainas con Avelino Díaz, guiada pola asociación Poeta Avelino Díaz, e cunha duración de 4km aprox.

CONCERTO. Así mesmo, o día 10 de agosto, terá lugar o esperado concerto de Abraham Cupeiro, que estará acompañado por Davide Salvado, Margarida Mariño, Sabela Caamaño, Matthew Ward e Alba Barreiro. Dada a boa acollida que tivo este concerto, faranse 2 pasas: un ás 20:00 horas e outro ás 22:00 horas. A duración estimada de cada pase é de 1:30 horas.

Chega á biblioteca o proxecto contra a violencia de xénero MAVI

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, insistiu en Meira que “a violencia machista só se pode eliminar dende o traballo en común, uníndonos entre administracións e sociedade, para amplificar os mensaxes de rexeitamento aos agresores e de apoio ás vítimas”. Isabel Rodríguez desprazouse este xoves ao Concello de Meira onde recala o proxecto MAVI: a Maleta Viaxeira contra a Violencia de Xénero, unha iniciativa promovida pola Subdelegación do Goberno que achega libros de diferentes temáticas relacionadas co feminismo, a igualdade, o empoderamento, a autoestima ou a violencia machista ás veciñas e veciños de todas as idades.

A subdelegada, xunto ao alcalde de Meira, Antonio de Dios, e a xefa da unidade de violencia de xénero da Subdelegación, María Luisa Castro, explicou na biblioteca da Casa



da Cultura que “con esta proposta queremos chegar ao maior número de persoas da provincia, mulleres, homes, nenos e nenas, porque a violencia machista nos interpele a todas e todos e non podemos permitir retroceder nin dar nin un paso atrás neste sentido”.

Tal e como explicou Rodríguez, o Concello de Meira súmase aos de Viveiro, Sarria, Vilalba e Quiroga,

así como aos centros penitenciarios de Bonxe e Monterroso, que traballaron con textos que promoven a reflexión, a sensibilización e concienciación sobre temas determinantes para conseguir unha sociedade libre de violencias, favorecendo un pensamento crítico ante os estereotipos e roles de xénero que perpetúan estas violencias e desigualdades.

Premio para a meirega Catara Rego

A fotógrafa meirega Catara Rego foi a gañadora do premio Descubrimentos Photo España 2023 polo seu proxecto Zona de Sacrificio.

Este galardón, que foi recibido xunto ao premio Photo España e tamén ao Mellor libro do Ano e Festival Off, ten como recompensa unha exposición na próxima edición do festival.

Catara Rego (Meira, 1996) é artista e deseñadora gráfica. O seu primeiro proxecto parte da investigación que levou a cabo para o Traballo Final de Grao, titúlase Galizia, un percorrido pola pegada no país despois da Segunda Guerra Mundial.



IES PEDREGAL DE IRIMIA. O O IES Pedregal de Irimia de Meira continúa co seu proxecto de dedicar as súas aulas a mulleres relevantes da contorna. Así, inaugurouse a aula de música Susana Seivane, dedicada á popular gaitreira, que ten as súas raíces familiares nos concellos limítrofes da Pastoriza e Ribeira de Piquín. Esta é a cuarta sala con nome de muller, que empezou a facerse con Sonia Villapol, que preside o laboratorio do centro.

Entregados os premios do certame Avelino Díaz

O colectivo cultural Avelino Díaz vén de facer público o resultado dos gañadores da sexta edición do Certame de Debuxo e Poesía do mesmo nome, convocado por los concellos de Meira e Riotorto.

A convocatoria estivo dividida en varias categorías. Entre os máis pequenos, de 3 a 8 anos, a disciplina foi o debuxo e a vencedora foi Mara Campos Nogueira con *Mosaico de Avelino*, seguida de Hafsa Rezkaoui,

por *Avelino*, e Daniela Pirata, e Erik Arredondo Marín, con *O barco de Avelino*. Dende a organización tamén se concedeu un accésit a Xiana Paz Val por *Primavera en Meira II*.

En poesía, na categoría de 9 a 12 anos, o traballo *Pronto rompera a cadea* de Guillermo Quintero foi a gañadora á que acompañaron *Que é a familia?*, de Alexandra López Álvarez, e *A miña aldea*, de Alejandro Reigosa Ramallal.



Na categoría C, de 13 a 17 anos, tan só houbo un premio, para Rut Busto Domínguez por *Respiro, respira*. O xurado estivo formado por Xosé Otero Canto, Silvina Gallo Gabín e Natalia Lema Otero con Agustín Méndez Moirón como secretario.

Comezan as obras na estrada que une As Rodrigas e o Marco de Álvarez

A Deputación de Lugo vén de iniciar as obras de mellora da estrada provincial LU-P-5501, que une As Rodrigas con Marco de Álvarez, ao seu paso por Riotorto. Unhas obras adxudicadas á empresa Grupo Bascuas 2008 SL por preto de 42.000€.

Os traballos consisten na apertura

das cunetas e no aglomerado en quente onde a vía presenta desperfectos, ademais de renovar a sinalización co fin de aumentar a seguridade vial. As actuacións desenvolveranse no treito comprendido entre os puntos quilométricos 1,6 e 8, e o prazo de execución destas actuacións é dun mes.

DEPUTACIÓN

Constituído o Goberno provincial con José Tomé de novo á fronte

Xa está constituída a Corporación da Diputación de Lugo logo de que todos os deputados xuraran o seu cargo. Actuaron como mestres de cerimonia o maior, José Pardo Lombao, e o máis novo, Iván Castro.

O PP, como partido máis votado, propuxo como candidato para presidir a institución provincial a Antonio Ameijide, mentres que PSOE presentou a José Tomé Roca e o BNG renunciou a elevar un candidato propio. Trala votación, na que o PSOE contou co esperado apoio do BNG, José Tomé Roca foi nomeado novo presidente.

O PSdeG e o BNG acadaron un acordo marco para facilitar a constitución e a conformación de gobernos compartidos nas Deputacións Provinciais de Lugo e A Coruña. Así figura nun documento pechado entre as direccións das dúas formacións políticas e asinado polo secretario de Organización dos socialistas galegos, José Manuel Lage, e o representante da área de Organización do Bloque, Bieito Lobeira.

Neste sentido, ambas forzas reiteran o seu compromiso coa “desaparición de todo tipo de arbitrariedade, discriminación ou favoritismo” e reafirman que o obxectivo da súa acción de goberno desde os entes provinciais é “garantir a igualdade de servizos básicos para a toda a poboación”.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, dará “un novo impulso ó proxecto de progreso social e económico que temos para a provincia, consolidando para elo a coope-



ración cos concellos como elemento vertebrador de todas as nosas políticas. A Deputación é o Concello dos Concellos. Esta é a miña máxima. Por iso, traballaremos cada día para que esta institución sexa o máis útil posible a cada un dos 67 concellos de Lugo, porque esta é a mellor maneira de ser útiles ós 323.989 veciños e veciñas da nosa provincia, e asegúrolles que os datos demostran que somos útiles”. Así o subliñou José Tomé na súa toma de posesión do cargo durante o Pleno de constitución da nova Corporación provincial, un acto que encheu o Salón de Plenos do Pazo de San Marcos.

Tras un primeiro mandato no que “recuperamos a estabilidade da institución, afrontamos retos inimaxinables naquel momento como a pandemia dándolle asistencia ós concellos e despregamos un ritmo de xestión e execución constante e moi elevado, cunha media do 85% de execución do Orzamento de gasto, o meu compromiso de cara o futuro é facelo aínda mellor”, subliñou o presidente.

OS DEPUTADOS

PSOE

José Tomé Roca, María del Pilar García Porto, Carlos López López, Miguel Fernández Méndez, Pablo Rivera Capón, José María Arias Fernández, Iván Castro Díaz, Mayra García Bermúdez, Francisco Cajoto Caserío e Mari-sol Morandeira Morandeira.

PP

Antonio Ameijide, Carmen José López, Demetrio Salgueiro, José Pardo Lombao, Francisco Javier Balado, José Ángel Santos, Jesús Núñez, Javier Varela, José María Fernández, Clemente Iglesias, Armando Castosa e Luis Fernández Guitián.

BNG

Efrén Castro Caloto, Iria Castro Fernández e Daniel García Fernández.

Convenio cos concellos para a súa dixitalización

A Xunta de Goberno en funcións da Deputación aprobou un convenio tipo para que os concellos da provincia se adhiran co fin de poder participar nas accións que a institución vai desenvolver grazas aos 4M€ que captou de fondos europeos para avanzar na dixitalización da administración local.

“Dende a Deputación temos feita unha análise inicial sobre cales son as liñas sobre as que traballar, pero queremos que os propios concellos manifesten as súas prioridades máis inmediatas en materia de dixitalización”, detallou a Deputada. Para iso, explicou que se desprazará persoal técnico aos diferentes municipios para coñecer da súa man o punto de partida que hai en cada un de-

les para logo poder darlle resposta cos fondos que cheguen, “que serán repartidos dun xeito moi semellante a como o facemos co Plan Único, é dicir, en base a criterios obxectivos”, concretou García Porto.

No marco deste proxecto, desenvolveranse, entre outras, actuacións para integrar a administración electrónica dos concellos cos servizos da Administración Xeral do Estado, implantar postos de traballo intelixentes que permitan mellorar a resiliencia dos municipios, crear oficinas de asistencia en materia de rexistro, implantar un sistema de gravación nos plenos dos concellos da provincia, ou mellorar a accesibilidade das páxinas webs municipais, aumentando así a transparencia dos concellos.

Axudas a trinta escolas infantís da provincia

O BOP publicou a resolución da convocatoria de subvencións para o fomento de boas prácticas de silvopastoreo do programa O que non arde, dirixido a gandeirías de ovino, cabrún e porcino.

Unha trintena de gandeirías recibirán as axudas para financiar a instalación e mantemento de peches perimétricos que protexan o gando da fauna salvaxe e outros elementos para a alimentación e o manexo do gando en extensivo. As achegas, que oscilan en función da puntuación nos criterios establecidos, alcanzan

na maioría dos casos os 2.500 euros, a contía máxima asignada por solicitante.

Medio Rural destinou 60.000 euros a esta cuarta edición do programa, que o pasado mes de outubro foi recoñecido como o mellor proxecto de apoio a gandeiría extensiva desenvolvido por unha Deputación a nivel estatal, pola oenegué internacional WWF Adena. O que non arde é o primeiro programa impulsado pola Deputación de Lugo en relación coa prevención de incendios e a xestión integral do monte.

A Deputación establece unha canle de denuncias contra a corrupción

A Deputación pon a disposición dos concellos, de xeito gratuito, a ferramenta de información que esixe a Unión Europea sobre infraccións normativas e loita contra a corrupción, que presentaron nunha xornada.

“Ofrecemos información aos concellos sobre como poden activar a Canle de Denuncias, como é o proceso para realizar comunicacións ou como xestionalo”, asegurou o deputado, quen tamén deu conta aos representantes municipais do convenio tipo que aprobou para que os concellos se adhiran co fin

de poder participar nas accións que a institución vai desenvolver grazas aos 4M€ que captou de fondos europeos para avanzar na dixitalización da administración local. Uns fondos que servirán para mellorar a resiliencia dos municipios, crear oficinas de asistencia en materia de rexistro, implantar un sistema de gravación nos plenos dos concellos da provincia ou mellorar a accesibilidade das páxinas webs dos concellos.

Á xornada asistiron representantes dos concellos de Antas de Ulla, Baleira, Baralla, O Incio, Lánara, Palas de Rei, O Páramo, Pedrafita do Cebre-

ro, A Pontenova, Ribas de Sil e Xermade. Un técnico explicoulles que, en cumprimento do establecido na Lei da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, a Deputación implantou xa este sistema interno de información e que servirá para que os cidadáns poidan informar sobre infraccións penais ou administrativas.

Na páxina web xa se pode acceder a información relevante sobre a Canle de Denuncias, o responsable do sistema, os dereitos do informante e a política de protección de datos.

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

DEPORTES

Xa está en marcha unha nova edición do Desafío do Ferro

Xa está en marcha a terceira edición do Desafío do ferro, unha BTT cicloturista para todos os públicos na que poderase elixir entre dúas distancias segundo o estado físico, de 50 quilómetros máis 1.750 metros de desnivel e a de 29 quilómetros + 900 metros. Terá lugar o día 3 de setembro e desenvolverase entre Riotorto e A Pontenova.

A organización ten previstos uns avituallamentos impresionantes e todos os participantes recibirán como obsequio unha camiseta conmemorativa. Ten un prezo de inscrición de 23 euros no que van incluídos os seguros, o particular terceiro tempo e a comida que este ano estará composta por paella, churrasco e a típica torta de Riotorto.

As inscricións están abertas en ccnorte.com e terán dous tramos, ata o 02-08 o importe será de 23€ e do día 03-08 ao 29-08 será de 28€.

Ademais tanto os participantes



como os seus acompañantes poderán inscribirse a tirarse na tirolesa máis grande de Galicia facendo o roteiro dos Fornos e accedendo á mina Consuelo ou só tirándose en tirolesa sen facer a ruta.

A inscrición pode facerse na mesma web de ccnorte.com a un prezo reducido de 20€ (roteiro+tirolesa) ou 15€(só Tirolesa). Tamén dispoñible para menores.

Cuba retírase no cuarto posto do Gran Premio de España

O loitador vilalbés José Cuba participou no Gran Premio de España que tivo lugar no Pavillón Exterior do CSD de Madrid e no que se mediron loitadores e loitadoras de todo o Mundo.

José Cuba representou a España en libre olímpica menos de 125 kg acadando un 4º posto tras retirarse por molestias musculares. O vilalbés comezou gañando ante o canadense Roger Le por superioridade e per-

doando posteriormente ante o coreano Jung Yeihyun por un punto nun axustado combate. O posterior ouro acadado polo coreano deulle a José Cuba a posibilidade de repescar na loita polo bronce pero decidiu non continuar na competición despois dun tirón muscular na zona lumbar no combate ante o coreano.

O deportista prepara a súa participación no Mundial de Belgrado a mediados de setembro.

Últimas sorpresas da tempada

O Friol B ascende á Primeira Galega e o Cospeito queda ás portas da Copa

O Friol B completou unha gran tempada co ascenso á Primeira División Galega, que quedaba sen representación da provincia de Lugo polo ascenso do Lugo e o descenso do Antas.

O conxunto friolés, que rematou campión do seu grupo de Segunda División, iniciou o proceso de ascenso a mediados do mes de maio e logo de dúas eliminatorias disputou a final a dobre partido co Touro, equipo co que compartiu grupo.

No primeiro duelo quedaron empatados a cero pero no segundo o Friol B logrou un único gol que foi suficiente para poder firmar o ascenso. O Friol B disputou unha magnífica tempada no grupo 3, co resto de equipos da provincia. Rematou primeiro con 11 puntos de vantaxe e 22 vitorias de 26 partidos. Só perdeu en dúas ocasións, xusto ao inicio da segunda volta e no penúltimo partido. Tamén os empates foron na segunda parte da tempada xa que na primeira só fixo que gañar.

O equipo B pon a boa nova para o club, que registrou o descenso do primeiro equipo tamén esta tempada. O conxunto chegou a final da Copa Deputación pero finalmente tivo que retirarse e cedeu o seu lugar ao Antas, equipo ao que venceu na semifinal.

VILALBA. Á terceira vai a vencia. O Rácing Vilalbés logrou o tan esperado ascenso a Segunda RFEF logo de vencer por 0-3 ao Calzada rioxano. Deste modo consegue un ascenso histórico para o club no que é o seu tercer play off.

Os de Simón Lamas foron claramente superiores e remataron cunha



merecida vitoria unha tempada na que foron contundentes e non fixeron nada mal.

Cuarto na liga regular de Terceira, chegou á primeira fase dos play off convencido de lograr o ascenso. O equipo está agora preparándose xa para a tempada na categoría superior. Confirmou a renovación de Simón Lamas de moitos dos xogadores ademais de novas fichaxes. Comezará a pretempada a final de mes.

COSPEITO. O Cospeito caeu na final da Copa Deputación ante o Paradela, que venceu 1-3 ao equipo chairego. Esta foi a primeira vez que o Cospeito entraba na final desta competición pero tivo que conformarse co título de subcampión ante un Paradela que tamén facía historia.

TORNEO. Vilalba acolleu esta fin de semana a segunda edición do Torneo Tecnorenova CUP para as categorías alevín e benxamín coa participación de 46 equipos, 23 alevíns e outros tantos benxamíns.

A primeira xornada foi para os alevíns, na que o premio grande foi para o Calasanz, que venceu na final do torneo ao Residencia tendo que ir aos penaltis logo dun empate a dous goles no derradeiro partido.

O domingo os benxamíns tomaron os campos do estadio da Madalena tamén durante toda a xornada con partidos primeiro cos equipos distribuídos en cinco grupos e logo na fase eliminatoria.

Nesta ocasión o trofeo final foi para o Victoria, que venceu ao Noia por 4-2.

Organizan un curso de promoción do tenis nas Pontes

O Club de tenis As pontes organiza este verán clases de iniciación e perfeccionamento desta práctica deportiva que se celebrarán os meses de xullo e agosto dous días á semana. Haberá clases en horarios de mañá e tarde e se utilizarán as pistas de tenis da Canle IV en grupos de un máximo de 4 persoas con idades que superen os 8 anos.

Impartiranse dous grupos de clase, por unha banda, facendo 8 horas ao mes e polo outra 15 horas con prezos que oscilan entre os 25 e os 35 euros con desconto do 50% para os socios.



TORNEO. Vilalba acolleu esta fin de semana o primeiro torneo de fútbol sala para as categorías de base, no que participaron un total de 9 equipos. Así, na categoría alevín, na que 5 conxuntos competiron pola vitoria, o primeiro clasificado foi o Guitiriz, que venceu ao Lago por 3-2 no último partido. Mellor porteiro foi Yago Pérez, do Vilalba, e mellor xogador, Laura Vázquez, do Gutiriz. O Abadín levouse o premio ao Fair Play. Na benxamín a vitoria foi para un dos equipos locais, o Vilalba 2, que venceu ao Cospeito na queda de penaltis. Marco Vidal, do Cospeito, foi elixido mellor porteiro, e Manu Rodríguez, do Vilalba, o mellor xogador

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 498 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

O Korreo gaña a Copa Federación e o Castro feminino a da Deputación

O equipo filial do Korreo Guitiriz fíxose coa Copa Federación logo de vencer na final ao Lugo Sala Automoviles Losada B na quenda de penaltis.

Os chairegos dominaron a primeira parte na que colleron unha vantaxe de 0-2, que foi rapidamente eliminada na segunda polo equipo branco, que empatou 9 minutos antes do final e logo o marcador non se moveu máis.

Na queda de penaltis, a vitoria foi favorable ao Guitiriz, por 2 tiros o que o converteu no campión de Copa da tempada.

O Korreo venceu ao Puebla na fase de cuartos, cun empate e una vitoria por 6-2 e en semifinais desfíxose do Lusitania, logo de golear no segundo partido, aínda que perdeu o primeiro.

O equipo de Guitiriz completa así unha gran tempada na que rematou a fase de liga regular invicto e na segunda posición da clasificación.



CASTRO. O equipo cadete do Castro feminino fíxose co título de campión de Copa logo de vencer este domingo ao Poio por 4-3 en Bueu cumprindo así un dos obxectivos xa que se lle escapou o título de Liga, competición da que quedou fóra en semifinais na quenda de penaltis.

Foi un partido durísimo para as chaires,

que foron as encargadas de abrir o marcador pero logo as cousas puxéronse difíciles cun marcador en contra co que remataron antes do descanso.

Tralo paso por vestiarios volveron con forza e empataron nada máis pisar de novo o parqué. Aínda que volveron poñerse por detrás, levantan

o resultado no final, primeiro empatando cando faltan cinco minutos e tres despois metían o tanto que lles daba o título.

O polideportivo Jonathan Carro acollerá do 14 ao 16 o IV Maratón de fútbol Sala Guitiriz-Vila Termal, que dará comezo o venres 14 e rematará o domingo 16.

O Trail das Bestas de Muras será o sábado 15

O Concello de Muras, organizador do Trail das Bestas, que cambiou a data para a nova edición do mesmo, será o sábado 15 de xullo con saída ás 8.00 horas. Este cambio fíxose por petición popular, xa que o 16 coincidía coa festividade do Carme, que se celebra moito na zona.

A que será a sexta edición volverá ter un percorrido circular con saída e meta na Área Recreativa da Veiga despois de percorrer un circuito marcado con cinta de balizamento e con sinais de dirección nos cruces a carón da localidade de Muras chegando á Serra do Xistral no seu punto máis lonxano.

A organización establece tres distan-

cias diferentes e catro disciplinas. Xa que serán o maratón, 27 quilómetros e 15 quilómetros para corredores e esta última distancia será a que se faga por parte dos que realicen a andaina. Como novidade deste 2023 o percorrido do 15k e andaina será totalmente novo. Tamén será lineal, polo que transportarase aos corredores á saída en buses, igual que se fará no 27k.

Tamén se establecen dúas categorías, absoluto e veterano (este último para maiores de 46 anos). Non existe a categoría senior. Os premios absoluto e veterano son acumulativos. Haberá trofeos para os tres primeiros de ambas categorías.

Javier del Moral gañou a Northwest Trimán

O triatleta madrileño Javier del Moral Muñoz, do club C.D.E Triboost impúxose como vencedor da IX Edición do Northwest Trimán celebrada no lago das Pontes, logrando baixar das 9 horas (8:55:019) tras completar 3,8 quilómetros a nado, 180 quilómetros en bicicleta e 42,2 a pé.

O segundo clasificado foi Emilio Tizón Valverde, do club Saltoki Tri-

kiDeak e o terceiro lugar foi para Marcos Pérez Dekkers do Club Triatlón Orihuela JJTT. A madrileña Ana López Sanromán foi a máis rápida en cubrir o triatlón de longa distancia das Pontes, cun tempo de 11:49:04. Seguíulle a galega María José Vázquez Santos con 12:04:01. En terceiro lugar entrou María Esparza González (13:59:40).

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VIALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

A FONDO

Unha linguaxe case universal

José Montes é o presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, quen nos amosa a súa visión desta sinalización

O pasado 2 de xaneiro entrou en vigor o proxecto do Real Decreto para modificar e actualizar o Regulamento Xeral da Circulación, que inclúe a modificación, actualización e renovación de sinais de tráfico, co fin de adaptarse ás novas circunstancias de mobilidade e das sociedades das cidades actuais, nas que peóns e vehículos teñen que convivir, cada vez máis, en harmonía.

Así, eliminaranse sinais que a Dirección Xeral de Tráfico (DXT) considera inservibles, actualizaranse outras cambiando de deseño ou de topografía e incorporaranse tamén algunhas sinais que ata o de agora non estaban presentes nas diferentes vías de circulación pero que agora, cos novos cambios sociais, son necesarias.

Unha das novidades desta iniciativa é que a nova sinalización ampliará o seu campo de actuación, estendendo estas a toda a rede de estradas do país, mentres que cumpre o obxectivo de mellorar a seguridade dos usuarios nas vías, así como facilitar a visibilidade e a comprensión das mensaxes das sinais.

Estes cambios non se introducirán aínda, xa que entrou en vigor o proxecto do Real Decreto, pero aínda non se aprobou o cambio do Regulamento Xeral da Circulación, que se leva a cabo a través dunha lei orgánica. Cando se aprobe e se publique esa lei orgánica no Boletín Oficial do Estado, ademais, tardará tres meses en entrar en vigor, tal e como defende José Montes, presidente da Asociación Galega de Autoescolas (Agada) desde novembro de 2021.

Nesta asociación, o obxectivo, tal e como explica o lugués Montes, “é defender os intereses comúns das autoescolas e, no día a día, é estar en contacto coas xefaturas provinciais de tráfico para comunicarlles os cambios que hai”. Na súa opinión, é algo “positivo que se actualicen os sinais”, xa que “se se actualizan as normas, téñense que actualizar tamén as sinais, que sempre quedaron nun segundo plano e hai algunhas antiguísi-

mas, como o sinal do paso a nivel con barreiras, que a cancela que aparece aí, hoxe en día, non ten sentido”, argumentou.

VIDA DOS LUGUESES

Segundo o presidente da Asociación Galega de Autoescolas, “todos os cambios son para ben” no caso desta renovación das sinais de tráfico, pero hai algunhas que destacou. Por exemplo, a do xabaril, xa que ese animal “está por todos lados en Galicia e é moi importante que se saiba nos tramos onde hai máis, aínda que nunca é suficiente”, defendeu José Montes.

Por outra parte, comenta que en Lugo cidade está moi á orde do día o sinal dos patinetes eléctricos, así como o resto de sinais que se refiren a este vehículo e á bicicleta, como a do carril bici, que “agora temos un en Lugo e é importante sinalalo”, comenta. “Cada vez hai máis carril bici e a min paréceme ben porque é un vehículo alternativo que contamina menos e que ademais é moi saudable”.

Como novidade, o sinal R-120 indica o acceso a Zonas de Baixas Emisións, que se programou para cidades de máis de 50.000 habitantes, polo que Lugo será a única localización da provincia que se aterá a esta nova estrutura de circulación. Así, será o recinto interior da Muralla o que prohibirá o paso a coches que non leven a etiqueta B, C, ECO ou 0 Emisións. “A intención é que as cidades teñan menos contaminación, polo que me parece ben, os vehículos teñen que existir, pero antes existimos as persoas e ten que haber un equilibrio”, explicou José Montes. No caso de non ter esta etiqueta e entrar no casco histórico lucense, os condutores poderán ser multados cunha sanción de 200 euros.

SINAIS NECESARIOS

Cada lugar, xa sexa cidade, vila ou aldea, ten a sinalización que lle



corresponde segundo as necesidades da sociedade que vive nela, xa que non é o mesmo entrar na parroquia de Ponte de Lúzara en Samos que en Viveiro, polo que a sinalización para a boa circulación de vehículos en convivencia cos peóns depende do tipo de vida das súas xentes.

No caso de Lugo cidade, hai moitas sinais que determinan o tráfico, pero, segundo a opinión do presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, José Montes, Lugo necesitaría rotondas sinaladas, é dicir, as famosas turborrotondas, xa que as rotondas en Lugo “son un gran problema”, tal e como apuntan moitos habitantes e sinala o presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, José Montes.

Alguns apuntan ao mal uso que se fai delas por descoñecemento, por falta de interese, por falta de civismo... pero Montes apunta a que a Lugo as rotondas chegaron máis tarde que a outros lugares, polo que “ese feito acrecentou a problemática do mal uso das mesmas”.

Así, apunta a que é “sinxelo, aínda que ás veces a xente non interpreta ben as cousas”, di con respecto a que non saen ben da rotonda. Explica que, “fóra de poboado, circúlase pola dereita, e se é dentro, poderías circular indistintamente, pero nunca podes saír do carril esquerdo cara a saída da dereita. A rotonda é redonda, pero se collemos unha tixola e cortamos a rotonda e facémola unha vía recta, a ninguén se lle ocorrería ir circulando pola esquerda e querer saír desde aí a unha saída pola dereita. Nunca podes saír de dentro para fóra. Se vas utilizando o carril da esquerda adiantando e ves que vén a túa saída, das outra volta”, argumenta.

Por todo isto, Montes cre que unha forma de solucionar o problema sería instaurar en zonas concretas de Lugo que suman varios accidentes ao ano, como as do alto de Garabolos, as rotondas sinaladas horizontalmente e cun sinal vertical específica destas glorietas, que xa están implantadas en outras cidades galegas, como Vigo.

“A intención é que as cidades teñan menos contaminación. Os vehículos teñen que existir, pero antes existimos as persoas e ten que haber un equilibrio”

Novas necesidades, novos sinais

A Dirección Xeral de Tráfico, DXT, introduce novos sinais de tráfico e moitos deles están dedicados aos novos vehículos que tamén deixarán de ser visibles varios sinais das vías de circulación. No caso das que se actualizarán, son por motivos como son as bicicletas e os patinetes eléctricos, mentres outros de tamaño, tipografías ou inclusión.



O cambio na sinalización da circulación, tal e como explica Ana Blanco, subdirectora adxunta de Circulación na DXT, ten como finalidade adaptarse á mobilidade de hoxe, adecuando aspectos de sinalización a cambios no ámbito da mobilidade, sobre todo con respecto ás modificacións da tecnoloxía dos vehículos, como os patinetes eléctricos, presentes xa asiduamente na nosa vida. Ademais, esta sinalización tamén ten como obxectivo mellorar a comprensión das sinais por parte de todos os usuarios das vías

para garantir a seguridade viaria e os desprazamentos eficientes. Desta maneira, “a sinalización será o instrumento básico para a seguridade viaria, de forma que transmita información de forma sinxela sen xerar mensaxes ou significados confusos”, como sinalan os principios da Convención de Viena. Por último, outro obxectivo que ten este novo cambio é unificar a sinalización urbana, xa que anteriormente cada cidade tiña aprobada unhas sinais, é dicir, cando un responsable autonómico vía

unha necesidade de sinalización no seu lugar de actuación, idealmente un sinal propia e distinta a doutros municipios. En total, a Dirección Xeral de Tráfico introduce arredor de 130 modificacións, que se refiren a introducións de novas sinais, actualizacións de sinais en canto á súa tipografía, tamaño e deseño; e tamén desaparecen algunhas sinais. Aquí trataremos as máis novas e as que formarán parte da nosa vida diariamente. Estas sinais verticais que aparecen novas, desaparecen ou cam-

bian convirán, probablemente, con sinais horizontais que quizais, durante un tempo non se corresponden coa novidade, polo que, en caso de atopar un sinal vertical e un sinal horizontal no mesmo lugar, ¿a quen debemos facerlle caso? A orde de prioridade entre sinais é a seguinte: os axentes da autoridade responsables do tráfico están na cúspide da orde da circulación, polo que se hai un axente indicando algo contradictorio a un sinal vertical ou horizontal, deberáselle facer caso á

autoridade. En segundo lugar, as sinais que máis mandan son as circunstanciais ou de balizamento, que indican unha orde temporal por causas xustificadas, como as dunha obra. En terceiro lugar, están os semáforos e, despois, as sinais verticais, ás que debemos atender antes das horizontais ou tamén chamadas marcas viarias, que están por debaixo en prioridade das verticais, son as últimas ás que debemos atender, aínda que, se son as únicas, é imperativo cumprir o seu mandato.

Algúns dos novos sinais:

- **S-1b**, indica o principio dunha estrada con varios carrís.
- **Sinal S-1c**, sinala o principio dunha estrada 2+1, é dicir, a que consta de tres carrís de circulación e permite a circulación en ámbolos dous sentidos.
- **S-45**, mostra que hai un carril bici nunha zona urbana.
- **S-46**, sinala un paso de peóns compartido con ciclistas.
- **R-118**, prohibe a circulación de patinetes eléctricos.
- **R-119**, non permite a circulación de patinetes eléctricos e bicicletas.
- **R-120**, indica unha Zona de Baixas Emisións (ZBE) para prohibir a entrada e circulación a vehículos en función do seu distintivo ambiental (B, C, ECO ou 0 Emisións).
- **R-420**, apunta a unha vía reservada para patinetes eléctricos e os usuarios destes vehículos deben circular por ela.
- **R-421**, ordena aos patinetes eléctricos e ás bicicletas súa circulación por ela de maneira compartida.
- **R-422**, obriga aos condutores dun vehículo de mobilidade persoal, patinetes eléctricos, bicicletas ou monociclos, a baixarse e andar ata que a sinal se anule.

- **Sinal P-1**, avisa dun perigo pola proximidade dun tramo no que existen varios accesos directos á vía.
- **Sinal P-20c**, indica a presenza dun paso para peóns e ciclistas.
- **Sinal S-63b**, sinala unha bifurcación no centro dunha calzada de tres carrís do mesmo sentido, dando lugar a catro carrís, dous do lado esquerdo e dous do lado dereito para que os condutores poidan situarse con antelación no carril máis axeitado ao seu destino.

Algúns dos que cambian de deseño:

- **STOP**, cambia a súa tipografía para aparecer máis grande e así mellorar a visibilidade.
- **P-8**, anuncia un paso a nivel sen barreiras e cun deseño máis moderno da locomotora.
- **P-20a**, indica a proximidade dun paso de peóns nunha sinal triangular vermella.
- **P-21**, indica perigo por proximidade dun lugar frecuentado por nenos, na que a sinal puxo á figura feminina por diante do neno, como garante de igualdade.
- **P-21b**, indica perigo por proximidade de zona na que circulan persoas maiores, e neste caso é o mesmo que a anterior, cambia a orde de colocación das persoas, pasando a figura feminina adiante e a masculina

na detrás.

- **P-22a**, mostra un paso para ciclistas e alerta da existencia de perigo.
- **P-24a**, refírese á presenza de animais na calzada, que antes estaba representada cun cervo e agora cambiouse a un xabaril por ser o animal que máis aparece nesas zonas.
- **P-33**, indica un tramo de visibilidade reducida, unha sinal na que se verá un coche penetrándose en zona de visibilidade reducida.
- **P-35**, advirte da proximidade unha bifurcación na que os vehículos cruzan as súas traxectorias.
- **Sinal S-47**, indica unha zona de circulación que está destinada en primeiro lugar aos peóns e na que se as normas de velocidade máxima de vehículos de 20 km/h, a circulación será compartida entre vehículos, ciclistas e peóns, pero estes últimos teñen prioridade; e os xogos y deportes non están autorizados.
- **Sinal S-992e**, informa da distancia mínima entre vehículos que hai que manter mediante balizas luminosas nun tramo onde se perde a visibilidade.

Algúns dos que desaparecen:

- **R-308a**, prohibía estacionar os días impares.
- **R-308b**: prohibía estacionar os días pares.

COLABORACIÓN

Tarefas de verán, SI ou NON?

O PUPITRE



Julio Díaz

Nada na vida é cuestión de Si ou Non, senón de matices. As tarefas de verán non son unha excepción. Cando nun asunto están implicados moitos axentes, vólvese controvertido e non sempre coinciden as opinións. Iso pasa tamén coa realización das tarefas escolares no verán. Repercute nos rapaces, que son os que teñen que realizalas; nos docentes, si son eles os que as asignan, e nos pais que son os que teñen que implicalos e supervisar que se realizan.

É moi fácil percibir ao remate do curso escolar o enorme cansazo e o desgaste sufrido ao longo do mesmo. Sempre recordo a frase que un bo amigo me repite un día si e outro tamén, “non cres que sobrecargamos aos nosos rapaces de tarefas e de actividades, algún ten unha axenda máis apertada que a do presidente do goberno”; e é certo, por iso os rapaces no verán deben desconectar, facer outro tipo de actividades lúdicas e de ocio (artísticas, deportivas, culturais, musicais..), e neste mundo cada día máis individualizado e invadido polas “maquinitas” deben aproveitar para relacionarse con outros iguais, visitar amigos e familiares, xogar, saltar, brincar... completar en sí o seu desenrolo

persoal, cousa arto difícil durante o curso escolar.

Os nosos rapaces, ao igual cos adultos, precisan de tempo libre e facer de cando en vez un “Kit-Kat” de todo o que supón o traballo realizado ao longo dos interminables cursos escolares.

Cando dan comezo as vacacións o que máis desexan “e deixar a rutina do día a día, as tarefas escolares, o traballo e actividades que ocupan milimetricamente o seu quefacer diario durante moitos e moitos meses, como se de un autómatas se tratase, e por iso debemos compensalos. Dito isto, aproveitar para remarcar que tampouco supón que non se poida avanzar ou reforzar coñecementos, xa que existen diferentes

maneiras de aprender, aproveitando actividades ao aire libre, realizando tarefas domésticas, en servizos comunitarios, en compartir tempo en familia, en viaxes, excursións...Atopar o equilibrio entre realizar algunha tarefa no verán e descansar é o fundamental para acadar un desenrolo saudable dos nosos rapaces. É crucial recoñecer a importancia do tempo libre e do descanso para o seu benestar xeral.

As nenas e os nenos, ao igual que nosoutros, precisan descanso, desconectar das rutinas do curso e divertirse. As vacacións de verán son para os adultos unha etapa de desconexión e deben selo tamén para os seus fillos. Imaxinades por un intre, que cando collas as túas

vacacións o teu xefe che diga: “oe fulanito, para non desconectar de todo imos adicar un par de horas, polas mañás, para poñernos ao día da marcha da empresa e así non perdes hábitos de traballo, de 10H a 12H facemos unha “vídeo” e estamos ao tanto de todo”. Gustaríache? Pois a eles tampouco. Dito todo isto, e sabendo que teñen todo o tempo do mundo por diante, non deben tampouco estar aparcados todo o día co móbil, a tablet ou a videoconsola. O verán ten que servir tamén para desentoxicarse un pouco dos dispositivos electrónicos e interactuar cos seus, cos amigos, voltando ao contacto humano tan necesario neste mundo individualista no que nos toca vivir.

O 23-X xogámonos moito

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936 foi redactado durante a Segunda República e plebiscitado o 28 de xuño daquel mesmo ano, mais non chegou a aplicarse debido ao estalido da Guerra Civil, pois Galicia quedou en mans dos militares sublevados dende o seu inicio. Isto foi o que aconteceu. En 1929 xurdía a Organización Republicana Galega Autónoma, vencellada nas súas orixes ás Irmandades da Fala coruñesas e liderada por Santiago Casares Quiroga e Antón Vilar Ponte, cun programa de tendencia federalista que se concretou no pacto de Lestrove (marzo de 1930), coa creación da Federación Republicana Galega. Ao ano seguinte entraría na escena política o Partido Galeguista, liderado por Castelao; mais o camiño cara á autonomía xa comezara tras a proclama-

ción do 14 de abril en Madrid e a marcha de Alfonso XIII ao exilio. O Seminario de Estudos Galegos elaborou un proxecto estatutario no que Galicia era definida como un Estado Libre dentro da República Federal Española, o cal non foi aceptado polas forzas maioritarias galegas. O mesmo destino correron outros proxectos, como o texto consensuado polos parlamentarios galegos nas Cortes Constituíntes.

En abril de 1932, o alcalde republicano de Compostela Raimundo López Pol, impulsou un movemento municipalista a prol da autonomía. Tres meses despois, celebrouse unha asemblea de municipios na que se acordou constituír unha comisión redactora, integrada por Salvador Cabeza de León (ex-alcalde compostelán e decano da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago), Manuel Iglesias Corral (primeiro mandatario da Coruña), Eladio Rodríguez (presidente da Real Academia Galega), Manuel Lugrís Freire (académico da RAG), Enrique Rajoy Leloup (concelleiro santiagués e decano

do Colexio de Avogados), Xacobe Arias (enxeñeiro forestal da Coruña), Rodrigo Sanz López (presidente do Secretariado de Galicia en Madrid), Santiago Montero Díaz (doutor en Filosofía e Letras), Avelino López Otero (secretario do Partido Republicano Galego) e Alexandre Bóveda (dirixente do Partido Galeguista). O anteproxecto preparado por esta comisión debateuse nunha nova asemblea en decembro dese ano, na que se aprobou o documento definitivo co apoio do 77 % dos municipios galegos, que representaban ao 85 % da poboación.

O procedemento necesario -que incluía un referendo sobre o texto- non se levou a cabo debido ás disensións entre as forzas políticas galegas, e tamén polo parón autonomista imposto durante o bienio radical-cedista. Só se recuperaría tras o triunfo da Fronte Popular en febreiro de 1936. Cando o Partido Galeguista optou por apoiar á Fronte Popular, a crise interna foi moi intensa, e un sector importante, encadrado na denominada Dereita Galeguista e liderado por

Vicente Risco, abandonou a organización.

O 28 de xuño de 1936 celebrouse finalmente o referendo do Estatuto. Un día histórico, que ademais coincidía co feito de que Santiago Casares Quiroga presidía daquela o Goberno da Segunda República. Galicia foi empapelada con carteis de Castelao, Luís Seoane e Camilo Díaz Baliño, entre outros. Dos electores do censo (1.343.135 en total), votaron preto do 75 por cento: 993.351 a favor, 6.161 en contra e 1.451 papeletas en branco. O 15 de xullo de 1936, Gómez Román e Castelao entregaron ao presidente das Cortes Españolas o texto aprobado do Estatuto para o comezo do proceso de tramitación. Tres días máis tarde produciase o golpe de estado de Franco.

Coincidindo co aniversario do Estatuto, hai uns días o secretario xeral dos socialistas galegos, Valentín González Formoso, facía un chamamento á sociedade para acudir ás urnas e dar unha resposta contundente a unha extrema dereita que ameaza con rematar coa autonomía “baixo amparo da dereita que se dicía moderada”. Fixo estas declaracións no transcurso da ofrenda floral a Castelao no Panteón de Galegos Ilustres, en conmemoración do plebiscito do Estatuto de 1936, emprazando a todas as forzas políticas con representación



no Parlamento para facer unha actualización do Estatuto de Autonomía de 1981 en materias clave, asumindo “un papel protagonista, como o que tivemos na conformación do Estatuto do 36”.

Nas eleccións xerais do vindeiro 23 de xullo a cidadanía terá que escoller entre dous modelos. Fronte á idea dun país moderno e un proxecto europeísta, que consolida dereitos sociais, laborais e económicos, aparece no horizonte unha treboada que nos pode levar outra vez a unha dura realidade en branco e negro, onde se conxuran principios que van contra os dereitos das mulleres, contra a diversidade en calquera aspecto da vida, volvendo a unha cultura capada e a non respectar a pluralidade estatal. Estamos en situación máximo risco, na xornada do 23-X xogámonos moito. Por iso precisamos que acudas a depositar o teu voto e conseguir así un novo mandato do Goberno progresista, que axudará a seguirmos avanzando en dereitos e liberdades. Faino por todas e todos, faino por ti.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



No centenario da escola habaneira dos Vilares

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Este ano cómprese o centenario da escola habaneira dos Vilares, construída grazas ao diñeiro que mandaron os emigrantes organizados na asociación "Villares y su Comarca" da Habana, que non estaba composta só por emigrantes vilaregos, senón que tamén lle temos que dar as grazas a emigrantes nados en Santa Cruz, Buriz, Labrada, San Breixo, Aranga, Momán, Belesar, Muras, As Pontes ou en Ortigueira, que apoiaron solidariamente esa tarefa, incluso foi Xosé Rivas (nado en Riotorto ou no Curral Vello do Buriz) quen propuxo o 16 de xuño de 1912 o nome de Villares y su Comarca, para que puideran participar tamén os que non eran dos Vilares. O presidente desa asociación era D. Manuel Cancelo Freire, da aldea dos Ramos, e contaba nos Vilares coa colaboración do crego da parroquia, D. Ramón López Otero, que foi quen mercou o terreo na Codeseira da Conchada, onde xa se celebraba cada mes a "Feira do 7". Nun primeiro momento ía ser construída nos Ramos, porque

seica era a aldea dos Vilares na que mais nenos había daquela, pero foi D. Ramón o que pensou en facela no mais céntrico da parroquia e ao lado da igrexa, aínda que se seguiu denominando durante moito tempo "Escola dos Ramos".

Tamén fai cento tres anos daquel 20 de maio de 1920, no que o presidente da asociación firmou un contrato, pola cantidade de 1.250 ptas. con meu avó materno (socio fundador da Asociación da Habana en 1912, Gregorio Díaz Sánchez, da casa das Mourelas) e con outros catro canteiros, para arrincar e cortar as pedras no Monte do Viso, que se atopa por detrás da aldea de Acción e antes de chegar ao Porto San Miguel.

A construción da obra foi contratada por D. Ramón a Manuel Coira, do Vilariño dos Cregos, veciño do daquela neno Xosé María Díaz Castro, por 8.907,23 ptas.

Unha vez rematado o edificio da escola, D. Ramón deu conta de todo o diñeiro gastado na súa construción á Sociedade "Villares y su Comarca", creando, o 8 de xaneiro de 1933, un "Consello de Administración" que a dotara dos medios necesarios para o seu funcionamento. Este Consello estaría presidido por Agustín Losada Rodríguez, da casa do Dereito da Acción e na que tamén constaba como Vice-Te-

soreiro o meu avó paterno Domingo Río Rosende, da casa de Río da Tiñaz, e que tamén foi socio fundador da Asociación habaneira cando se atopaba en Cuba.

Na escola da Conchada non se deron aulas ata setembro de 1923, aínda que, segundo o periodista José Alonso Sánchez, en outubro de 1921 xa nomearon a D. Manuel Cordeiro como mestre interino desa Escola dos Ramos, pero como aínda non estaba rematada impartiu docencia durante dous anos na escola dos nenos en Palratos, parou na casa de Díaz Castro e polas noites dáballes clases ao poeta.

Cando en 1923 se rematou a escola, ao ser o sitio mais céntrico duplicouse a matrícula, dando clases Manuel Cordeiro no curso 1923-1924, a mais dun cento de nenos na escola da Conchada, á que pasou tamén Díaz Castro cando contaba con nove anos de idade, seguindo alí ata que en setembro ou outubro de 1929 ingresou no Seminario de Mondoñedo.

Ao empezar a dar aulas na escola, Manuel Cordeiro afirma que "por 2,50 ou 3 ptas. Diarias comía e durmía nunha taberna que había nas proximidades da escola e que estaba rexida polo seu propietario, Nicolás Castro, un home moi intelixente". Non cabe dúbida de que se



trataba de Nicolás dos Manchás, o avó do gran poeta vilarego, que tiña a taberna no pazo da marquesa de Camarasa, no lugar do Pazo, mais arriba das Reixas.

Despois de Cordeiro, pasaron por esa escola mestres como Vicente Fabregat, Anxo Rodríguez, Agapito Bustos, Eduardo Rodríguez, Uxío Pedreira, Xustino Rivera e o meu querido mestre, D. Andrés Pérez Carballeira, que a partir de 1933 viviu coa súa señora e as fillas na escola da Conchada, ata que unha doenza cardíaca o apartou da docencia a principios do curso 1968-1969.

Don Andrés foi quen me ensinou as primeiras letras e os primeiros números baixo as pedras arrincadas polo meu avó e os seus compañeiros trinta e sete anos antes.

A escola era propiedade da parroquia dos Vilares, pero alguén ousou entregarlle ao concello sen consultar aos veciños e hoxe non se pode facer nada nela sen contar co permiso desa institución municipal, pois agora que cumpre os cen anos convida a renovar, lousala e poñela en valor; quitarlle o recebo e deixar á vista a beleza desas pedras do Monte do Viso; poñerlle portas e unhas fiestras apropiadas para tornar a humidade e que non poidan entrar os ratos, para facer o niño coas follas dos poucos libros que quedan alí.

Para lembrar este centenario cumpriría tamén facerlles unha homenaxe a todos aqueles que desde El Vedado habaneiro se interesaron tanto pola nosa educación.

Iniciativas a ter en conta

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Cando pensamos no agro galego, existen imaxes e estereotipos que xeralmente se identifica. Por un lado, a gandería, na que maioritariamente temos as granxas de vacún de leite e aquelas destinadas á produción de carne. Somos o país do millón de vacas, ou iso din. Xusto é recoñecer a importancia doutras variedades como a porcina e ovina, así como a avícola. Se pensamos na agricultura, na nosa bisbarra por suposto que está o millo destinado á alimentación dese gando, ou a pataca para o consumo humano. Tamén ten importancia a remolacha e os produtos de horta. Noutras latitudes de Galicia, os cultivos baixo invernadoiro, desde kiwis ata flores, supoñen un pulo considerable nas economías das zonas onde se

traballan, sen esquecer o viño, claro está. Asemade, no noso campo cómpre referirnos ao sector forestal. Digamos que, sobre todo, no entorno máis próximo, sota, cabaño e rei. E poucas máis cartas enriba da mesa.

Pero por descontado, o rural de Galicia acredita doutras alternativas que ata o de agora foron minoritarias, pero que semellan cribles e con posibilidades de éxito. Aquí a un véñenlle en mente as granxas de visóns, por exemplo, ou outras máis exóticas como as de avestruces ou caracois. En cultivos, en localizacións moi concretas do País, temos na produción de aceite e de cereixas e outras froitas uns exemplos destacados, aínda que algún que outro ano os caprichos climatolóxicos xoguen malas pasadas. E aquí na Chaira, nos últimos anos, estamos vendo como se introduciron fórmulas intensivas como o cultivo de amorodos, arandeiras e ata as moras que saen nas silvas dos camiños, os froitos vermellos como se lles denomina, os berries, os ca-

les ocupan dúcias de hectáreas en municipios como Cospeito e Begonte. Un pequeno apunte, non entramos neste artigo no perfil dos traballadores que se contratan, de onde son as empresas e os seus promotores e outras circunstancias que rodean esta fórmula de produción, non exenta de certas polémicas. Pero tocará analízalo noutra ocasión.

E tamén sen saír do noso territorio, asistimos a iniciativas moi a ter en conta, como é o altramuz, unha planta que un debe recoñecer que na súa vida oír falar dela. Pero si, tamén se está a cultivar aquí e ten destinos diversos, xa que se pode utilizar para consumo humano, como aperitivo, bebidas e batidos, así como na alimentación animal. A súa rendibilidade estímase nuns cinco centos euros por hectárea sementada, polo que pode ser unha alternativa a considerar nas nosas agras. Son este tipo de emprendementos no mundo rural galego que visualizan un futuro algo máis prometedor có actual. Sen desmerecer

O RECUNCHO DE CANELINA



a gandería e agricultura típicas do lugar, ás que non se poden deixar de lado, deberíamos plantexarnos este tipo de opcións, así como outras máis que poden xerar unha riqueza engadida aos propietarios, diversificando o sector primario,

o que contribuiría a dinamizar os nosos concellos. Abofé que aumentaría o atractivo para os que xa viven directamente do campo e para outros que poden ver un complemento ás súas economías como segunda actividade.

DE RUTA EN RUTA

Begonte: Ruta das lagoas

Un percorrido de aproximadamente seis quilómetros e cunha dificultade baixa perfecto para coñecer este paraxe natural



Para realizar esta ruta podemos saír dende o Club Fluvial de Begonte en coche e colleremos a N-VI en dirección a Bamente. Tras percorrer uns tres quilómetros por esta estrada atoparemos un sinal coa indicación de Lagoa de Riocaldo, onde nos desviaremos, para percorrer outros trescentos metros e chegar ao lugar onde deixaremos o coche

para continuar camiñando. Seguiremos o camiño pola esquerda onde xa poderemos observar a primeira das lagoas, que bordearemos continuando o camiño. Ao chegar a unha pequena estrada volveremos coller á esquerda ata chegar á nacional para coller á dereita e seguir o curso do río Ladra ata cruzar a ponte da autovía dende onde observaremos unha fermosa panorámica. Continuaremos polo camiño ata chegar á beira das Lagoas do Pedroso.

De volta volveremos cruzar a ponte da autovía e colleremos á esquerda continuando por unha pequena estrada que realiza un xiro á dereita para pasar entre dúas das lagoas de Riocaldo e que nos levará ata o primeiro desvío que collemos no que si xiramos á esquerda e continuamos camiñando estaremos de novo no lugar onde deixamos o coche.

Se seguimos dende onde deixa-

mos o noso vehículo, en dirección contraria que ao comezo, bordearemos outras das lagoas e chegaremos ata unha pequena vivenda abandonada na que teremos que dar a volta e desfacer o camiño ata o coche.

A Terra Chá conta cun importante complexo húmido sendo un auténtico santuario de natureza, acollendo grandes reliquias botánicas e configurándose como un refuxio preferente para aves migratorias en época invernal. Dentro deste territorio destacan tamén estas lagoas que están situadas entre as parroquias de Begonte e Pacios, xunto ao río Ladra. Orixinadas a maioría polas explotacións mineiras para a extraccións de materiais como a area ou a arxila este espazo natural conta cunha gran flora e fauna acuáticas entre as que se poden atopar diferentes especies que converten este sitio nun Lugar de Interese



A Terra Chá conta cun importante complexo húmido sendo un santuario de natureza

Comunitario dentro da Rede Natura 2000. No paraxe natural da Lagoa de Riocaldo tamén atoparemos aves acuáticas entre as que poderemos ver garzas, cormoráns ou patos e tamén mamíferos dos que destaca a presenza de xabarís e corzos.

DATOS



1.5 horas



6 quilómetros



Dificultade fácil



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05

As Pontes

Festas do Carme e A Fraga

programación

Detalle a detalle todos os actos de once días de festa

entrevista

Lorena Tenreiro, nova concelleira de Cultura

pregoeiros

Asociación de Amigos da Madeira das Pontes

alfombras

Coñece unha das tradicións decanas das festas

turismo

Outras cousas que facer nas Pontes durante as festas

Do 14 ao 25 de xullo



Desexámosvos unhas Boas Festas.

NOVALUX

óptica & centro auditivo

Av. Galicia, 91 · As Pontes

☎ 981 451 504

Placido Peña, 9 · Vilalba

☎ 982 510 100

PROGRAMACIÓN

Volven as festas patronais por todo o alto

Máis de trinta propostas para unhas celebracións que conxugan modernidade e tradición durante dez días

O venres 14 dan comezo nas Pontes as súas festas patronais na honra da Virxe do Carme, que se complementan sempre coas da Fraga. Por segundo ano consecutivo, o Concello fíxose cargo dos festexos, nos que se integran máis dunha trintena de propostas. As actividades comezarán o día 12 de xullo coa inauguración da exposición de fotografías de creación colectiva de fotógrafos e fotógrafas pontesas e do Grupo Poético Alalá, *Unha foto un poema*, que estará instalada, ata o 30 de xullo, no valado do colexio Santa María. A continuación, ás 20:30 horas, diante da Casa Consistorial, a Rondalla Vila das Pontes ofrecerá un concerto xunto co alumnado do Conservatorio de Música Profesional das Pontes. O venres, 14 de xullo, ás 20:30 horas darán comezo, de xeito oficial, as festas patronais coa lectura do pregón, tamén diante da Casa Consistorial, a cargo da Asociación Amigos da Madeira das Pontes e, a continuación a veciñanza e público asistente poderán gozar cunha actuación musical. A partir das 22:00 horas, no Canal IV, Los Secretos ofrecerán un con-

certo no que farán un percorrido polos temas máis emblemáticos do grupo como son *Déjame, Pero a tu lado* o *La calle del olvido* así como cancións máis recentes coas que pretenden ser un crisol de emocións no que a xente poida sentirse identificada. Ao remate da súa actuación, na Praza do Carme, será a quenda para a verbena, da man da Orquesta Marbella e o Grupo Assia.

SÁBADO 15

O sábado, ás actividades comezarán, ás 12:00 horas, co pasacalle dos grupos de música tradicional Canavella e No Cómbro, e á mesma hora, no Parque Municipal haberá un concerto da Banda Cultural e Recreativa das Pontes que dará paso, a partir das 13:30 horas, á sesión vermú amenizada polo grupo Trasnos, na Praza do Carme. A novena e misa en honra á Virxe do Carme dará comezo as 20:30 horas na Capela do Carme, e a continuación, sobre ás 21:30 horas, a veciñanza poderá participar na tradicional procesión nocturna á igrexa de Santa María, co acompañamento da Banda Cultural e Recreativa das Pontes e da Banda de Gaitas da Escola Municipal das Pontes. Coincidindo co descanso da procesión, na Praza do Hospital actuará a Agrupación Coral As Pontes e haberá un espectáculo piro-musical en honra á Virxe do Carme. A continuación, a partir das 23:00 horas, regresará a verbena á Praza do Carme coa actuación das or-

A música colle un papel protagonista nuns festexos nos que os nenos tamén teñen o seu espazo



ZAFIRO TOURS VILALBA

¡YA HA LLEGADO LA VENTA ANTICIPADA DE VERANO! CONSÚLTANOS PRECIOS

Rúa Campo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T: 982 511 544

Castillo
Son Dornios

Ensinando ao mundo como beben os galegos

Albariño Ézaro, Godello Estela do Val, Ribeiro Lavandeira e por suposto, vermut Arnao

¡Discosta Norte deséxalles unhas felices festas!

Teléfono 982 128 900 • www.discosta.com • www.arnaovermut.com

questras París de Noia e Capitol e, ao igual que en anos anteriores, ao finalizar a verbena procederase á elaboración da alfombra floral.

DOMINGO 16

O domingo, 16 de xullo, os actos festivos comezarán, ás 12:00 horas, co pasacalle dos grupos Canavella e Os Trevillas. A esa mesma hora terá lugar a solemne celebración da eucaristía, na igrexa parroquial de Santa María, cantada pola Agrupación Coral As Pontes, e a continuación comezará a procesión de subida da Virxe do Carme, co acompañamento das Banda de Música Cultural e Recreativa das Pontes e do grupo de música tradicional Canavella para, seguidamente, realizar a ofrenda floral. A partir das 14:00 horas, a Praza do Carme acollerá unha sesión vermú a cargo da orquestra Magos e, xa pola noite, a partir das 22:00 horas, será a quenda para a orquestra La Misión e para Los Coleguitas.

RESTO DA SEMANA

O luns, 17 de xullo, haberá pasacalle, ás 11:30 horas, da man dos grupos No Cómbaro e Canavella e a Praza do Carme volverá acoller unha nova sesión vermú, amenizada polo Trío Jaque. Xa pola tarde, a partir das 20:00 horas, a veciñanza poderá presenciar unha nova edición do Festival Folclórico Internacional que achegará ás persoas asistentes á cultura, á danza e á música doutros continentes. A xornada finalizará coa verbena, a partir das 22:00 horas, na Praza do Carme, a cargo das orquestras Satélites e Olympus. Este ano, como novidade, o Concello das Pontes pon en marcha a iniciativa "Noites do Carme", que se desenvolverá na Praza do Carme, entre os días 18 e 22 de xullo, ás



21:30 horas, e que permitirá a veciñanza gozar de catro espectáculos musicais.

O primeiro deles celebrarase o martes, 18 de xullo e será "Recordando a Nino Bravo", a cargo de Serafín Zubiri e a Banda do Conservatorio de Música Profesional das Pontes. O mércores celebrarase o I Festival de Acordeóns das Pontes que contará coa presenza de Os Ióstregos (A Estrada), acompañados por Carlota Rozados, Albino Bustelo e Marietta e no que tamén participará o grupo de acordeóns da Escola Municipal de Música Tradicional das Pontes. O xoves será a quenda para o espectáculo musical "Camiñantes e Cantantes" da Orquestra Ocaband no que, seguindo as rutas do Camiño de Santiago, farán un percorrido pola música galega, os seus autores e intérpretes. O venres tomará o relevo a Banda Recreativa e Cultural Vila das Pontes e a Escola Municipal de Gaita, que ofrecerán un concerto conxunto e xa o sábado, 22 de xullo, a veciñanza poderá gozar coa música rock da man de Galifunk Brass, Vereda, Tregua e Turbo Kracks.

Ao igual que en anos anteriores, para os máis pequenos e pequenas da vila, a Biblioteca Muni-



pal Rivera Rouco sairá á rúa coa iniciativa Parque Activo coa que ofrecerá, de sábado a mércores, de 11:30 a 14:00 e de 17:30 a 20:30 horas unha proposta de ocio alternativo para os nenos e nenas que se queiran achegar ata os xardíns do Parque Municipal. Entre as propostas que achegarán á poboación máis moza destacan os espectáculos C@nto contigo de Paco Nogueiras (15 de xullo), Peque Disco de Moc Moc (16 de xullo), O Show de Fifo de Troula Animación (18 de xullo) Bolboreta de A feira das linguas (19 de xullo), todos eles ás 18:30 horas no Parque Municipal.

Así mesmo, os días 19 e 20 de xullo, ás 22:00 horas, haberá cine ao libre no patio do colexio Santa María, onde se proxectarán os filmes Valentina e Space Jam 2.

FESTA DA FRAGA

As actividades programadas para a Festa da Fraga comezarán o día 24 de xullo, ás 12:00 horas cun pasacalle a cargo dos grupos tradicionais No Cómbaro e Os Trevillas e, a partir das 19:30 horas botará a andar o Festival Folk que, este ano, contará coas actuacións de Nim-bos, Caamaño & Ameixeiras, Xosé



Lois Romero & Aliboria, Lamatum-bá e A Quinillada.

O martes, 25 de xullo, a Romaría da Fraga comezará as 13:00 horas coa misa de Santiago Apóstolo, na Capela do Carme e ás 13:30 horas trasladarase á Fraga para dar comezo a sesión vermú amenizada por Louband.

Durante a tarde, a partir das 18:00 horas, na carballeira actuarán os grupos Batukada Latexo e Brassica Rapa. A xornada rematará coa actuación de Grupo Origen a partir das 22:00 horas.

Como é tradicional, os ponteses e as pontesas que participarán na Romaría da Fraga teñen un primeiro labor, delimitar o terreo no que se instalarán as pandillas a fin de semana do 25.

Sen dúbida esta actividade non deixa de ser o pistoletazo de saída aos festexos.

Esta acción xa tivo lugar polo que as pandillas das Pontes xa pasaron pola carballeira o venres 8 para deixar ocupado o seu lugar, no que comezarán a construír o seu pendello. Ninguén faltou á cita co metro. Algúns foron temprano para estar listos para o momento no que se abría o tempo e outros tiveron sorte aínda que chegaron xustos. Pero, con terreo delimitado ou non

a festa prevese multitudinaria.

MISAS

As celebracións litúrxicas non faltarán coa Novena entre os días 7 e 15 con horario de 7.40 e 20.00 horas. O 15, día de finalización da Novena, o horario muda ás 20.30 horas. A continuación, ás 21:30 solemne procesión de baixada da Virxe do Carme á igrexa parroquial. O 16 de xullo, solemne misa patronal ás 12:30 tamén na igrexa parroquial. A continuación, procesión de subida da Virxe á capela e ofrenda floral. O 17 a misa será ás 12.30 horas na honra a Santa María Magdalena na capela para rematar o día 25 de xullo co oficio ás 12.00 horas na capela.

DEPORTE

Xunto ás programación culturais e de ocio, únense tamén outras citas deportivas de interese que se prolongan durante todo o mes de xullo. Así, xa tivo lugar por exemplo o Maratón de Fútbol Sala e tamén a proba da Caza do Zorro para radioaficionados. Tamén volve celebrarse o torneo de tenis ou o rallye de clásicos, entre outras citas habituais.

TODO EN ALIMENTACIÓN
Refrigerados y Congelados

* Hostelería
* Colegios
* Colectividades
* Panaderías
* Tienda Tradicional

REPRESENTACIONES CABARCOS

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villaalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com

ENTREVISTA

Lorena Tenreiro, concelleira de Cultura

“Unha das propostas máis interesantes, porque se saen do común, son as Noites do Carme”

Con tan pouco tempo foi difícil preparar as festas?

A verdade é que non porque o meu predecesor, Vicente Roca, fixo un traballo espectacular e practicamente deixou todo atado, para esta edición. A min quedáronme pequenos detalles, o traballo gordo de planificación das festas estaba realizado por el. Eu basicamente collín a testemuña, pechei algunhas cousas que quedaban pendentes e puxen ao día os temas de loxística, infraestruturas ou coordinación de horarios pero a parte máis importante do traballo xa a realizara el.

Que considera que é o máis destacado das festas deste ano?

Para min unha das propostas máis interesantes polo que ten de novidade e porque se sae un pouco do que é a programación habitual das festas das Pontes son, sen dúbida algunha, as Noites do Carme. É unha oportunidade única para os nosos veciños e veciñas de mostrar o seu bo facer e dar a coñecer as actividades que se están a realizar desde diferentes espazos como o Conservatorio, a Banda Cultural Recreativa, a Escola de Gaita ou a Escola de Acordeóns,



que moitas veces quedan en segundo plano. Esta proposta ten moito de novidade e é unha forma de darlles o protagonismo que penso que merecen e por iso para min é o máis destacado das festas deste ano.

Hai unha recuperación cen por cento tras a pandemia?

Si, total e absoluta, a pandemia queda moi lonxe. Parece que foi hai séculos en lugar de hai tres anos e xa temos o paso totalmente cambiado e volvemos ás festas con total normalidade.

Este ano a Asociación Amigos da Madeira das Pontes serán os pregoeiros, como foi esta elección?

Esta é unha proposta que nace de varios concelleiros e concelleiras e avalada polo alcalde das Pontes. Son unha asociación que fai un labor excepcional por divulgar,

conservar e promocionar un oficio tradicional como é o dos torneiros. Tamén é unha gran defensora da posta en valor de todo o que ten que ver cos oficios tradicionais. Nas Pontes os torneiros teñen un papel moi destacado dentro da nosa historia económica e social. Ademais para nós son un gran exemplo do que entendemos como asociación, porque sempre colaboran con cada unha das iniciativas que saen do Concello, sempre axudando, participando en feiras, eventos e deseñando en moitas ocasións os trofeos, premios ou agasallos que lles damos á xente que vén ás Pontes, que participa en probas deportivas ou que vén cantar. Sempre están dispostos co Concello pero é que tamén son uns grandes colaboradores con outras asociacións e por iso para nós representan á perfección o que é o espírito asociativo e a razón de ser das asociacións dunha vila. Por todo isto cremos que é de xustiza recoñecerlles todo ese traballo que fan de forma altruísta cada día do ano.

Que actividades podemos atopar este ano para os máis pequenos?

Para os máis pequenos como todos os anos o que imos facer é sacar a biblioteca á rúa dende o sábado pola mañá ata o día 19. A proposta é que todas as actividades que se fan dende

a biblioteca para dinamizar o espazo, promover a cultura e a lectura estean na rúa para que os nenos e nenas coñezan todas as posibilidades que a biblioteca ofrece. Habrá actividades como contacontos, musicais, obradoiros de lectura, de pintura ou de debuxo. Tamén estará dispoñible o servizo de préstamo e repartiranse premios para os mellores debuxos, redaccións ou poesías. O obxectivo é mesturar o ocio, a diversión e o lecer con esa parte cultural tan importante, unha forma de incentivar a cultura nunha contorna excepcional como o parque municipal. Este parque activo tamén inclúe o luns unha festa na que haberá inchables, festas da escuma e moitas máis actividades. Pensando xa nun público máis maior, pero que segue sendo novo, estará o cine ao aire libre coa proxección das películas Valentina e Space Jam 2 que se proxectarán no patio de colexio de Santa María.

Que variedade podemos atopar a nivel musical?

Hai unha mestura bastante interesante porque por un lado temos as orquestras coas súas verbenas que amenizarán as festas venres, sábado, domingo e luns. A música tradicional estará presente nos pasacalles que comezarán o sábado e estarán todas as mañás dos días de festas, con grupos

“Para os máis pequenos o que imos facer é sacar, como todos os anos, a biblioteca á rúa”

MUEBLES EUME

SALONES • DORMITORIOS
SOFÁS • JUVENILES
DESCANSO • Y MUCHO MÁS!...

**Avd. Habana N°87,
15320 As Pontes
A Coruña
Tel.: 981 453 228**

**RESTAURANTE
CERVECERÍA**

A FERVENZA
de Samede

Calle Alexandre Bóveda nº 1
15320 Puentes de García Rodríguez
T. 881 090 441



das Pontes como No Cóbaro, Canavella ou Os Trevillas. Nas Noites do Carme contaremos coa música máis variada porque temos desde o concerto de Serafín Zubiri e a Banda do Conservatorio de Música das Pontes ata o I Festival de Acordeóns das Pontes con grupos como Os Lóstregos e a Escola Municipal de Acordeóns. Imos contar tamén cun concerto feito pola Banda Recreativa e Cultural Vila das Pontes e a Escola Municipal de Gaitas, unha proposta moi novidosa.

O sábado haberá unha proposta de rock con Galifunk Brass, Tregua, Vereda e Turbo Kraks e tamén haberá unha proposta musical en torno ao Camiño do Santiago da orquestra Ocaband, na que se fai un percorrido polas principais cancións, autores e cantantes galegos. A nivel musical o prato forte destas festas é a actuación de Los Secretos, pop nacional dos anos oitenta e noventa, moi coñecido e con moitos seguidores e por suposto tamén o concerto folk na Fraga e a sesión vermú coa charanga Louband. Un programa cun pouco de todo e para todos os gustos.

Como é a participación nestas festas?

O que sucede moito nas Pontes durante as festas é que a xente que non reside habitualmente no pobo pero si é del, aproveita as festas para vir. Temos evidentemente moita xente da contorna pero sobre todo hai moitos ponteses e pontesas que por circunstancias persoais, laborais ou de estudos non están en todo o ano nas Pontes e aproveitan estas festividades para achegarse á vila. As festas son sempre un gran reclamo que atraen a moitísima xente.

Hai intención de que a organización das festas volva á comisión?

A nosa intención é seguir organizando nós as festas, non temos previsto a curto prazo que o faga a comisión. No ano 2022 tras dous anos sen poder celebrarse e con todas as consecuencias da pandemia nas que a normativa obrigaba a poñer en marcha unha gran cantidade de cuestións técnicas e de seguridade consideramos que era a obriga do Concello facelo. Non resultou mal e pensamos que debemos continuar este labor.

EN DETALLE

“A miña idea é continuar co proxecto iniciado e traer programación de calidade”

Lorena Tenreiro Blanco é a nova concelleira de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías, despois da remodelación do Goberno municipal que se produciu tralas eleccións municipais celebradas no mes de maio. Tenreiro xa levaba unha lexislatura como concelleira de Organización Interna e Medios Locais.

Que proxectos ten para o futuro na área cultural?

A miña idea é continuar coa traxectoria iniciada tanto por Sonia Sueiro como por Vicente Roca que é traer programación de calidade para todas as idades e todos os públicos a un prezo asumible e que ao final iso nos sitúe na primeira liña de cultura. Seguir buscando a calidade e espectáculos que congreguen a

xente e que non teñan nada que envexar a unha programación dunha gran cidade, dentro das nosas posibilidades. Continuaremos apostando pola diversidade e que as nosas asociacións sigan a ter un papel destacado na dinamización cultural, formando e aportando á programación das Pontes.

Que necesidades culturais ten actualmente As Pontes?

Eu penso que agora mesmo As Pontes non ten nada que envexar a outras programacións culturais. Temos teatro, maxía, cine comercial de estrea e contamos con artistas de primeira liña como Rozalen ou as Tanxungueiras. Seguramente existan cousas que mellorar, moitas, e pola nosa parte continuaremos a escoitar

aos veciños e veciñas, intentando programar acorde cos seus gustos e as súas demandas e diversificando para que ninguén se sinta excluído das propostas culturais.

Vai a continuar sendo o lago un punto de referencia dentro da programación cultural da vila?

Si, vai continuar sendo un escenario deportivo e cultural. Imos intentar potencialo ao máximo porque é un dos principais atractivos que ten a nosa vila, non só como espazo deportivo único e singular que alberga gran número de probas senón tamén para poñelo no panorama como escenario musical. Evidentemente sempre respectando o entorno e o medio ambiente porque é un espazo que debemos protexer e coidar.

PONTESA
MARMOLES Y GRANITOS

Polígono Industrial Os Airios, sector 2 parcela 11B
As Pontes de García Rodríguez - A Coruña
Tlf.: 981 450 899 / email: info@pontesa.es

herranz
odontólogos

Herranz Odontólogos
Clínica Dental
para niños

Odontopediatría y Ortodoncia

La mejor solución para la salud bucodental de los más pequeños

ODONTOLOGÍA GENERAL Y ESPECIALIZADA
ESTÉTICA DENTAL
IMPLANTOLOGÍA CON CIRUGÍA GUIADA
ODONTOLOGÍA DIGITAL
PERIODONCIA
ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
BRUXISMO Y ATM
ORTODONCIA - INVISALIGN®

Alfredo Vicenti 2, 2C. 15004, A Coruña
Rosalia de Castro 4, bajo. 15320, As Pontes
www.herranzodontologos.com
981 255 874

OS PREGOEIROS

Os torneiros abrirán as festas o venres 14

A Asociación de Amigos da Madeira será a encargada da lectura do pregón no parque municipal



Esta asociación nace no 2007 tras a celebración do primeiro encontro de torneiros co obxectivo de conectar a xente entre encontros e de continuar evolucionando na recuperación do torneado profesional. "Hai unha inquietude de conectar coa xente entre un encontro e outro xa que non hai unha continuade nin unha agrupación de xente coas mesmas inquietudes entón a raíz destes encontros de torneiros xorde a idea de facer unha asociación de persoas que compartan estas inquietudes" conta Alfonso Franco, presidente da asociación.

Unido á celebración todos os anos do Encontro de Torneiros, que ten lugar en Xermade e no que durante varios días se poden desfrutar de exposicións, obradoiros e da presenza de tallistas internacionais, esta asociación realiza un labor durante todo o ano. Comezaron un obradoiro de torno para dar unha formación a toda esa xente que tiña unha inquietude pero non contaba cos coñecementos para poder dedicarse a este oficio. "Nós tivemos tamén a sorte de que aquí había un torneiro, Lolo Castro, que aínda continuaba dedicado activa e profesionalmente ao torno, en base a iso é como tratamos de recuperar esa actividade". Na actualidade contan cun "grupo estable e numeroso dentro da asociación con ganas de facer



cousas, moi activos e con ganas de innovar". Os obradoiros duran dende outubro ata maio e teñen lugar os martes e os sábados. Unha vez rematado o curso realizan un día de portas abertas onde "expoñemos os obradoiros que se fan e tamén realizamos demostracións en vivo de talla de torno" ademais ese día tamén se poden ver as diferentes pezas

"Ser pregoeiros supón un gran recoñecemento ao labor realizado estes anos que é tratar de recuperar unha profesión que no seu día foi importante"

que se realizaron durante todo o ano. Neste curso eran oito as persoas que participaban do obradoiro para tratar de incorporarse ao oficio, "temos tamén a sorte de que algúns son novos e representa para nós un futuro". Esta asociación está na actualidade formada por 65 socios e nos seus comezos foron vinte as persoas que conformaban

HORARIO

- 20.30 horas: Pregón e homenaxe á Asociación amigos da Madeira das Pontes. Parque Municipal.
- Ao finalizar. Concerto do colectivo Rockservatorio. Na praza do Concello.
- 22.00 horas. Concerto de Los Secretos. Rúa 8 de Marzo.
- 00.00 horas. Verbena coa orquestra Marbella e o grupo Assia. Praza do Carme.

GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

Avda. Vilalba, 6 - baixo
15320 AS PONTES (A Carulla)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamín Paz, 25 baixo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

TEXAS

— MODA JOVEN —

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

 Texas Moda Joven

EXPOSICIÓN

Unha foto, un poema

Entre o 12 e o 30 de xullo permanece aberta no colexio Santa María das Pontes unha mostra co título *Fotopoema 2023, unha foto un poema*.

Trátase dunha recompilación de traballos de fotografía creativos levados a cabo por fotógrafos e fotógrafas ponteuses e do grupo poético Alalá.

A mostra abriuse cun recital de poesía que tivo lugar na Casa Dopeso na tarde do mércores 12.

Previamente tamén se celebrou o primeiro con-



certo das festas, a cargo da Rondalla Vila das Pontes e alumnado do Conservatorio profesional de Música das Pontes, no parque municipal, ás 20.30 horas.



se dedicaran ben parcialmente ou ben completamente a esta actividade". Alfonso conta que "actualmente temos un rapaz que se incorporou este ano que ten un obradoiro de belas artes e pensamos que pode ser unha das persoas con capacidade para recuperar a actividade de talla de torno como oficio".

Unha vez que o oficio está xa un pouco recuperado e actualizado dende a asociación buscan "tratar de recuperar a actividade económica. É dicir, que o oficio sexa rendible para aquelas persoas que queiran dedicarse a isto como medio de vida". Para isto é necesario realizar "unha posta en valor das pezas, xa que

aquí non se venden pezas pero queremos que a xente as valore. Xa hai un interese por comprarlas, entón creemos que chega o momento de pensar de cara ao futuro a maneira de poder comercializalas".

"Na actualidade en Galicia existen obradoiros que participan en mostras e que teñen durante todo o ano actividades, como escolas de torno onde realizan pezas para empresas ou comercios, entón o que queríamos era buscarlles unha saída económica, que se poda comercializar as pezas desta xente ben a través de internet ou ben nos obradoiros propios pero buscando un futuro económico o oficio".

Esta asociación conta na actualidade con 65 socios e nos seus comezos foron vinte as persoas que iniciaron o traballo

a Asociación de Amigos da Madeira. Tras uns anos con pouca actividade consolidouse e foi crecendo ata o que son na actualidade. Neste último ano "alégranos moito a incorporación de rapaces novos como socios, a xente dá un relevo na asociación e ademais trae ideas novas, novos coñecementos e con internet ven cousas que queren probar, ver como é e isto supón unha continua innovación".

A elección como responsable do pregón supón para esta asociación "un gran recoñecemento a todo o labor que vimos realizando estes anos, que facemos de moi boa gana, que é tratar de recuperar unha profesión que no seu día, no pobo das Pontes, foi importante". Antes da chegada da industrialización nos diferentes pobos as profesións artesanais eran esenciais porque "a economía estaba baseada na autosuficiencia polo tanto era preciso contar cunha serie de profesións que realizaran todos os utensilios necesarios para a vida diaria". Unha vez que chegou a época da industrialización e a economía de consumo estes

oficios remataron por desaparecer. Para o futuro o principal obxectivo da asociación e "consolidar á xente que vai recibindo a formación, que continúen tras os primeiros pasos. Por sorte a maior parte da xente continúa e a nosa ilusión é que alguén dos que están aprendendo e lles ilusiona

PRIMEIRA ACTUACIÓN

ROCKSERVATORIO

Unha vez rematado o pregón terá lugar unha actuación musical que dá pulo aos artistas locais. Trátase dunha nova proposta de Nacho, mestre de percusión, e de Fernando, mestre de guitarra, do Conservatorio de Música Profesional das Pontes. Unha iniciativa coa que lle ofrecen ao alumnado unha visión máis aberta das posibilidades dos seus instrumentos. Un grupo de rock local que ofrecerá unha mostra do seu traballo na propia praza do Concello.



FP Ferretería Puentes, S.L.



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
Rúa da Pravia, 25/27 / Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503



VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com



Integrada en:



Grupo Alcongal

las rías

12
mércores

20.30 Concerto da **Rondalla vila das Pontes** e alumnado do **Conservatorio de música**.
Parque municipal

15
sábado

12.00 Pasacalles grupos tradicionais **Canavella** e **No Cómbaro**.

12.00 Concerto **Banda Cultural e Recreativa das Pontes**.

13.30 Sesión Vermú co grupo **Trasnos**. Praza do Carme

18.30 Parque@ctivo: **Conto Contigo de Paco Nogueira**. Campo da Feira.

20.30 Novena e misa na honra á Virxe do Carme. Capela do Carme.

21.30 **Procesión nocturna** co acompañamento das Bandas de Música das Pontes e de Gaitas e da Escola Municipal das Pontes

23.00 Verbena coas orquestras **Paris de Noia** e **Capitol**. Praza do Carme.

14
venres

20.30 Pregón homenaxe **Asociación Amigos da Madeira das Pontes**.

22.00 Concerto **Los Secretos**
Rúa 8 de marzo.

00.00 Verbenas coas orquestras **Marbella** e **Grupo Assia**.
Praza do Carme

17
luns

11.30 Pasacalles cos grupos tradicionais **Canavella** e **No Cómbaro**.

12.30 Misa de Santa María Magdalena e Procesión. Capela do Carme.

14.00 Sesión vermú co grupo **Trío Jaque**. Praza do Carme.

16.30 Parque Infantil. **Inchables, xogos e festa da escuma**. Campo da Feira.

18.30 Pasacalle dos grupos folclóricos do Festival Internacional.

20.00 **Festival Internacional do Folclore**. Pavillón Municipal.

22.00 Verbena coas orquestras **Satélites** e **Olympus**. Praza do Carme.

16
domingo

12.00 Pasacalles cos grupos tradicionais **Canavella** e **Os Trevillas**.

12.30 Solemne celebración da eucaristía na igrexa parroquial.

Procesión e subida da Virxe do Carme co acompañamento das Bandas de música cultural e recreativa das Pontes e o Canavella.

14.00 Sesión vermú coa orquestra **Magos**. Praza do Carme.

18.00 **Parque@ctivo** coa peque disco Moc Moc. Campo da Feira.

22.00 Verbena coas orquestras **La Misión** e **Los Coleguitas**. Praza do Carme.

18
martes

18.30 **Parque@ctivo** co Show de Fito de Troula Animación. Campo da Feira.

21.30 **As noites do Carme**. Concerto de **Serafin Zubiri** e a **Banda do Conservatorio das Pontes**. Recordando a Nino Bravo. Praza do Carme.

20 XOVES



21.30 **As noites do Carme.**
Espectáculo musical Camiñantes e Cantantes de La Ocaband. Praza do Carme.

22.00 Cine na rúa. **Space Jam.**
Patio do colexio de Santa María

24 LUNS



12.00 Pasacalles dos grupos tradicionais **No Cómbaro e Trevillas.**

19.30 **Festival Folk A Fraga** cos grupos Nimbos, Caamaño e Ameixeiras, Xosé Lois Romero e Aliboria, Lamatumbá e A Quinkillada.

25 MARTES



Romaría da Fraga. Festa declarada de Interese Turístico.

12.00 Misa de Santiago Apóstolo. Capela do Carme.

13.30 Sesión vermú coa charanga **Louband.**

Actuación dos grupos Batukada Latexo e Brassica Rapa ao longo da xornada. Carballeira.

22.00 **Grupo Origen.**

19 MÉRCORES



18.30 **Parque@ctivo** con Bolboreta da Feira das Linguas. Campo da Festa.

21.30 **As noites do Carme.** I Festival de acordeóns Vila das Pontes. Praza do Carme.

22.00 Cine na rúa. **Valentina.** Patio

22 SÁBADO



21.30 **As noites do Carme.** Concerto dos grupos Galifunk Brass, Vereda, Tregua e Turbo Kraks. Praza do Carme.

12 ao 30

Unha foto un poema. Exposición colectiva de fotógrafos ponteses e do grupo poético Alalá.

Patio de Santa María.

21 VENRES



21.30 **As noites do Carme.** Concerto da Banda Recreativa e Cultural Vila das Pontes e da Escola Municipal de Gaitas. Praza do Carme.

7 ao 15

7:40 e 20.00 **Solemne novena na honra á Virxe do Carme.**

Na carpa diante da Capela do Carme.

15 ao 19

11.30 a 14.00 e de 17.30 a 20.30 **Parque@ctivo.** Programación diferente cada día.

Xardíns campo da feira.

MÚSICA PARA TODOS

Unha programación musical para todos os gustos

Los Secretos é cabeza dun cartel no que terán o seu oco as bandas locais e as orquestras de verbena



LOS SECRETOS

As Festas do Carme e a Fraga das Pontes de García Rodríguez terán como protagonista este ano á mítica banda Los Secretos, que ofrecerá un concerto o venres 14 de xullo ás 22:00h no Canal IV. O grupo liderado por Álvaro Urquijo, continúa achegándose ao público cun show emocionante e tremendamente optimista. En palabras de Álvaro Urquijo, líder da banda e membro fundador do grupo xunto aos seus irmáns, alá en 1978, "tras o vivido por todos, queremos reivindicar a necesidade de seguir sempre adiante, de non deixarse vencer polos obstáculos e ofrecer a nosa música como unha ferramenta realmente útil ao alcance do público". O concerto ofrecerá un percorrido polos temas máis emblemáticos do grupo como son *Déjame*, *Pero a tu lado* ou *La calle del olvido*, así como cancións máis recentes e pretenden ser un crisol de emocións no que a xente poida sentirse identificada.

SERAFÍN ZUBIRI

O martes 18 de xullo destaca o concerto de Serafín Zubiri a partir

das 21.30 horas. Serafín Lizoain Vidondo iniciou no ano 1987 iniciou a súa carreira en solitario co apelido de Zubiri, en homenaxe a súa localidade. Artista invidente é cantante, pianista e compositor e pasou seis anos en orquestras de baile ata que comezou a traballar en solitario. Destaca o seu paso por Eurovisión así como a súa participación como actor en televisión. Atópase percorrendo España cunha serie de concertos en lembranza a Nino Bravo. Estará acompañado nas festas da Banda do Conservatorio das Pontes.

LOUBAND

Louband é unha formación musical nada en Sarria no ano 2017. O estilo musical inclúe versións de clásicos musicais tanto en galego como en castelán. Entre os estilos musicais destacan o Ska, reggae, cumbia, pop e rock. Todos as versións están arranxadas por eles mesmos dando protagonismo ás voces e aos ventos da formación. Do repertorio en galego destacan versións como *O Tren* de Andrés do Barro, *Quen puidera namorala* de Celso Emilio Batallán así como tributos a outros grupos galegos coñecidos como Lamatumbá, Sinistro Total ou Heredeiros da Crus. No repertorio en castelán conflúen numerosos estilos entre a cumbia o pop dos 80' e 90' e o rock de máis éxito.

BATUKADA LATEXO

En Latexo queren levar a percusión, a música e a felicidade a todas as persoas. A través dun



espectáculo de batucada baseado nos ritmos dos blocos afro brasileiros, a percusión de Latexo transpórtanos a diferentes lugares do mundo nos que o ritmo e o movemento son parte fundamental do cotián.

BRASSICA RAPA

Brassica Rapa é unha brass band nada a finais de 2017 buscando darlle unha volta ao concepto de charanga. Formado integramente por mulleres, tocan instrumentos de vento metal e percusión e crean unha atmosfera alegre coa súa música, de repertorio coñecido e fresco, coa que a festa está asegurada. Trompeta, trompa, dous trombóns, un saxo alto, unha tuba, unha caixa e un bombo compoñen a súa formación, que pretende reivindicar a presenza da muller neste tipo de agrupacións a través da festa.

FESTIVAL FOLK

As festas rematarán cun festival de música folk na Fraga na que participan catro grupos de gran prestixio. **Nimbos** é unha banda de rock/pop sinfónico conformada na Cidade de Gualaguaychú - Entre Ríos - Arxentina, a finais de outubro de 2014. Todas as cancións compostas e producidas por Gustavo Nísero, baixo o concepto Choral Symphony arrimando tamén influencias de folk, jazz, country, celta e a bendita música sesenteira.

Caamaño&Ameixeiras é un dúo ligado á música e ao baile de raíz. Formado por Sabela Caamaño (acordeón cromático) e Antía Ameixeiras (violín e voz) en 2018, este dúo acumula, na súa curta pero intensa traxectoria, un gran número de concertos, tanto dentro da xeografía galega, o seu lugar de orixe, como fóra dela e no ámbito internacional.

Xosé Lois Romero & Aliboria son o proxecto indicado para trasladar o bruar da terra nunha sorte de zunido tribal, de folclore racial, de estalido musical.

O combo galego que dirixe o prestixioso multiinstrumentista Xosé Lois Romero leva demostrándoo nos escenarios dende hai máis de 3 anos, a partir da publicación dun homónimo debut que servía como revulsivo catalizador para amosar un xeito absolutamente salvaxe e orixinal de acometer a música tradicional galega.

Lamatumbá é un grupo musical galego nado en marzo de 1998 que combina multitude de estilos, cuxo eixo é un son festeiro e verbeneiro. Teñen varios discos de estudo, e actúan con frecuencia en escenarios galegos e peninsulares. Considéraselles un dos maiores expoñentes da música galega. **A Quinillada** é a sinerxía entre a maxia da verbena galega e a forza dun festival con toda a frescura dunha banda nova. A mestura de ritmos latinos coa rumba máis quinki fará que baile todo aquel que se deixe levar polos temas do seu primeiro disco.

ORQUESTRAS

- Venres 14 (0.00): Marbella e Grupo Assia.
- Sábado 15 (13.30): Trasnós
- Sábado 15 (23.00): París de Noia e Capitol.
- Domingo 16 (14.00): Magos.
- Domingo 16 (22.00): Satélites e Olympus.
- Xoves 20 (21.30): La Ocaband.
- Martes 25 (22.00): Grupo Origen.



CAFÉ-BAR
TORRE LAVEGA
DESDE 1964

Xa estamos
de volta

Con grupos propios do termo municipal

OS TREVILLAS

Este grupo formado por uns amigos das Pontes, aos que lles gustaba a música, comezaron a aprender a tocar a frauta alá polo ano 1993 no baixo dunha carpintería, da man do músico autodidacta Manuel Seijo. Logo ensinoulles a tocala gaita, e co paso do tempo decidíronse a formar un grupo, que naceu no ano 1995. O seu primeiro disco presentouse o 22 de outubro do 2005 no Cine Alovi das Pontes, e chamouse *Dalle Dalle*, está feito de pezas tradicionais galegas, e tamén inclúen nel unha canción que lles ensinou o sacristán das Neves.



NO CÓMBARO

Este grupo de música galega formouse no ano 2003, empezando a súa traxectoria como cuarteto tradicional con dúas gaitas, tambor e bombo. Co transcurso dos anos fóronse incorporando outros instrumentos como son a zanfona, a frauta traveseira, o clarinete, acordeón e voz ata completar a formación actual composta por oito membros.

Os inicios das súas actuacións foron coas alboradas e os pasacalles, recorrendo as comarcas do Eume, Terra Chá e Ferrolterra.

Participaron tamén en festivais na localidade e arredores. Con este pequeno proxecto, ademais de desfrutar tentan divulgar, dignificar e manter viva a esencia da música tradicional, dándolle un xeito propio con pezas da súa propia creación pero tamén mantendo e conservando o repertorio dos antigos gaiteiros.

CANAVELLA

Este grupo creouse con membros da Escola Municipal de Música Tradicional das Pontes arredor dos anos 2009, e nos seus comezos estaba formado por 3 gaitas, 2 tamboris e 1 bombo. Actualmente está composto



por 3 gaitas, 1 tamboril e 1 bombo pero o seu repertorio está formado por todo tipo de pezas tradicionais como son os pasodobres, as muiñeiras, as rumbas ou as xotas.

RONDALLA VILA AS PONTES

Un grupo de pais e nais, apoiados polo equipo Pastoral crea en 1987 a "Rondalla Vila das Pontes", tendo a súa primeira actuación ao ano seguinte nas festas patronais. No 1996, nace o coro de voces mixtas, que sempre estará acompañado pola "Rondalla". Ten actuado ao longo das catro provincias da nosa Comunidade, destacando os concertos na Colexiata da Coruña e no Teatro Rosalía de Castro da mesma, XII Encontro internacional de Corais e rondallas de Ourense, así como en Asturias, Gondomar (Portugal), XV atopo Coral en Sassocorvaro (Italia), 8º Festival

Corale Internazionale Cantate Adriatica (Rep de S. Mariño), festas patronais de Aranzuez no programa de TVE Galia para o Mundo e na misa Dominical da TVG.

O seu repertorio está composto por pezas de música clásica, habaneiras, popular, sacra e do folclore do mundo en xeral. Desde a súa creación foi dirixida por Alfonso Delgado López ata o final do 2021, tomando a substitución na dirección Xurxo Iglesias Vázquez, a partir desta data.

BANDA DAS PONTES

A Banda de música cultural e recreativa das Pontes de García Rodríguez, está formada por 40 membros. Fai actuacións a través da rede cultural da Coruña co obxectivo de recuperar as bandas tradicionais. Está vinculada, xunto á Escola de Música e a Banda Xuvenil ao conservatorio local.



HORARIOS

- Mércores 12 (20.00): Rondalla Vila das Pontes.
- Sábado 15 (12.00): Pasacalles Canavella e No Cómbaro.
- Sábado 15 (12.00): Concerto Banda Cultural e Recreativa.
- Domingo 16. (12.00): Pasacalles: Canavella e Os Trevillas.
- Luns 17 (11.30): Pasacalles Canavella e No Cómbaro. (18.30): Pasacalles grupos Festival Internacional (20.00). Festival.
- Mércores 19 (21.30): I Festival Acordeóns.
- Venres 21 (21.30) Concerto Banda Recreativa e Escola Municipal de Gaitas.
- Sábado 22 (21.30). Concerto de grupos Galifunk Brass, Vereda, Tregua e Turbo Kraks.
- Luns 24 (12.00). Pasacalles con No Cómbaro e Trevillas.



MERCAUTO

DESDE 1987

TU AUTOMÓVIL EN LAS MEJORES MANOS

+ más de 1500 vehículos en stock
chapa/pintura, mecánica y electricidad
grandes ofertas en neumáticos

Pol. Ind. Sete Pontes, P17 - 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 511 313
email: ventas@mercauto.cb.com
web: www.mercauto.cb.com

DESEÑO WEB E GRÁFICO

eumenet

626 096 107

eumenet.es

OFRENDA FLORAL

Corenta anos embelecendo o paso da Virxe

Un grupo de veciños elabora todos os anos as alfombras florais para o paso da procesión

A tradición da alfombra floral das Pontes conta xa con máis de corenta anos de antigüidade e este ano volverase realizar na noite do sábado para acompañar á Virxe no seu camiño de volta á súa capela na procesión do domingo. Diferentes persoas, dun xeito totalmente altruísta, ben por devoción á Virxe, por cuestións relixiosas ou simplemente por afección participan na elaboración desta alfombra que ten como obxectivo venerar e render homenaxe á Virxe así como acompañala nese último tramo da procesión dende a igrexa de Santa María á Capela do Carme.

O Concello ponse en contacto co grupo de alfombristas para saber quen vai participar, existe xa un grupo máis ou menos estable que traballa todos os anos na elaboración da mesma. A alfombra realízase en base ao deseño do cartel das festas, é dicir, quen diseña o cartel realiza tamén o deseño da alfombra floral. Este ano está ao cargo da asociación de Artistas Ponteses e consiste

nun deseño que conta cun total de trinta e oito metros de largo que estará situado na praza do Carme.

Para a realización desta alfombra, ademais de flores, complétase con outros materiais como o serrín tinguido, a tulla, o sal e borras de café. A escaseza de flores así como a dificultade de atopar a cantidade necesaria nalgúns cores concretas fai que sexa preciso o uso de serraduras tinguidas para a configuración do deseño, o sal é utilizado para realizar a cor branca e as borras de café é o material co que se realizan os perfilados dos debuxos. O departamento de obras ocúpase de encargar, preparar, tinguir e deixar listas as serraduras.

Esta técnica do uso das serraduras e diferentes materiais lévase utilizando dende hai uns catro anos a raíz de varios encontros organizados polo Concello cos alfombristas de Pontearreas, grandes especialistas galegos na elaboración de alfombras florais. Nestes encontros explicaron que eles traballan con serraduras ante a dificultade de atopar as flores necesarias para facer as alfombras coas cores dos deseños. As flores que doan os veciños a través dos diferentes negocios do pobo córtanse nun dos colexios municipais. Durante varios días diferentes voluntarios encárganse de preparar e deixar listas cada unha das flores que formarán parte da alfombra. Este



proceso realízase o máis preto posible da data de elaboración da alfombra para que as flores se manteñan en bo estado e nin sequen nin perdan cor. Na madrugada do sábado ao domingo, cando rematan as orquestras, un equipo de obras e limpeza do Concello baleira e limpa a praza para deixala lista para comezar a traballar na elaboración da alfombra. Antigamente realizábase o debuxo a escala na praza, pero dado o complicado desta tarefa que levaba moito tempo, cambiouse de sistema. Na actualidade o bosquejo do deseño da al-

fombra lévase a unha imprenta que realiza unha impresión a tamaño real e que se monta na praza.

O proceso de elaboración comeza co encolado do papel que leva o deseño e que foi distribuído na praza para continuar, seguindo as indicacións de quen diseña a alfombra, colocando os diferentes materiais ata completar o debuxo. Moitas horas de traballo e de madrugada para un arte completamente efímero que remata pola mañá tras o paso da procesión pero que merece moito a pena polos resultados espectaculares.

HORARIO

- **7-15 de xullo:** Novena na honra á Virxe do Carme en horarios de 7.40 e 20.00.
- **15 de xullo (20.30):** Novena e misa na Capela do Carme. Ás 21.30 procesión nocturna acompañada da Banda de Música das Pontes e da de Gaitas da Escola Municipal. Na praza do Hospital actuación da Coral As Pontes e espectáculo musical no descanso da procesión. De madrugada, elaborarán a alfombra.
- **16 de xullo (12.30):** Eucaristía cantada pola Agrupación Coral As Pontes. A continuación, subida da Virxe acompañada das bandas de música Cultural e Recreativa das Pontes e o Canavella. Ofrenda floral.



RACIONES · HAMBURGUESAS
TOSTAS · BOCADILLOS
SANDWICHES · PIZZAS

AV. GALICIA, 83-85 · 15320 AS PONTES · T. 881 295 234

A TABERNA DE PANCHE

at.terra.cha@opn.com

PRECIO FAVORABLE
EXCELENTE CALIDAD
ROPAS · PAPELERÍA
JUGUETES · COCINA
ARTÍCULOS DE MASCOTAS
FERRETERÍA...

VIDA DULCE

— DULCE HOGAR GALICIA —

AVDA. GALICIA 83-85
15320 AS PONTES
T. 881 295 234
FACEBOOK:
DULCE HOGAR GALICIA

PARA TODOS OS PÚBLICOS

BIBLIOTECA

Parque activ@ no Campo da Feira

Como cada ano a biblioteca local presentará a súa programación cultural dirixida aos máis pequenos tamén durante as Festas do Carme nos xardíns do Campo da Feira.

Serán espectáculos cheos de música, bailes, teatro e moita diversión. Haberá actividades durante toda a xornada entre as 11.30 e as 14.00 horas e de 17.30 a 20.30 horas. Ademais, todos os días ás 20.15 horas haberá un sorteo de agasallos sorpresa entre os participantes.

Haberá actividades como contos, musicais, obradoiros de lectura, de pintura ou de debuxo. Tamén estará dispoñible o servizo de préstamo e repartiranse premios para os mellores debuxos, redaccións ou poesías.

Contarán tamén cunha programación específica e varias propostas culturais gratuítas.

Comezarán o sábado 15 co concerto da banda de música das



Pontes, ás 12.00 horas. Pola tarde, ese mesmo día será vez de *Conto Contigo*, o espectáculo de Paco Nogueiras, que terá lugar ás 18.30 horas.

Ao día seguinte, tamén ás 18.30 horas, terá lugar a *peque disco*, de Moc Moc, con música do gusto da cativada.

O luns 17 comezará a tarde, ás 16.30 cunha gran festa de inchaables e xogos na que non faltará a festa da escuma, á que se recomenda levar roupa de cambio.

Rematarán a xornada con pasacalles dos grupos folclóricos que participarán no Festival Internacional. Continuarán o martes 18 co *Show de Fílo*, a cargo de Troula Animación.

Finalmente, o mércores 19 porán fin á programación das Festas do Carme co programa *A feira das Linguas* de Bolboreta.

Non faltan algunhas competicións deportivas que organizan os clubs locais en distintas especialidades

CINE

De estrea, ao aire libre



Este ano a programación das festas do Carme contará con dúas sesións de cine ao aire libre de temática para todos os públicos. Ambas películas proxectaranse no patio do



colexio de Santa María. Así, o mércores 19 poderá verse *Valentina*, ás 22.00 horas. Con ese mesmo horario proxectaranse o xoves 30 outro gran éxito, *Space Jam 2*.

PARA A MOCIDADE

Unha romaría especial

A carballeira de Dona Rita acolle o fin das festas, que como non podía ser doutro xeito, rematan por todo o alto.

Na contorna das Fragas do Eume, nun paisaxe de gran beleza, ten lugar esta celebración, que é festa de Interese Turístico Galego. Celebran deste xeito os ponteses o Día de Galicia, ou Día de Santiago. Son dúas xornadas de festa ininterrompida, con parada para o que pode ou quere, para durmir nas cabanas que se constrúen á beira do río.

A Romaría da Fraga comezou a celebrarse a principios do século XX nunha illa do Eume, polo que entón era coñecida como Romaría da Insua. Hoxe a illa xa non existe, e a festa ten lugar no devandito parque da Carballeira de Dona Rita, na entrada da vila.

O programa deste ano comeza co tradicional festival folk a partir das 19.30 horas do día anterior con Nimbos, Caamaño&Ameixeiras, Xosé Lois



Romero&Aliboria, Lamatumbá e A Quinillada. O propio día da romaría, o martes 25 comezará coa misa ás 12.00 horas na Capela do Carme, á que seguirá a sesión vermú con Louband. Pola tarde actuarán os grupos Batukada Latexo e Brassica Rapa na propia carballeira. Rematarán coa verbena do grupo Origen.

CONSIGUE LA CERTIFICACIÓN MÁS DEMANDADA POR LAS EMPRESAS DEL SECTOR DE LA ENERGÍA EÓLICA

GWO BST

TRABAJO EN ALTURA | EXTINCIÓN DE INCENDIOS

PRIMEROS AUXILIOS | MANIPULACIÓN DE CARGAS

Formación **NEWTON**

RUJA MACIÑEIRA PARCELA 32, POLIGONO SETE PONTES 27800 VILLALBA TLF: 982 52 32 38

INFORMACION@NEWTONACADEMIA.ES WWW.CURSOSGWO.COM

GWO CERTIFIED TRAINING PROVIDER | 2021

RUTA

Sendeirismo industrial nas Pontes

Hai deseñada unha ruta con dúas opcións de percorrido para coñecer a parte máis industrial da vila

As Pontes conta cun gran patrimonio natural e cultural pero tamén é un dos focos industriais máis importantes da comunidade autónoma e coa finalidade de dar a coñecer este patrimonio e de recordar a historia da industria mineira nace esta Ruta Industrial. Esta ruta conta con dous percorridos, o primeiro e máis curto ten unha extensión de cinco quilómetros e un total dunha hora camiñando mentres que o itinerario longo suma once quilómetros que se realizan en dúas horas e cuarto aproximadamente e que comparte parte do percorrido co primeiro. O punto de inicio está situado no Punto de Información Turística dende onde poderemos apreciar o lago creado para dar unha solución ambiental ao oco da mina e que na actualidade é un dos máis grandes de Europa e o máis profundo con 205 metros. A mina a ceo aberto foi explotada nas Pontes durante case setenta anos e cesou definitivamente a súa actividade no ano 2007. Dende aquí cruzaremos a estrada e iniciaremos o camiño por unha beirarrúa de cor vermello e tras uns minutos camiñando atoparemos a Central Térmica de Ciclo Combinado que deu comezo á súa actividade no ano 2008. Para a súa construción aproveitáronse as instalacións da antiga central térmica de Encaso e funciona utilizando dous combustibles fósiles, o gas natural que chega a través da planta regasificadora de Mugaros por un gasoduto subterráneo e o gasóleo, reservado só para situacións de emerxencia. A dereita do camiño, neste mesmo punto, pódese observar a antiga maquinaria de máis de corenta metros de altura que se utilizaban para a extracción do carbón. Dende



aquí continuaremos o camiño ata chegar a Central Térmica, unha das máis grandes de Europa e que conta coa cheminea máis alta de 356 metros. Esta central foi construída entre 1972 e 1979 e consiste nunha central térmica convencional que produce electricidade a partir de carbón a través de catro grupos de produción enerxética. Seguiremos o camiño marcado ata atopar o primeiro grupo de vivendas onde teremos que xirar a esquerda para entrar no casco antigo, onde se poden visitar monumentos como a igrexa de Santa María, a Ponte Medieval ou o Muíño de Severiano. Ao final da rúa Real xiramos a esquerda para continuar pola avenida Galicia e tras chegar ao final atoparemos o Poboado das Veigas. Este poboado foi construído en varias etapas entre os anos 1946 e 1962 e conta cun total de 230 vivendas con capacidade para 1500 habitantes. As instalacións proporcionaban aloxamento aos traballadores e reproducían as xerarquías do traballo xa que había grandes diferenzas entre as vivendas dos enxeñeiros e as dos obreiros. Ademais de vivendas este espazo contaba con numerosos servizos como escolas, centros médicos, capela ou instalacións deportivas e de ocio sendo un espazo autosuficiente. Se continuamos por esta rúa chegaremos de novo ao punto de inicio e será o final da ruta curta. Se queremos realizar o trazado longo terémonos que desviar ao

entrar no casco histórico, na Ponte Medieval, tras cruzala desvíamonos na primeira rúa e incorporámonos a unha pasarela de madeira na beira do río Eume. Ao chegar ao final do paseo teremos que subir unhas escaleiras e cruzar a estrada para seguir un camiño de terra ata o muíño e ao rematar o camiño atravesaremos unha ponte para continuar pola marxe dereita do río, deixamos unha ponte sen cruzar e chegaremos a outra pequena de madeira pola que cruzamos e onde a esquerda poderemos observar os poboados do Barreiro e A Fraga. Construídos entre o 1970 e 1976 para cubrir as novas necesidades de aloxamento ante a gran cantidade de persoas que se trasladaron ás Pontes para traballar na mina de carbón e na Central Térmica. Estímase que entre os anos setenta e oitenta foron máis de cinco mil persoas as chegaron para formar parte da vida das Pontes. Continuando o camiño pola beira

do río chegamos ao Muíño Novo de Prieto que é coñecido tamén como a fábrica da luz. Esta construción foi o primeiro centro de subministro eléctrico das Pontes instalando entre o 1906 e 1908 unha pequena central sobre o muíño e no que aínda hoxe se conserva a canle de alimentación de auga, o desaugue e a casa das máquinas. Para rematar teremos que subir unhas escaleiras e percorrer de novo a beirarrúa pintada de vermello que nos levará ata o embalse da Ribeira construído entre 1957 e 1963. Este embalse foi deseñado para regular a canle do río Eume e garantir o caudal de auga ao complexo industrial de Encaso e tamén para evitar as inundacións na vila. Na actualidade este embalse utilízase para realizar deportes náuticos como piragüismo ou vela. Para rematar a ruta longa será necesario volver polo mesmo lugar ata o casco histórico e continuar as indicacións do itinerario curto ata chegar de novo ao punto de inicio.



NOVO MUSEO

Abre o centro de interpretación A Mina

A antiga Casa da Enerxía acolle esta mostra expositiva sobre o pasado mineiro das Pontes

O Concello das Pontes abriu o pasado mes de maio o centro de interpretación A Mina.

Trátase dun espazo posto en marcha coa colaboración da Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume, responsable da elaboración dos contidos expositivos.

Está situado na antiga Casa da Enerxía e alberga unha mostra sobre a historia industrial das Pontes vinculada á mina de lignito pardo e cedida por Endesa.

Así, a través de contidos gráficos, audiovisuais e paneis interpretativos, o público asistente poderá afondar en aspectos relacionados coa formación do xacemento mineiro pontés e as súas características xeolóxicas.

As persoas visitantes tamén se poderán achegar ás primeiras actividades extractivas realizadas na mina das Pontes pola Empresa Nacional Calvo Sotelo (Encaso), na década dos anos 50, e poderán coñecer o día a día do xacemento a través da testemuña dos seus protagonistas.

A continuación, as persoas que visiten o centro de interpretación mergullaranse na década dos anos 70, momento no que o Instituto Nacional de Industria decide reorganizar os seus activos e transfíre o complexo eléctrico mineiro das Pontes á Empresa Nacional de Electricidade Endesa, comezando unha nova etapa da historia industrial do municipio.

A partir de aí o público visitante poderá coñecer en profundidade os 30 anos de historia da mina das Pontes, o proceso extractivo utilizado e descubrir as infraestruturas e os equipamentos empregados na actividade

mineira, as súas características, o proceso de transformación do carbón en electricidade así como a actividade diaria na mina e na central térmica a través da voz dos empregados e empregadas da compañía.

Ocupa un lugar destacado a información relativa aos procesos de rexeneración ambiental levados a cabo tanto no vertedoiro como no oco mineiro a través do que as persoas visitantes poderán obter información sobre as distintas fases de execución e recursos empregados en ambas intervencións de recuperación dos espazos.

OS CONTIDOS

No centro de interpretación A Mina, que nace coa vocación de ser un espazo vivo, con contidos que irán cambiando ao longo do tempo, as persoas visitantes poderán coñecer os fitos máis importantes da historia do complexo eléctrico-mineiro das Pontes, desde o descubrimento de carbón nas Pontes ata o fin da actividade mineira, pasando pola construción da central térmica.

Hai tamén unha sala destinada ás curiosidades, tanto sobre o complexo eléctrico mineiro como sobre a enerxía, con contidos especificamente deseñados para o público infantil co obxectivo de que se acheguen á historia da vila, da industria e da enerxía dunha forma amena e divertida. Ademais o centro de interpretación conta cunha sala multidisciplinar que está pensada para albergar todo tipo de propostas culturais, desde a presentación de revistas, á proxección de



documentais ou conferencias sobre temas relacionados coa industria, a minería ou a enerxía, entre outros.

A Mina conta tamén cun espazo habilitado para acoller exposicións temporais. Será a exposición elaborada pola Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume, coa colaboración do Concello das Pontes e a Deputación da Coruña, sobre o poboado de vivendas industriais de Encaso nas Pontes (o poboado das Veigas) a encargada de abrir o calendario expositivo.

HORARIO DE XULLO

As persoas interesadas en visitar o centro de interpretación A Mina de forma guiada poderán facelo chamando ao teléfono 981 453 116 para fixar día e hora da visita.

Para o resto de visitantes, estará aberto de 18.00 a 20.00 horas de mércores a venres e de 11.00 a 13.00 horas de xoves a sábado. O domingo só se admitirán as visitas guiadas previa cita.



Centro de Estudios ENSINO
Avda. da Habana, 119 - 15320 AS PONTES (A Coruña)
Telf./Fax: 981 44 02 01 - e-mail: info@ensino.es

O LAGO

Unha infraestrutura cada ano máis azul

A zona segue revalorizándose con novos servizos como unha senda, unha randeeira e unha área de autocaravanas

A bandeira azul loce este verán, por terceira vez, no lago das Pontes. Un distintivo que concede a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac) e que recoñece a calidade ambiental do areal pontés. Este distintivo aporta seguridade aos bañistas sobre a calidade da auga e sobre unhas instalacións que ano a ano melloran para seguir a ser o centro da actividade cultural e deportiva durante todo o ano, pero especialmente na época estival.

O Concello continúa a traballar na contorna e pouco a pouco vanse engadindo novos servizos e propostas turísticas.

Unha das últimas instalacións foi unha randeeira de tres prazas situa-

da na parte alta do talude do lago. Dende a súa situación contéplase unha das panorámicas máis impresionantes do concello, xa que dende alí poden verse uns 180 graos panorámicos sobre as augas tranquilas do lago e os montes da zona. Ademais, desde ese punto, pode observarse unha magnífica posta de sol nos días despexados.

Este banco tiña pensado instalarse ao mesmo tempo que as letras co nome da vila pero retrasouse debido ao mal tempo e a que se estaba a buscar o lugar máis apropiado para a súa instalación.

Tamén fixo unha senda de acceso peonil, no espazo verde dentro da zona de servidume do lago, para me-



llorar as condicións de accesibilidade ao areal pontés.

As obras consistiron na execución dunha senda, sobre a cuneta existente, mediante a instalación dunha lousa de formigón e pavimento de plástico reciclado. A recollida das augas realizábase mediante unhas gabias.

Puxo en marcha, así mesmo, unha

área de autocaravanas, localizada na rúa Blanco Amor, que está formada por unha plataforma, cun pavimento similar ao existente, onde se aparcarán as autocaravanas no momento de facer o autoservizo e incluírá novas conducións para o abastecemento de augas, con billas para lavado e para o subministro de auga potable para uso persoal.

¡Aprovecha las OFERTAS de este verano!

SEVERIANO
AGROCOMERCIAL



4.990 €

Cortacésped Outils Wolf A80H2

- Se adapta a todos los terrenos y cortes.
- Transmisión automática hidrostática.
- Apertura y cierre del depósito desde el puesto de conducción. Bolsa de 240 L.
- MOTOR HONDA OHV 7,1 kW/ 9,5 HP



399 €

Hidrolimpiadora Stihl RE130P

- Potente hidrolimpiadora para el jardín.
- Cómodo manejo gracias al largo sistema de pulverizado.
- Tambor de la manguera en la carcasa para un almacenamiento práctico.



4.890 €

Cortacésped Outils Wolf A80B2

- Se adapta a todos los terrenos y cortes.
- Transmisión automática hidrostática.
- Apertura y cierre del depósito desde el puesto de conducción. Bolsa de 240 L.
- MOTOR B&S INTEK 8,5 kW/ 11,5 CV



199 €

Motosierra MS170 30R

- Práctica motosierra de gasolina para cortar leña.
- Máquina básica para particulares y profesionales.
- Manejo sencillo gracias al interruptor de arranque.

Oferta válida hasta fin de existencias. IVA incluido en el precio.



Visita nuestra web:
www.severianoagrocomercial.com



Severiano Agrocomercial Vilaíba
Rúa Campo de Puento, 110, 27800 Vilaíba, Lugo
982 51 14 78



Severiano Agrocomercial As Pontes
Rúa da Balsa, s/n, 15320 As Pontes, A Coruña
981 45 31 07